



**Observatorio Galego
de Dinamización Demográfica**

**Informe sobre a situación
demográfica de Galicia**

Colección informes



XUNTA
DE GALICIA

Informe sobre a situación demográfica de Galicia.

Elabora:

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

Edita:

Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

© da edición, Xunta de Galicia. 2023.

© do texto, Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. 2023.

Santiago de Compostela, 2023.

<https://libraria.xunta.gal>



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Maquetación: alamces

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

Informe sobre a situación demográfica de Galicia

Coordinadora:

María Xosé Rodríguez Galdo

Equipo de Coordinación

María Xosé Rodríguez Galdo, María Cadaval Sampedro, Ana Belén Vázquez Eibes, Luis Domínguez Castro, Andrés Núñez González.

Secretaría:

Manuel Martínez Varela, Alberto Vázquez Sanmartín



Índice

Presentación.....	9
Capítulo 1. Achea ás dinámicas demográficas en Galicia. Os cambios no modelo reprodutivo.....	13
Capítulo 2. Poboación e territorio.....	21
Capítulo 3. Elementos para unha análise das principais variables demográficas. Mortalidade, fecundidade e migracións en Galicia.....	39
Capítulo 4. As variacións na estrutura de idades.....	81
Capítulo 5. Familia e fogares en Galicia.....	113
Capítulo 6. Formación e innovación. A súa implicación nas dinámicas demográficas.....	133
Capítulo 7. Benestar, saúde e cohesión social.....	169
Análise Dafo-Came.....	233
Anexos.....	247



Presentación

A realización deste *informe*, que foi elaborado polo Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, aspira a dar cumprimento ao novo cometido que o artigo 9 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia lle asigna ao Observatorio, como é a realización dun *informe anual* sobre a situación demográfica de Galicia.

Consonte coa misión deste observatorio téntase achegar unha resposta á preocupación polas dinámicas demográficas non só dos xestores públicos e privados senón tamén dun cada vez máis amplo sector da cidadanía galega. Quérese avanzar na interpretación e no alcance dos comportamentos demográficos, evitando as visións curtopracistas que se refugan no texto lexislativo ao apuntar na súa exposición de motivos: “*É necesario un compromiso estratéxico que permita establecer medidas estables a medio e longo prazo. A presente Lei de impulso demográfico de Galicia ten como obxectivo servir de marco e orientación das accións en materia demográfica, que deben transcender o ámbito político temporal e ser planificadas considerando os seus efectos a medio e longo prazo e acadando un consenso sociopolítico co obxecto de establecer un marco regulador que dea amparo a políticas estables*”.

Un informe das características do aquí presentado nútrese en boa medida das fontes de datos e indicadores elaborados polo IGE (Instituto Galego de Estatística) e polo INE (Instituto Nacional de Estadística), e tamén da recompilación das distintas series elaboradas por consellerías e organismos da Xunta de Galicia e por entidades provinciais e locais así como por diversos organismos ministeriais do Goberno de España. Da súa utilización e da inclusión puntual dalgunha outra fonte de datos como Eurostat dáse conta nas distintas epígrafes.

Diciase no informe *Galicia, perspectivas demográficas* (2018) e repetimos agora, que “as cifras estatísticas son datos obxectivos, indiscutibles cando a calidade da fonte é excelente”. Mais cómpre engadir a vella teima, como xa se recollía no devandito texto, de que a forma na que se definen os indicadores e a análise destes é susceptible de múltiples interpretacións. Cando ademais se pretende, como neste caso, elaborar un documento que ofrezca un marco axeitado para a posterior discusión e elaboración de políticas que dean resposta aos retos da situación actual, contribuíndo así á mellora da gobernanza, convértese nun deber cuestionármonos, así mesmo, os tópicos e as rutinas académicas ou sociais, tan presentes nos estudos de poboación, como denunciara xa hai ben anos Amando de Miguel no seu libro *Diez errores sobre la población española* (1994)¹. E continúaase a denunciar na actualidade¹.

¹ Do que é un bo exemplo o prólogo de Andreu Domingo ao seu libro titulado *Demografía y Posverdad*. Estereotipos, distorsiones y falsedades sobre la evolución de la población (2018), así como os artigos dos diversos autores incluídos nel. Vólvese sobre o tema no seguinte capítulo.

Enfrontar o reto da xestión do cambio demográfico esixe botar man de modelos demográficos que expliquen os cambios dos tempos actuais, indo máis alá da mera descrición, nun momento dado, do comportamento das variables vitais, para poder penetrar no que constitúe o obxectivo central da análise demográfica: a explicación dun sistema demográfico que se mantén e evoluciona no tempo, que se autorreproduce, e que esixe non limitar o sistema reprodutivo humano a unha mera cuestión de nacementos subordinando, cando non excluindo, unha compoñente fundamental como é o tempo de vida².

A atención prestada á interpretación das actuais dinámicas poboacionais desde a perspectiva da análise demográfica é un feito relativamente novo³. Foi cobrando forza segundo se ía asentando a conciencia de que a evolución da poboación, e da base socioeconómica, ambas fortemente interrelacionadas, estaba a condicionar no presente e no inmediato futuro o benestar do conxunto da poboación. A irrupción posterior da pandemia de Covid-19 deu novo pulo ao interese polos estudos de demografía, xa que a crise sociosanitaria, como se enfatizaba no informe (de xaneiro de 2021) elaborado por este observatorio a instancias do Parlamento de Galicia, estaba a contribuír a incrementar a nosa percepción de que vivimos nunha comunidade interdependente e que a dinámica poboacional, a nivel global, interactúa con practicamente todas as dimensións presentes na discusión pública en torno á pandemia.

Non sorprende así, dadas as súas implicacións sociosanitarias, que os debates científicos do momento tiveran un dos seus epicentros no campo da demografía, situada como está na intersección entre o biolóxico e o social. As interaccións entre o cambio demográfico e a pandemia de Covid-19 abordouse decontado desde instancias políticas, do que resulta un bo exemplo o Informe da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre os efectos do cambio demográfico (Bruxelas, 17.6.2020).

No devandito informe comunitario recóllese textualmente: “a situación (vívida coa pandemia) puxo de relevo a importancia de comprender e abordar os efectos do cambio demográfico na nosa sociedade. Este labor terá que terse en conta á hora de emprender a recuperación de Europa e de extraer as leccións pertinentes, xa sexa, entre outros moitos aspectos, na dimensión social e económica ou na saúde e nos coidados de longa duración⁴. Nas últimas semanas e meses, o vínculo entre estruturas demográficas, por unha banda, e efectos da crise e potencial de recuperación, por outro, quedou patente de maneira moi acusada e a miúdo dolorosa”⁵.

O cambio demográfico converteuse nun dos principais temas da axenda política dos países desenvolvidos. Neste senso, distintas instancias da Unión Europea levan anos alertando da súa importancia e das súas repercusións para a sociedade, polo que veñen chamando aos Estados e rexións europeas a dar unha resposta urxente ás novas demandas e necesidades, que abranxa tamén os aspectos da Axenda 2030 das Nacións Unidas⁶.

Nun contexto como o actual de disruptivas transformacións, onde a incerteza da evolución da realidade socioeconómica é alta, cómpre repensarmos en que medida as dinámicas galegas poden analizarse -como aconteceu tantas veces cun ton alarmista⁷ alentado por proxeccións da poboación a moi longo prazo-,

2 Decatémonos de que o tempo de vida das persoas é o que constitúe o cerne da demografía. Un tempo que discorre en torno ao momento en que se suceden dous acontecementos elementais na vida humana, o nacemento e a morte e o momento histórico en que se producen.

3 Como se veu reflectindo tamén en ámbitos académicos.

4 O subliñado do texto é noso. En castelán no orixinal.

5 En castelán no orixinal.

6 A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, “Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible”, adoptada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 25 de setembro de 2015 é un plan de acción con 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS, en posteriores citas) e 169 metas que conxugan as dimensións económica, social e ambiental do desenvolvemento sostible.

Unha das principais novidades do documento aprobado consiste en recoñecer a necesidade de integrar de forma sistemática a perspectiva de xénero na Axenda 2030 que, ao fin, se incorpora no punto 20 da Declaración considerándoa crucial de cara á súa implementación, logo de afirmar o dereito das mulleres á participación política e á igualdade de oportunidades no liderado e na adopción de decisións a todos os niveis, como un prius ineludible para acadar o desenvolvemento sostible. Porén na conformación da Axenda 2030 e do seu marco común de indicadores quedaron aspectos pendentes desta visión transversal.

7 Desde os ámbitos científicos e académicos que estudan as dinámicas poboacionais, teimase en que as alarmas desatadas tan

á marxe dos cambios globais e sen ter en conta as esixencias conceptuais e metodolóxicas da propia análise demográfica. Precísase, si, avanzar na prospectiva pero atendendo a que os ritmos da demografía non son os da economía. Se no eido da economía a adopción de medidas a curto e medio prazo, e unha acaída planificación, poden mostrar resultados satisfactorios na medida en que permiten evitar ou acadar determinados resultados, na evolución demográfica, polo contrario, o peso da inercia das súas principais variables, faina menos permeable a acción de políticas tendentes a reorientala no curto prazo.

Fronte ao peso desa certa inercia cómpre adoptarmos, como xa se contempla no decreto de creación deste *Observatorio* e se enfatiza nos dous Informes anteriores elaborados no seu seno, unha visión sistémica e dinámica, única perspectiva que dota aos cambios demográficos de sentido. Precísase dunha visión superadora daquela concepción estreita que reduce o réxime demográfico á súa expresión meramente cuantitativa, asumindo que os aspectos cualitativos son tamén intrínsecos aos estudos de poboación e non cabe pensalos como externos á mesma.

O anterior lévanos a admitir que a análise dos comportamentos humanos esixe asumir o reto da súa complexidade. De aí que os estudos de poboación se orienten hoxe en maior medida a explicitar as interdependencias entre produción, reprodución e marco institucional pois todo o que incida sobre a organización social faino tamén sobre as variables demográficas, e a súa vez, todo o que afecta á dinámica e a estrutura da poboación influirá sobre a organización e a situación da reprodución social. Aspectos que constitúen o cerne do “metabolismo demográfico”⁸.

Despois desta necesariamente breve Presentación, o Informe estrutúrase en sete capítulos que abordan, en primeiro lugar, as dinámicas demográficas que nos envolven, poñendo especial énfase na significación dos cambios no modelo reprodutivo. A análise da problemática inserida no tema de “poboación e territorio” ocupa o capítulo dous. As variables demográficas máis acaídas (mortalidade, fecundidade e migracións) analízanse no capítulo tres. As “variacións na estrutura de idades” do capítulo catro reserva, como era obrigado de seu, un apartado ao estudo detido da xuventude e outro ao tema de lonxevidade e envellecemento. Dedicamos os capítulos cinco, seis e sete a análise de “familia e fogares”, ao estudo da súa implicación nas dinámicas demográficas dos temas de “formación e innovación” e, por último, presentamos un tema, que necesariamente mantén múltiples referencias co que se foi analizando en anteriores capítulos, como é o de “benestar, saúde e cohesión social”.

A presentación dos indicadores que, de maneira especial, estivo a cargo, se ben con distinta implicación de entre eles, dos sete grupos de traballo, e, por outra parte, a análise e interpretación dos mesmos indicadores aconsellaron a anterior división en capítulos. Porén, buscamos que esta estruturación do Informe non se traducira nunha perda da necesaria visibilidade das interdependencias entre produción, reprodución e marco institucional e, sobre todo, das interdependencias entre as distintas variables demográficas.

Como punto final considerouse de interese a elaboración dun informe DAFO seguindo, dalgunha maneira, a experiencia recollida nos dous anteriores informes destas características elaborados por este *Observatorio Galego de Dinamización Demográfica* e hoxe de fácil consulta na páxina web do mesmo.

só teñen explicación na deficiente comprensión dos cambios poboacionais. Unhas mudas profusamente analizadas por cinco equipos de traballo no Informe Galicia, perspectivas demográficas (2018) do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

8 A perspectiva do “metabolismo demográfico” (concepto tomado da bioloxía e da fisioloxía), desde a súa primeira formulación por N. Ryder (“The cohort as a concept in the study of social change”, en *American Sociological Review*, 6, 1964), fíxase no proceso de renovación ou substitución a través de incrementos e decrementos polos que unha poboación vai sendo modificada ao longo do tempo no seu tamaño e estrutura. Unha perspectiva de análise que facilita illar o que é o resultado directo de movementos e inercias demográficas provocadas por mecanismos ou forzas derivadas da propia estrutura e volume da poboación, antes que asignar os cambios a determinantes doutra natureza. Profundando nesta liña de “metabolismo demográfico” hoxe salientase o factor estratéxico que representa a educación. No recente Proxecto europeo FUTURESOC (Forecasting Societies Adaptive Capacities to Climate Change) sinalase o valor exponencial da educación para a demografía, a economía e a consecución de sociedades máis igualitarias. Cómpre insistir en que o obxectivo central do proxecto – como se sinala textualmente- o constitúe a produción dunha síntese integral do estado de coñecemento sobre os impulsores da futura fecundidade, mortalidade, migración e educación e a súa tradución en proxeccións de escenarios por idade, sexo e nivel de educación para todos os países do mundo ata 2100.

Capítulo 1

Achega ás dinámicas demográficas en Galicia desde a perspectiva da análise dos cambios no modelo reprodutivo

Os indicadores demográficos son un elemento de análise imprescindible na estimación dos principais retos que enfrenta, desde unha óptica poboacional, a sociedade galega; desafíos que, claro está, non son distintos aos da española no seu conxunto. Estase a falar de mudas na estrutura de idades, do novo modelo reprodutivo, das dinámicas familiares, da saúde, da educación, da mobilidade ou, sen facer agora unha enumeración exhaustiva, dos cambios nos asentamentos poboacionais.

Como sabemos, o carácter transversal da demografía, entendida como a disciplina que estuda os fenómenos que condicionan a dinámica e evolución das poboacións, leva de seu a ter moi en conta as interaccións entre as dinámicas demográficas, económicas e sociais. A demografía encargase, como así mesmo sabemos, de comprender como, cando e por que se producen os principais acontecementos vitais: o nacemento, a reprodución e a morte e cales son os seus efectos agregados, poñendo especial énfase na necesidade de empregar enfoques lonxitudinais. E ao tempo, enténdese que a dinámica da poboación é, na práctica, inseparable do contexto sociocultural no que se produce, dado que as normas e valores sociais condicionan os comportamentos colectivos que subxacen a fenómenos demográficos como a fecundidade ou a mortalidade. Decatémonos que igualmente a estrutura social e económica condiciona á probabilidade de ocorrer e o momento en que se experimentan acontecementos como ter descendencia, migrar ou ter unha morte prematura.

En Galicia, como nas demais sociedades da nosa contorna, producíronse nos últimos anos unha serie de mudanzas, intrínsecas ao que se coñece como cambio demográfico, que se reflicten na estrutura e dinámicas demográficas e implican, de seu, importantes consecuencias desde o punto de vista persoal, da sociedade, da economía, da política ou do medio ambiente. Cambios que reclaman actuacións e medidas tamén de impacto, se se pretende manter os niveis de benestar e de calidade de vida da poboación a medio e longo prazo. A este respecto cómpre acudir unha vez máis o sinalado no *Informe da UE* (xuño 2020) antes citado: “a adecuación do comportamento, as innovacións tecnolóxicas e os cambios das políticas e institucións teñen un potencial considerable para neutralizar as consecuencias negativas e facer realidade as promisorias oportunidades que se abren, pero a súa implementación esixirá- teimase no devandito Informe- recursos financeiros e un firme liderado nacional e mundial. É improbable que os peores temores asociados co rápido crecemento e o envellecemento das poboacións se materialicen, pero requírese un gran labor de análise, debate, adaptación do comportamento e reforma das políticas -na esfera tanto pública como privada- antes de poder afirmalo con certeza”⁹.

A doada comprensión destes cambios aconsella situar primeiramente a dinámica demográfica galega nun contexto espacial máis amplo, como o español e o europeo, atendendo igualmente a como se insire en dinámicas mundiais. Pensemos asemade que falar de poboación en Galicia -inserida plenamente a nosa Comunidade nas dinámicas que se prolongan máis alá das que afectan ao conxunto de España, como sinalabamos- e que, coas súas especificidades, ten proxección no espazo europeo, fai obrigada a mención á importancia e ás implicacións de pensar neste tema desde Galicia e para Galicia, de xeito que se comprendan e se aproveiten as dinámicas dos cambios que se están a vivir.

9 En castelán no orixinal

Decatémonos primeiramente de que desde hai máis dun século e medio a lonxevidade humana está a aumentar a un ritmo de tres meses cada ano. Unha evolución tan extraordinariamente continuada, que precisou dunha notable extensión temporal, produciu, e segue a producir, unha profunda transformación no sistema reprodutivo humano.

É ben sabido que a especie humana mantivera en decenas de miles de anos unha esperanza de vida ao nacer de entre 30 e 40 anos, explicable, en gran medida, pola alta mortalidade infantil e xuvenil. Podéndose dicir, en concisa expresión do historiador F. Braudel que “o que a vida achegaba enseguida a morte o levaba”. Ou con outras verbas, nunha parte moi substantiva os nacementos estaban abocados a unha desaparición temperá. Esta elevada mortalidade facía necesaria unha alta fecundidade para poder garantir a substitución das poboacións adultas e, xa que logo, a reprodución da especie.

Compréndese así que o aumento da esperanza de vida nas proporcións sinaladas, e que veremos polo miúdo para Galicia, alterara en profundidade este escenario. Este proceso secular de alteracións tan profundas é o que se coñece como transición demográfica (a primeira transición demográfica) ou, para algúns autores, como revolución demográfica. Reparemos en que se está a contemplar un proceso de máis dun século, máis do tempo que separa en Galicia (se ben se trata dun fenómeno que, con distintos ritmos, se reproduce a escala mundial) unha esperanza de vida de 40,9 anos en 1900, cunhas taxas brutas de natalidade en torno ao 30 por mil a acadar, en 2022 segundo as últimas estimacións do IGE (datos provisionais publicados o 13 de xaneiro de 2023), unha esperanza de vida que supera amplamente os oitenta anos, 83,43 de media para ambos sexos (cunha notable diferenza á alza no caso das mulleres: 86,4 nas mulleres e 80,4 nos homes) e unha fecundidade de 1,01.

Lembremos que no longo proceso da primeira transición demográfica en Galicia as dinámicas de mortalidade e natalidade non gardan a separación característica doutras poboacións (pero non tanto da española no seu conxunto); o que provocou unha contención do crecemento vexetativo, explicable ademais en gran medida polo peso na estrutura de idades dos estruturais fluxos migratorios¹⁰.

A modo de sinxelo resume temos que a inicios do século XX Galicia atopábase en pleno proceso transicional: a curva da mortalidade distanciárase da de natalidade (cunha redución da primeira nun 25 por mil). Tendencia descendente da mortalidade que se continua ata os anos sesenta do pasado século (coas únicas excepcións debidas a mortalidades catastróficas no período da gripe de 1918 e nos anos da Guerra Civil). Cómpre salientar neste proceso de descenso da mortalidade, que se estende ata a actualidade, que á importante e progresiva redución da mortalidade infantil (ata niveis moi baixos) e despois da mortalidade adulta, engádese o feito máis recente de que a supervivencia segue a aumentar en idades cada vez máis avanzadas.

Entendese facilmente que tras século e medio de diminución da mortalidade a todas as idades e con esperanzas de vida que superan os 80 anos, as xeracións galegas foran adaptando, ao igual que noutras sociedades da nosa contorna, o seu esforzo reprodutivo a un escenario de alta supervivencia. Hoxe en día, o aumento do tempo de vida e a superposición de xeracións (pola sinalada diminución da mortalidade tamén nas idades adultas) xogan o papel que hai un século desempeñaba a alta natalidade no noso sistema reprodutivo.

En Galicia, como no conxunto de España, o retroceso da mortalidade (das mortes evitables) -aínda tratándose dun proceso secular- debuxa nos últimos tempos unha forte aceleración, o que se traduce nunha prolongación da vida ata límites insospeitados hai poucas décadas¹¹.

Situar no centro os logros e éxitos que significa ter acadado, como comunidade os actuais niveis de supervivencia non nos fai esquecer que unha sociedade lonxeva, como a nosa, que -cómpre insistir- conseguiu reducir ao mínimo os anos de maior capacidade produtiva perdidos por mortalidade, non

10 Ao que cabe sumar que o baby boom foi máis modesto en Galicia como se mostraba en *Galicia, perspectivas demográficas* (2018). En España son os nacementos habidos entre 1958 e 1977. En Galicia o marco temporal superior sitúase en 1975.

11 Proceso que a irrupción da covid 19 contivo lixeiramente. Por outra parte, non debe deixarse de considerar que parece previsible que a esperanza de vida se ralente nos vindeiros trinta ou corenta anos debido a diminución radical da mortalidade infantil e xuvenil e polas limitacións biolóxicas.


enfrente importantes retos, entre os que cabe sinalar a evolución da saúde e a redución das desigualdades na mortalidade e na saúde. Sen esquecer o lugar central que se lle está a asignar á educación e á calidade de vida nos modelos demográficos actuais.

É de salientar que tras máis dun século de cambio as taxas brutas de mortalidade e fecundidade volven situarse en España en magnitudes non moi afastadas das de 1986. Pero iso non é así no caso de Galicia. Nese ano que, pódese dicir, marca a culminación da primeira transición demográfica en Galicia a TBM situábase no 9,63 e a TBN no 9,38, mentres que no 2021 a taxa bruta de mortalidade ascendeu a 12,19 e a taxa bruta de natalidade descendeu a 5,49.

Hoxe Galicia é de seu unha poboación postransicional, inmersa na serie de transformacións características da segunda transición demográfica ligadas, como sabemos, a cambios que teñen unha especial incidencia no sistema reprodutivo, ao incremento da mobilidade e a importantes mudas sociais, económicas e de valores, que entrañan unha crecente diversificación e complexidade nas traxectorias de vida individuais e familiares. Procesos que se están a vivir cunha inusitada rapidez.

Repárenos en que a fin da transición demográfica significa tamén a fin do crecemento vexetativo. Xa non estamos ante poboacións crecentes en ausencia de migracións. Dáse remate así a un período de crecemento poboacional excepcional, aínda que haxa que salientar que ese crecemento foi máis moderado en Galicia como reflicten ben os seguintes datos: 2.073.638 eran os habitantes en 1900; a poboación está en aumento ata inicios dos anos 80 do pasado século (2.800.000), rexistrando discretas variacións despois ata situarse a 1 de xaneiro de 2022 en 2.690.464 habitantes (segundo datos do Padrón Municipal de Habitantes).


Gráfico 1. Evolución saldo vexetativo. Tramos de Poboación. Galicia. 2000-2021



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Padrón municipal de habitantes.


Desde un moi distante xa 1988 en Galicia asístese, como ficou sinalado, ao fin do crecemento vexetativo. Nesta dirección, no informe elaborado polo Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, titulado *Galicia, perspectivas demográficas* (2018), pódese apreciar o papel dos fluxos migratorios exteriores á hora de determinar as variacións no crecemento real da poboación na nosa comunidade autónoma pois, ao igual que está a suceder nas sociedades desenvolvidas, as dinámicas migratorias son o elemento fundamental, ante o cambio de modelo reprodutivo, na explicación do crecemento ou decrecemento da poboación.

Gráfico 2. Saldo vexetativo acumulado. Comarcas. Galicia. 2000-202




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Mapa 1. Saldo Vexetativo por mil habitantes. Comunidades Autónomas. Ano 2021



Fonte: INE

Mapa 2. Saldo Vexetativo por mil habitantes. Provincias. Ano 2021



Os datos estatísticos dispoñibles e o grao de coñecemento logrado sobre a demografía galega permiten realizar unha importante achega ás actuais dinámicas demográficas, coñecer que elementos as determinan, a incidencia de factores que se pensaban alleos ao estudo estático da poboación e mesmo a súa previsible, aínda que incerta, evolución no curto prazo¹².

As profundas alteracións que viñeron afectando aos principais axentes da dinámica da poboación (nacementos e defuncións), como deixamos apuntado, condicionaron tanto a evolución da poboación como a súa estrutura e características básicas. Abundante material empírico¹³ corrobora que os comportamentos de ambas variables están profundamente interrelacionados e que mortalidade e fecundidade se constitúen nos principais determinantes do cambio demográfico que, a súa vez, entraña modificacións de aspectos esenciais da vida social e económica. Algúns destes cambios, se atendemos agora ao incremento da esperanza de vida, resultado da redución da mortalidade en todas as idades, son un éxito absoluto desde o punto de vista persoal e da sociedade.

O estudo da dinámica das poboacións humanas, obxecto principal da análise demográfica, permitiu establecer relacións entre as entradas e as saídas (nacementos e defuncións e así mesmo migracións)¹⁴ e o volume e a estrutura da poboación nun momento dado. Unha perspectiva de análise que, obviamente, preside todo estudo da dinámica da poboación e que imposibilita a interpretación illada de cada unha das súas compoñentes. Precísanse polo tanto modelos demográficos, insistiamos en páxinas anteriores, con capacidade de facer entender e explicar os cambios dos tempos actuais e que terán que ir máis alá da mera descrición, nun momento dado, do comportamento das variables vitais. Precísase avanzar na explicación dun sistema demográfico que se mantén e evoluciona no tempo; unha explicación que non limite o sistema reprodutivo humano a unha mera cuestión de nacementos e na que non se toma en consideración unha compoñente fundamental como é o tempo de vida.

¹² Obviamente ignoramos o comportamento das variables vitais, e máis despois de coñecer a incidencia que tivo e está a ter a pandemia de covid 19, para describir os trazos demográficos da Galicia do 2040 ou 2060, por establecer uns limiares temporais amplos, pese a utilización frecuente de brillantes exercicios de proxeccións de poboación amplamente cuestionados por profesionais do ámbito da demografía.

¹³ Reproducido así mesmo en gran parte en *Galicia, perspectivas demográficas* (2018)

¹⁴ Xa entrañan as migracións saídas ou entradas de efectivos.

Cómpre que reparemos que en calquera especie a mortalidade e a fecundidade están estreitamente relacionadas para asegurar a reprodución da súa poboación¹⁵. No caso da especie humana sabemos que mantivo durante decenas de miles de anos unha esperanza de vida de entre 30 e 40 anos. As altas mortalidades infantís facían necesaria unha alta fecundidade para chegar a garantir a substitución das poboacións adultas e, por tanto, a reprodución da especie. Porén o aumento paulatino pero constante da esperanza de vida veu alterar este escenario e tras século e medio de diminución da mortalidade a todas as idades (e xa non só ás idades infantís e xuvenís) e con esperanzas de vida que superan hoxe amplamente en Galicia os 80 anos, as xeracións adaptaron o seu esforzo reprodutivo a un escenario de alta supervivencia. Na actualidade, o aumento do tempo de vida e a superposición de xeracións desempeñan o rol que hai un século desempeñaba a alta natalidade no noso sistema reprodutivo. Cómpre engadir que se esquece con frecuencia que, a diferenza da reprodución humana, a reprodución das poboacións non é sen máis asimilable á simple procreación.

Obviamente, na reprodución das sociedades -reprodución polo tanto nun sentido demográfico mais non individual- os nacementos xogan un papel fundamental pero tamén igualmente os anos que se viven antes de morrer. Se efectivamente partimos de que o problema da evolución dunha poboación equivale ao da reprodución das xeracións que a compoñen, cómpre repensarmos un termo como o de substitución xeracional, tan frecuente como indebidamente utilizado¹⁶. A teórica taxa de substitución xeracional de 2,1 ven sendo moi cuestionada no ámbito da demografía pero non por iso deixa de ser cada vez máis empregada en medios de comunicación, ámbitos políticos e ata académicos. J. Pérez Díaz critica a “formulación e popularización da mal chamada taxa de substitución, referida ao indicador de fecundidade de 2,1 fillos por muller como o limiar mínimo necesario para a reprodución das xeracións”. En realidade –engade–, “mesmo en ausencia de migracións, os demógrafos sabemos que esa afirmación non é certa, xa que a esperanza de vida ten un papel na reprodución das xeracións e no mantemento do volume dunha poboación, de modo que cunha esperanza de vida crecente, aínda que o índice sintético de fecundidade se sitúe por baixo dese limiar do 2,1, a poboación non ten por que decrecer forzosamente, nin moito menos extinguirse”¹⁷. Máis recentemente, Joaquín Planelles (2019), a propósito do “manido” limiar de 2,1 fillos e/ou fillas por muller, engade a precisión de que “nun contexto de esperanza de vida crecente, e con moi poucas defuncións antes dos 50 anos (idade que se adoita tomar como referencia máxima da vida fértil), unha descendencia de 1,9 fillos por muller levaría aproximadamente aparelado unha substitución do número de anos vividos por cada xeración. É outro concepto, probablemente máis suxestivo, de substitución xeracional”¹⁸.

Cumpría deterse nos apuntamentos anteriores pois constitúen unha invitación ao rigor no emprego de conceptos propios da análise demográfica e, ao tempo, serven para advertirnos da conveniencia de usar con máis prudencia o xa famoso valor do índice de reprodución de 2,1 nacementos por muller en idade fértil.

15 As especies con alta mortalidade teñen tamén unha alta fecundidade que lles permite chegar a reproducir as súas poboacións adultas mentres que as especies con baixa mortalidade teñen suficiente cun menor esforzo reprodutivo para substituír as súas poboacións.

16 Dábase puntual conta en Galicia, perspectivas demográficas do apuntado en 1995 polo demógrafo J. A. Fernández Cordon e que compre engadir de novo agora: “O concepto de substitución das xeracións popularizouse, ata cristalizar hoxe nunha frecuente referencia ao valor da fecundidade que o garante, o valor mítico de 2,1 fillos/filas por muller que se pode atopar ata na prensa cotiá... o uso deste concepto aplicado á fecundidade dun ano, unha medida transversal, é inapropiado aínda que está, desgraciadamente, moi estendido. Pero mesmo aplicado, como se debe, á fecundidade das xeracións, o concepto de substitución non é tan sinxelo como parece”. En castelán no orixinal.

17 En castelán no orixinal. Volve sobre o mesmo tema Andreu Domingo no prólogo ao libro do que é editor titulado *Demografía y Posverdad. Estereotipos, distorsiones y falsedades sobre la evolución de la población* (2018). A. Domingo sinala a este propósito: “Frecuentemente, cando un profesional da demografía intenta explicar a falacia da afirmación sobre a dichosa «taxa de substitución», sen tan sequera cuestionar que se trata dunha operación na que se está creando unha xeración ficticia a partir dos comportamentos a idades de distintas xeracións, e que ese indicador de momento se pode afastar do número final de fillos que teñan as xeracións, políticos, tertulianos e xornalistas —no seu papel de creadores de opinión—, no mellor dos casos, o ignoran mentres que no peor poñen en dúbida o papel de «experto», achacando a discrepancia aos ocultos intereses do demógrafo”.


18 En castelán no orixinal.

Capítulo 2

Poboación e territorio

Un elemento esencial na caracterización demográfica de Galicia é a localización da poboación no territorio. Ao tempo que mantén un elevado grao de fragmentación¹⁹ e dispersión nos seus asentamentos poboacionais convive cun acusado proceso de concentración.


Gráfico 3. Comparativa Nº Entidades Singulares de Poboación por nº de Habitantes.
Total Galicia- Total España. 2005-2021



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

¹⁹ A fragmentación dos asentamentos poboacionais é un dos trazos territoriais máis particulares de Galicia que conta con 3.772 das 4.908 entidades colectivas que hai en España e con máis de 30 mil entidades singulares, preto da metade (48,9%) das entidades singulares que hai en España, e máis da metade dos diseminados españois. O 41,7 por cento destes diseminados atópase na provincia de Lugo e o 31,7 por cento na da Coruña.


Gráfico 4. Total entidades singulares de poboación. Comarcas. Galicia. Ano 2022



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

A dispersión preséntase máis acusada nas áreas próximas á costa e diminúe a medida que avanzamos cara o interior, dando lugar a aparición de dous grandes escenarios, un de zonas con elevada densidade e con poboación dispersa, e o outro de zonas moito menos poboadas nas que a poboación está máis concentrada, cun menor número de núcleos por unidade de superficie.

Gráfico 5. Media habitantes por entidade singular de poboación. Comarcas. Galicia. Ano 2022



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.


Este aumento na concentración da poboación, leve pero continuo no transcorrer das tres últimas décadas, foi debido á emigración, principalmente, cara aos centros comarcais²⁰. Os conseguíntes procesos de despoboamento, por outra parte xa moi visibles nas comarcas do interior do país desde a década dos sesenta do pasado século, afectan hoxe a todos os municipios rurais²¹, en especial aos máis afastados das grandes vías de comunicación²².

20 Teimase, desde a demografía, na desaceleración actual do éxodo rural debido ao “esgotamento biolóxico” do medio de procedencia.

21 Naqueles espazos municipais que se corresponden con áreas cunha densidade de poboación de 12,5 habitantes por quilómetro cadrado ou menos, ou aquelas que perdesen unha media de polo menos o 1 por cento anual de poboación no período de 2007 a 2017 poderían beneficiarse dos supostos contemplados no regulamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) para o período de 2021 a 2027, ao incorporar unha definición que, por primeira vez, analiza o problema demográfico por provincias e municipios ou agrupacións de municipios. E non só analiza a densidade de poboación, senón tamén a perda de habitantes como un factor para ter en conta. É de salientar que a redacción da emenda ao Regulamento do Comité das Rexións (en 2018) débese ao galego Serafín Pazos Vidal.

22 E canto menor é a escala poboacional, maior é o papel das migracións para explicar a súa estrutura de idade, fortemente avellentada.

Gráfico 6. Densidade de poboación. Comarcas. Galicia. Ano 2022



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Os cambios demográficos e económicos ocorridos ao longo da segunda metade do século XX provocaron o tránsito dun modelo de asentamentos rurais centrados na agricultura familiar, de base fundamentalmente orgánica, a outro de predominio urbano. Este proceso levou a unha concentración da poboación nas principais áreas urbanas, sinaladamente no eixo atlántico, na Mariña Lucense, nos concellos interiores de Lugo, Ourense e Santiago e nalgúns vilas repartidas polo territorio²³. As unidades locais²⁴ que teñen máis de 3.000 habitantes (131) concentran o 61 % da poboación galega. Estas cento trinta e unha unidades locais só ocupan o tres por cento do territorio. O IGE publicou a Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 km² que reflicte na seguinte táboa:

Táboa 1. Clasificación das cuadrículas de 1km² en función da poboación. Ano 2021. Número de cuadrículas, poboación e porcentaxe sobre o total

	Número cuadrículas 1km²	% cuadrículas totais	% cuadrículas estudo	Poboación	% poboación total	% poboación estudo
Total	30.776	100	--	2.695.645	100	--
0 habitantes	11.707	38	--	0	0	--
De 1 a 20 habitantes	8.532	27,7	--	83.164	3,1	--
De 21 a 49 habitantes	4.738	15,4	45	154.597	5,7	5,9

23 Monforte de Lemos, Vilalba, O Barco, Xinzo de Limia, Verín, Lalín ...

24 Considerando todas as entidades colectivas (en Galicia, parroquias) e as entidades singulares que non están incluídas en ningunha entidade colectiva (áreas locais).

De 50 a 99 habitantes	2.679	8,7	25,4	185.829	6,9	7,1
De 100 a 499 habitantes	2.405	7,8	22,8	499.433	18,5	19,1
De 500 a 999 habitantes	331	1,1	3,1	227.933	8,5	8,7
De 1.000 a 2.499 habitantes	218	0,7	2,1	347.837	12,9	13,3
De 2.500 a 4.999 habitantes	86	0,3	0,8	305.158	11,3	11,7
De 5.000 a 9.999 habitantes	44	0,1	0,4	301.977	11,2	11,6
De 10.000 ou máis habitantes	36	0,1	0,3	589.717	21,9	22,6

Fonte: IGE. Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1km²

Apunta o IGE a propósito dos datos contidos na anterior táboa que a distribución da poboación de Galicia, segundo unha malla regular formada por cuadrículas de 1km² que cobren todo o territorio de Galicia, mostra que das 30.776 destas celas nas que se divide o territorio galego, 11.787 non contan con poboación en 2020 (o 38,3 por cento das cuadrículas) e 8.406 celas (o 27,3 por cento) teñen menos de 21 habitantes. Polo tanto, o 61,8 por cento das cuadrículas de Galicia teñen poboación²⁵. Lembra o IGE que debido a que o segredo estatístico se fixa en vinte persoas, tan só se pode achegar información das cuadrículas que superen esta cifra de poboación, o que restrinxe a análise a 10.583 celas (o 34 por cento das celas totais) pero están ocupadas polo 97,1 por cento da poboación. O anterior significa que o 91,7 por cento da poboación de Galicia reside no 34,4 por cento do seu territorio, o que supón un alto grao de concentración da poboación no territorio. Esta concentración, nunha porción relativamente reducida do territorio de Galicia, está a deixar unha “pegada ecolóxica”²⁶ que require da orde de 3,7 veces a súa superficie para satisfacer as súas necesidades de produción e consumo.

Táboa 2. Distribución da poboación de Galicia segundo grao de urbanización. Porcentaxes.

	Total	ZDP	ZIP	ZPP
2000	100,00%	35,67%	32,60%	31,72%
2022	100,00%	36,54%	37,18%	26,28%

Fonte: IGE. Panorama rural-urbano

ZDP: Zona densamente poboada; ZIP: Zona intermedia; ZPP: Zona pouco poboada

Hoxe Galicia é fundamentalmente urbana como se desprende da clasificación sobre o grao de urbanización²⁷ proposta polo IGE: máis do 60% da poboación vive en zonas densamente poboadas (ZDP) ou en zonas intermedias pero cun grao de urbanización alto (ZIP alta), ocupando a poboación o 2 por cento da

25 Dato moi superior ao de España que para o ano 2011 se situou no 12,7 por cento e máis próximo ao de Portugal, cun 46,6 por cento para o mesmo ano segundos datos de Eurostat.

26 Indicador sintético de sostenibilidade territorial.


27 O IGE, que no ano 2011 elaborara unha primeira clasificación do grao de urbanización (GU2011), actualizada en xaneiro de 2017 (GU 2016), encadra, aplicando esta metodoloxía, aos concellos galegos en 3 zonas: Zonas Densamente Poboadas (ZDP), aquelas nas que polo menos o 50% da poboación vive en celas contiguas con densidades iguais ou superiores a 1.500 habitantes/km², conformando conglomerados de alta densidade con máis de 50.000 habitantes. Zonas Intermedias (ZIP), aquelas nas que polo menos o 50% da poboación vive en celas contiguas con densidades iguais ou superiores a 300 habitantes/km², conformando conglomerados urbanos con máis de 5.000 habitantes. Zonas Pouco Poboadas (ZPP), que acollen ao resto da poboación. A GU2016 clasifica os concellos en tres zonas e subclasifica a zona ZPP en tres subzonas (alta, intermedia e baixa). A clasificación que utiliza catro subzonas na ZPP é a correspondente ás parroquias de Galicia, non aos concellos.

superficie do territorio galego; mentres que nas zonas cun grao de urbanización que o IGE define como intermedio (ZIP baixa, ZPP alta, ZPP intermedia e ZPP baixa) vive o 26,3 por cento da poboación nun 10,4 por cento da superficie. A zona ZPP superbaixa ocupa o 87,5 por cento da superficie, con menos do 23,7 por cento da poboación.

Lembremos, por outra parte, que Galicia rexistra por primeira vez en 2007 máis poboación en áreas urbanas que rurais²⁸. A Galicia de hoxe preséntasenos desde hai anos xa como unha sociedade fundamentalmente urbana, aínda carecendo como se carece de grandes centros urbanos.

Os nove concellos de maior poboación de Galicia correspóndense con zonas densamente poboadas e intermedias²⁹. As zonas intermedias unen a área densamente poboadada de Ferrol-Narón coa zona da Coruña, ata Carballo. Tamén unen Santiago co sur da provincia de Pontevedra pola costa. Moitas son zonas que non pertencen propiamente a periferias urbanas pero si están baixo a súa influencia pola existencia de importantes vías de comunicación. Nesta zona intermedia tamén se inclúen espazos que se poderían considerar urbanos por ter unha poboación considerable³⁰ ou por presentar unha importante puxanza económica³¹.

Mapa3. Concellos de Galicia segundo o subgrao de urbanización. 2016



Fonte: IGE. Clasificación do grao de urbanización dos concellos (GU 2016)


28 Con referencia ao sinalado predominio urbano compre ter en conta que hoxe en día a definición de espazo rural non se corresponde coa vella división dicotómica que, por unha banda, opoñía mundo rural e mundo urbano e, por outra, asignaba nas áreas rurais un papel central á agricultura. A “desagrarización”, entendida como a perda da centralidade da agricultura nos espazos rurais, levou de seu a unha progresiva desvinculación entre espazos rurais e agrarios. Porén, decatémonos de que se trata de procesos moi desiguais no territorio. Pois estase a falar dun territorio no que conviven vellos procesos de éxodo e despoboamento con outros novos de interconexión amparados na mobilidade, dando lugar a situacións moi dispares.

29 Ferrol, Narón, A Coruña, Santiago, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense.

30 Como A Estrada, Lalín, a costa norte da Ría de Arousa ou a zona de Verín

31 Como Cervo, Burela e Viveiro na Mariña Lucense ou os concellos da zona de Valdeorras.


Gráfico 7. Densidade de poboación. Comarcas. Galicia. Ano 2022



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.


Este aumento na concentración da poboación, continuo no transcorrer das tres últimas décadas, foi debido á emigración cara aos centros comarcais e ao conseguinte abandono dos núcleos máis pequenos. Tendencia á concentración que reflicte ben, como sinalamos máis adiante, a distribución territorial a nivel provincial e municipal dunha variable demográfica como a natalidade.

Gráfico 8. Saldo migratorio acumulado. Comarcas. Galicia. 2000-2021



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 9. Diferencial poboacional. Galicia. Comarcas. 2000-2022



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

O modelo territorial urbano xa non é só metropolitano –dúas de cada tres persoas viven nalgunha área metropolitana de Galicia–, asistíndose a unha crecente desarticulación ambiental derivada do actual modelo de conurbación difusa que xera unha expansión da superficie ocupada por riba do crecemento da poboación. Tendencia que se incrementará nos próximos anos, non só na nosa C.A. se non a escala global.

A Galicia das cidades e dos espazos periurbanos – e habería que incluír tamén a das vilas –evoluciona a unha nova condición onde a distinción entre dentro e fora se dilúe e onde a orde xerárquica característica do vello espazo urbano da paso á heteroxeneidade, á fragmentación e á dispersión³². Un proceso de urbanización, en definitiva, con importantes consecuencias territoriais máis alá dun incremento da poboación, como son o crecemento urbano disperso, a artificialización do solo, os cambios na localización das actividades industriais e terciarias, a modificación dos fluxos de mobilidade ou o desbordamento dos lindeiros municipais.


Verbo do problema da mobilidade cómpre deixar anotado que a dispersión do poboamento e os novos hábitos nun medio rural cada vez máis heteroxéneo son realidades que explican o notable incremento da mobilidade cotiá que por carencias na oferta de transporte público se recorre ao transporte privado. Pensemos que tamén se foron incorporando novos residentes ao medio rural, especialmente nas periferias urbanas, creando espazos uniformes e segregados que alteran a vella cohesión social. De aí que os lugares nos que as persoas viven, traballan e consumen hoxe en día comprenden tanto áreas urbanas como territorios rurais, cada vez máis vinculados económica, demográfica e ambientalmente³³. E cabe esperar que estas interaccións entre áreas urbanas e rurais se acrecenten nun futuro próximo, na medida na que a dixitalización e a implantación do teletraballo faciliten unha maior disociación entre o lugar de residencia e o de traballo.

Os indicadores das DOT (Directrices de Ordenación do territorio) permiten constatar a existencia de amplas zonas de Galicia moi deficitarias nas frecuencias de transporte público, especialmente nas montañas interiores de Lugo, Ourense e Pontevedra, así como ao longo da fronteira da raia seca con Portugal; pero tamén presentes en zonas litorais como o sur da ría de Noia e partes da Costa da Morte e da rexión ártabra. Se comparamos os dous mapas seguintes, obsérvase un importante aumento nas frecuencias nas áreas metropolitanas de Vigo e Pontevedra, ao igual que nas que unen Lugo coa Mariña e no eixo Santiago-Ourense-Verín.

32 Se á altura dos anos 1970 o auxe da urbanización se traducira no importante crecemento das sete cidades principais, nos finais desa mesma década e con máis forza na seguinte danse fenómenos de crecemento periurbano nas inmediacións das urbes o que levará ao predominio do crecemento centrífugo fronte ao crecemento centrípeto dos anos sesenta.

33 Nun momento ademais no que as unidades funcionais no mundo rural sobre pasaron as lindes municipais, atopándose actualmente en proceso de redefinición. Considerase que un municipio pertence a un área urbana funcional se polo menos o 15 por cento da súa poboación ocupada traballa na cidade principal e comparte fronteira con outros municipios da mesma área.


Mapa 4. Viaxes en transporte público, fóra das ATM, entre concellos 2018.



Fonte: Indicadores de seguimento das DOT, 2018

Nesta nova configuración do espazo as vías de comunicación e as infraestruturas adquiren un papel central. Serven, por unha banda, de soporte físico que posibilita a transformación do territorio e por outro alternan o factor tempo e as distancias, reducindo ambos a meros percorridos e provocando unha maior aproximación entre o centro urbano e a periferia. Deste xeito a periferia adquire novas características de accesibilidade. E temas como o da mobilidade -entendida aquí como a nosa capacidade para desprazarnos no espazo xeográfico- cobran unha importancia grande. Pensemos que en Galicia a grande dispersión dos asentamentos de poboación tradicionais, a extensión da cidade difusa e o carácter policéntrico da rede urbana outórganlle un papel clave á mobilidade comarcal e supracomarcal.

Mapa 5. Viaxes en transporte público, fóra das ATM, entre concellos 2020.




Fonte: Indicadores de seguimento das DOT, 2020

Do mesmo xeito, atopase na evolución das tecnoloxías e nos cambios nas formas de producir, de consumir e de comunicarse, o desenvolvemento dunha nova sociedade consumidora de espazos de maiores dimensións, os que, fronte á incapacidade de resposta do centro, atopan localización fora do mesmo, presentando os espazos na periferia maiores posibilidades para as alternancias sociais.

Asístese en Galicia, en definitiva, a unha constante mutación da realidade da organización espacial das áreas urbanas causada pola consecución de procesos de urbanización interrelacionados como a desconcentración do crecemento, a aparición de fenómenos de urbanización difusa e, nas cidades máis importantes, a metropolitanización. Feitos aqueles tamén polos desenvolvementos no ámbito das tecnoloxías que posibilitan unha maior mobilidade da poboación, que xunto coa descentralización da economía resultarán nunha nova condición na que a periferia adquire trazos urbanos, a cal aínda carecendo das características de intensidade, densidade e continuidade da cidade tradicional, reproduce unha gran variedade de funcións e de servizos, que a fan perder o seu carácter subordinado e polos que xorde a denominada cidade difusa en expresión do urbanista italiano F. Indovina.

Para unha máis acaída presentación do reparto da poboación no territorio ímonos servir da división por grao e subgrao de urbanización empregada polo IGE. Anotemos antes que Galicia alcanzou en 2022, como xa ficara sinalado, unha poboación total de 2.690.464 habitantes, en contraste cos 2.731.900 de 2000. Agora ben, neste período, as zonas densamente poboadas (ZDP) e as zonas intermedias (ZIP) medraron, mentres que as zonas pouco poboadas (ZPP) decreceron. A poboación das ZIP experimentou un crecemento do 12,3%, notablemente maior que o alcanzado nas ZDP limitado a un 0,9%. Mentres que no conxunto da zona ZPP diminuíron nun 18,5%, se ben na ZPP alta incrementouse a poboación no período 2000-2022 pasando de 196.931 habitantes no ano 2000 a 203.026 no 2022.

Gráfico 10. Poboación segundo subgrao de urbanización. Galicia.




Fonte: IGE. Panorama rural/urbano

Seguimos nesta presentación, literalmente, a análise que fai o IGE no seu portal rural/urbano: no ano 2022 o 73,7% da poboación galega reside na ZDP (36,5%) e nas dúas subzonas intermedias, ZIP alta (28,6%) e ZIP baixa (8,5%). Con respecto ao ano 2000, a porcentaxe de poboación que acumulan estas tres subzonas incrementouse en 5,4 puntos. Por outra parte a ZPP baixa, que no ano 2022 conta co 14,2% da poboación galega, experimentou con respecto ao ano 2000 unha diminución de 4,8 puntos no peso da súa poboación sobre o total de Galicia.

Segundo o mesmo instituto estatístico, os datos da evolución da poboación nas seis subzonas de urbanización de Galicia no período 2000-2022 reflicten, por un lado, un incremento significativo de poboación da ZIP alta e, por outro lado, unha perda de poboación da ZPP intermedia e baixa. Así, no 2022 a poboación da ZIP alta creceu un 14,9% con respecto á do ano 2000; pola contra a ZPP intermedia diminuíu a súa poboación nun 17,7% e a ZPP baixa nun 26,7%.

Se descendemos na nosa análise ao nivel dos concellos, segundo os datos elaborados pola FEGAMP (2023), e observamos o seu comportamento demográfico para o mesmo período teríamos o seguinte panorama:


Gráfico 11. Nº concellos que aumentaron/diminuíron poboación. Provincias. Galicia. 2000-2022



Elaboración FEGAMP (2023)

O 77,3% dos concellos galegos perderon poboación no que vai de século. Nomeadamente nas provincias de Lugo e Ourense, con porcentaxes que superan, lixeiramente o 90%, en claro contraste coa provincia de Pontevedra, onde os concellos que perden poboación son o 52,4%.


Gráfico 12. Número de concellos que aumentaron/diminuíron habitantes. Tramos de Poboación. Galicia. 2000-2022



Elaboración FEGAMP (2023)

Obsérvase no anterior gráfico que só os concellos de menos de 5.000 habitantes perderon poboación no que vai de século, concretamente o 96,5%, mentres que as outras tres categorías teñen un maior número de concellos que medran sobre os que decrecen, de xeito especialmente notable no caso do tramo entre 20.000 e 50.000 habitantes cun 81,2% de concellos a crecer.

Mapa 6. Crecemento/decrecemento poboación. Concellos. Galicia. 2000-2022



Elaboración FEGAMP (2023)


A densidade de poboación media en Galicia, en 2022, foi de 91 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ao 94,11 de España (datos do primeiro semestre) ou os 109 da UE (2019). En 2002 esas cifras eran para Galicia de 91,2 e para España de 93, en consonancia co diferente comportamento demográfico de ambos territorios, non tanto polo que atinxe ao crecemento vexetativo canto ao saldo migratorio. As ZDP alcanzaron, en 2022, os 986,5 habitantes por quilómetro cadrado, no 3,3% da superficie total de Galicia, fronte aos 226,4 das ZIP, que supoñen o 14,9% do territorio, e aos 30 das ZPP, que abarcan o 81,8% restante. Lugo representa a provincia cos datos de densidade máis baixos nas tres categorías de distribución da poboación segundo o grao de urbanización. Pontevedra, pola contra lidera as cifras máis altas en todas elas.

Táboa 3. Densidade de poboación segundo o grao de urbanización. Información para Galicia e provincias. Ano 2022

	Total	ZDP	ZIP	ZPP
A Coruña	140,9	1.186,0	259,6	48,0
Lugo	32,9	291,8	94,1	16,7
Ourense	41,8	1.204,7	151,4	20,9
Pontevedra	209,8	1.614,0	289,7	54,8
Galicia	91,0	986,5	226,4	30,0

Fonte: IGE. Panorama rural/urbano

Gráfico 13. Densidade de poboación segundo o grao de urbanización. Información para Galicia e provincias. Ano 2022



Fonte: IGE. Panorama rural/urbano


Se facemos unha comparación evolutiva cos datos máis antigos que nos proporciona o panorama rural/urbano do IGE, podemos ver como as ZDP e as ZIP tiveron un incremento estimable, mentres as ZPP viron minxar as súas cifras, coa excepción das ZPP alta, que recollen o 7,7% do territorio pero que son as que máis se aproximan á medida total de Galicia.

Táboa 4. Densidade de poboación segundo o subgrao de urbanización. Galicia

	Total	ZDP	ZIP alta	ZIP baixa	ZPP alta	ZPP intermedia	ZPP baixa
2000	91,2	973,6	244,70	135,4	86,50	55,00	25,9
2020	91	986,5	275,3	142,3	89,5	47,7	20,6

Fonte: IGE. Panorama rural/urbano

Gráfico 14. Densidade de poboación segundo o subgrao de urbanización. Galicia



Fonte: IGE. Panorama rural/urbano

A distribución da poboación por grupos de idade entre as diferentes zonas de Galicia presenta trazos comúns e, ao tempo, outros diferenciados. Así, en todas elas se contraen as cohortes ata os 40 anos e se expanden a partires desa cifra, coa única excepción da lixeira tendencia de incremento que se produce nos menores de 4 anos nas ZIP e que haberá que ver se é episódico ou marca unha tendencia.

Ficou apuntado, e tamén entre outros en anteriores traballos deste Observatorio, que Galicia asiste ao fin do seu crecemento vexetativo desde un moi distante xa 1986. Nesta dirección, en *Galicia, perspectivas demográficas (2018)* pódese apreciar o papel dos fluxos migratorios exteriores á hora de determinar as variacións no crecemento real da poboación na nosa comunidade autónoma pois, como ficou sinalado, ao igual que está a suceder nas sociedades desenvolvidas, as dinámicas migratorias son o elemento fundamental, ante o cambio de modelo reprodutivo, na explicación do crecemento ou decrecemento da poboación. Agora ben, as variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno³⁴ migratorio e de inmigración³⁵ apenas logran compensar, e non sempre, os balances negativos do crecemento vexetativo, así como recobra importancia a emigración. Cómpre ter en conta ademais que tanto a estrutura demográfica de Galicia como o comportamento das variables permanece aínda afectado polos intensos procesos migratorios que minoraron notablemente o crecemento real da poboación³⁶.

No que vai de século, Galicia pasou dunha porcentaxe de poboación estranxeira do 0,9% ao 4,4%. En España do 4% ao 11,6%. A porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia aumenta a medida que aumenta o grao de urbanización, e acada polo tanto na ZDP o seu valor máis alto (5,6% no ano 2022).

Este comportamento repítese ao considerar o indicador a nivel provincial no caso da Coruña e Pontevedra. Lugo e Ourense destacan por unha porcentaxe de poboación estranxeira moi elevada, tanto na ZDP como na ZIP, pero máis elevada nesta última. De feito, estes valores son superiores ás porcentaxes de poboación estranxeira observadas na ZDP das outras provincias.

No período 2000-2022 a porcentaxe de poboación estranxeira incrementouse en todas as subzonas de urbanización. No ano 2022 a ZDP é a subzona na que a incidencia de poboación estranxeira é maior, ao redor do 5,6%. Pola contra, no 2022 en todas as subzonas da ZPP esta porcentaxe sitúase entre o 3,0% e o 3,1%.

34 Cómpre ter en conta que o *Padrón Municipal de Habitantes* non identifica aos inmigrantes; pero si ás persoas que residen habitualmente en cada concello. A partir da comparación de dous padróns consecutivos elaborase a Estatística de Variacións Residenciais que é a que determina en cada ano que movementos migratorios (emigracións e inmigracións) se produciron en cada momento.

35 Recordemos tamén que Galicia fora no 2006 a terceira Comunidade Autónoma (despois de Madrid e Cataluña) que recibiu máis españois procedentes do estranxeiro, co 15,8% do total, mentres que a importancia relativa dos estranxeiros (se adoptamos o criterio de nacionalidade) que chegaran nesa mesma data a Galicia situábase tan só en torno ao 2,1% cuantitativa, do “retorno”.

36 Hai que lembrar que so entre 1951 e 1970 o saldo migratorio evidencia a perda de 466.000 habitantes.

Capítulo 3


Elementos para unha análise das principais variables demográficas. Mortalidade, fecundidade e migracións en Galicia.

Pola natureza dos cambios ata aquí abordados, cabe concluír que a poboación galega considerase postransicional desde hai máis de trinta anos. Algúns destes cambios, se atendemos agora en primeiro lugar ao incremento da esperanza de vida, resultado da redución da mortalidade en todas as idades, son, como se sinalaba con anterioridade, un éxito absoluto desde o punto de vista persoal e social³⁷. No contexto europeo, e verbo deste indicador de esperanza de vida, España e nomeadamente Galicia ocupan posicións relevantes.

Con datos de EUROSTAT do ano 2021, España, cun valor de 83,3 anos³⁸, é o primeiro país da UE 27³⁹ coa maior esperanza de vida. Tamén España ocupa o segundo lugar en canto a esperanza de vida feminina aos 65 anos, unicamente superada por Francia (EUROSTAT, 2021).

No mapa seguinte pódese apreciar a boa posición de Galicia en relación coas restantes CC. AA no referente á esperanza de vida ao nacer para ambos sexos. O valor deste indicador é de 83,4 anos para ambos sexos. Elévase a 86,3 no caso das mulleres, mentres que no caso dos homes é de 80,4 anos.

Mapa 7. Esperanza de vida ao nacer por CC.AA. 2021.




Elaboración: INE

37 Lembremos que a esperanza de vida é unha das tres variables, que xunto coas taxas de educación e a renda per cápita, emprega Nacións Unidas para elaborar o Índice de Desenvolvemento Humano e clasificar aos países en función da súa calidade de vida.

38 A esperanza de vida ao nacer para as mulleres españolas era nese ano 2021 de 86,2 anos e de 80,4 para os homes.

39 A esperanza de vida ao nacer para as mulleres na UE-27 foi en 2021 de 82,9 anos. O diferencial entre homes e mulleres sitúase en 5 anos, con vantaxe para estas últimas.


Gráfico 15. Taxa bruta de mortalidade. Comarcas. Galicia. Ano 2021.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

É de salientar a diverxencia entre a taxa bruta de mortalidade⁴⁰ en Galicia e a taxa estandarizada⁴¹, como se reflicte nos gráficos seguintes elaborados polo IGE a partir do subgrao de urbanización.

Gráfico 16. Taxa bruta de mortalidade. Galicia. Anos 2002 e 2021.




Fonte: Panorama rural/urbano do IGE

⁴⁰ A taxa bruta de Mortalidade, ou a relación entre o número de defuncións dun ano concreto e a poboación media nese mesmo ano, expresa o número de defuncións por cada mil habitantes. Está moi influenciada pola estrutura de idades.

⁴¹ A taxa estandarizada permite unha mellor comprensión dos niveis de mortalidade. A taxa estandarizada de mortalidade representa a mortalidade das distintas zonas de Galicia se tivese a mesma estrutura por idades que o total de Galicia.


Gráfico 17. Taxa estandarizada de mortalidade. Galicia. Anos 2002 e 2021.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE


No ano 2021 en Galicia o conxunto da ZPP aparece moi diferenciada das outras zonas pola súa alta taxa bruta de mortalidade (16,3 defuncións por 1.000 habitantes). Por outra parte, as menores taxas brutas de mortalidade rexístranse no conxunto da ZDP e no conxunto da ZIP, que contan cunha poboación máis nova que o conxunto da ZPP.

Gráfico 18. Evolución defuncións. Provincias. Galicia. 2000-2022.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 19. Evolución defuncións. Tramos de Poboación. Galicia. 2000-2022.



(*) Tramos de Poboación ano 2022
Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Como cabía esperar, ao tenor da súa estrutura de idades, as provincias de Lugo e Ourense (cunha taxa bruta de mortalidade de 15,44 e 15,45 respectivamente) presentan en 2021 taxas brutas de mortalidade máis altas que as da Coruña e Pontevedra (11,86 e 10,46 respectivamente). Ademais, cómpre resaltar os elevados valores que toma o indicador na ZPP das provincias de Lugo e Ourense (19,2 e 19,0 defuncións por 1.000 habitantes, respectivamente).

Por outra parte, é de grande interese observarmos como as taxas estandarizadas de mortalidade, que eliminan o efecto da estrutura por idades, reflicten unha notable diminución das diferenzas na mortalidade entre zonas.

A esperanza de vida ao nacer non presenta diferenzas significativas entre as zonas de urbanización de Galicia e situouse no ano 2020 en torno aos 83,4 anos. No período 2002-2020 a esperanza de vida ao nacer da poboación galega incrementouse en máis de tres anos. Ademais, todas as subzonas de urbanización presentan un comportamento similar nese período.

Por outra parte, cómpre resaltar que a esperanza de vida das mulleres, que no ano 2020 sitúase en 86,3 anos, é superior á dos homes, que se sitúa en torno aos 80,5 anos. Esta diferenza do indicador entre sexos é similar nas distintas subzonas de urbanización.

Táboa 5. Esperanza de vida ao nacer segundo sexo e subgrao de urbanización. Galicia


	2002			2020		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	80,23	76,64	83,74	83,41	80,46	86,29
ZDP	80,39	76,6	83,82	83,52	80,26	86,39
ZIP alta	80,20	76,79	83,51	83,16	80,06	86,26

ZIP baixa	79,52	75,81	83,26	82,86	79,56	86,25
ZPP alta	80,33	76,84	83,81	82,87	79,95	85,86
ZPP intermedia	80,12	75,65	84,78	82,16	78,86	85,65
ZPP baixa	80,64	76,71	84,86	82,68	79,61	86,12

Fonte: IGE. Panorama rural/urbano


Se fixamos agora a atención na evolución da esperanza de vida aos 65 anos apreciase que crece nos últimos anos pero no caso das mulleres faino con menos intensidade que ao nacer. Así, mentres que no ano 2021 a esperanza de vida aos 65 anos era de 19.4 e 23.7 para homes e mulleres respectivamente, no ano 2018 os homes de 65 anos tiñan unha esperanza de vida de 19.1 e as mulleres de 23.4.

Gráfico 20. Ratio de masculinidade á defunción. Ano 2021.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Mapa 8. Ratio de masculinidade á defunción. Comunidades Autónomas . Ano 2021.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Mapa 9. Ratio de masculinidade á defunción. Provincias. Ano 2021.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Os avances na lonxevidade situaron nun plano principal temas como o da esperanza de vida sen limitación. Faise preciso coñecer como van ser eses anos de vida en canto a saúde. Sabemos a este respecto que, ao nacer, os homes teñen unha esperanza de vida sen limitación de 63.2 anos e as mulleres de 63.1, no ano 2019, o que supón case un 80% de anos de vida sen limitación no caso dos varóns e apenas un 72.6% no caso das mulleres. Claramente a diferenza entre homes e mulleres é notable, estando, neste caso, as mulleres máis prexudicadas.

Por outra parte, os datos de esperanza de vida por nivel educativo teñen un notable interese, que vai máis alá do seu importante papel como aproximación á análise das desigualdades sociais. Neste sentido, as diferencias entre os extremos educativos (estudios superiores e estudos primarios ou inferiores) no ano 2020 é maior entre a poboación masculina de 30 anos fronte aos de 65, cunha brecha de en torno aos 4,3 anos. Para as mulleres de 30 anos a brecha é de 2,58 anos. Para os homes de 65 é de 1,4 e de 0.8 para as mulleres.

Se facemos a mesma análise para o ano 2018 observase como as diferencias móstranse no mesmo sentido pero neste ano as brechas son maiores. Así, atopamos como entre os homes con 30 anos entre os extremos educativos hai unha diferenza de 5 anos na esperanza de vida, mentres que nas mulleres quédase en torno os 3 anos (aínda con valores maiores que no ano 2020). Unha situación similar atópase entre a poboación de 65 anos, aínda que menos intensa, quedando neste caso cunha brecha en torno aos 2 anos, pero cunha diferenza de 0.3 anos entre sexos.

Parece previsible que a esperanza de vida se enlenteza nos vindeiros trinta ou corenta anos debido a sinalada diminución radical da mortalidade infantil e xuvenil -enténdese que con taxas tan baixas de mortalidade infanto-xuvenil resulten difícil de repetir as espectaculares ganancias en esperanza de vida da última centuria- e polas limitacións biolóxicas na progresión da lonxevidade. Un tema sometido a ampla discusión no eido científico.


A observación da evolución da mortalidade foi perdendo parte da súa capacidade explicativa á hora de medir a saúde e o benestar da poboación, en parte debido a importancia crecente das enfermidades crónicas, que se estima se están a incrementar por causas directas e sobre todo indirectas relacionadas coa pandemia de covid. Velaí, como sinalabamos que o aumento da esperanza de vida ocorrido nas últimas décadas leve a que o interese non se centre só no aumento dos anos de vida, senón en saber se tal aumento se produce á conta de anos en boa saúde ou, pola contra, á conta dun aumento da morbilidade e a mala saúde.

O outro reto que enfrenta a poboación en termos de mortalidade é o de conseguir reducir as desigualdades sociais ante a morte. Do mesmo xeito que no resto de poboacións, no caso galego existen diferenzas en mortalidade segundo o grupo social de pertenza. Nivel de estudos como víamos pero tamén lugar de residencia, clase social ou ser home ou muller, determinan a cantidade de anos por vivir e a calidade coa que se vivan os mesmos. A publicación recente do *Atlas Nacional de Mortalidade en España (ANDEES) 2021* (realizado a partir de máis de dez millóns de rexistros de mortes entre 1989 e 2014, financiado pola Fundación Fisabio)⁴², revela a forte incidencia da pobreza e escaseza de recursos materiais e formativos na mortalidade. O Atlas mostra moi detallados resultados, por municipio, para Galicia.

Situar no centro os logros e éxitos que como sociedade significa para Galicia ter acadado os actuais niveis de supervivencia non pode levarnos a esquecer que unha sociedade lonxeva, como a galega, que cómpre insistir conseguiu reducir ao mínimo os anos de maior capacidade produtiva perdidos por mortalidade, non enfrente importantes retos, entre os que cómpre salientar a baixa fecundidade, a prolongación da etapa da mocidade, a evolución da saúde e a redución das desigualdades na mortalidade e na saúde.


42 O *Atlas* preséntase como una ferramenta imprescindible para o estudo da mortalidade en España no período 1989-2014. Nel faise especial énfase na distribución espacial e espazo-temporal da mortalidade a nivel nacional, cun nivel de desagregación xeográfica municipal. Estúdanse por separado 102 causas de morte que poden ser contempladas moi polo miúdo.

Gráfico 21. Taxa de mortalidade infantil. Provincias. Galicia. Ano 2021.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Mapa 10. Taxa Bruta de mortalidade infantil Comunidades Autónomas. Ano 2021.



Elaboración propia a partir dos datos do INE.


Mapa 11. Taxa Bruta de mortalidade infantil. Provincias. Ano 2021.



Elaboración propia a partir dos datos do INE.

Para unha análise dos nacementos presentamos en primeiro lugar os datos de taxas brutas deles⁴³. Esta taxa situouse en Galicia no ano 2021 en 5,5 nacementos por 1.000 habitantes, mentres que en 2002 era de 7,2. En España, nas mesmas, datas foi do 7,1 e do 10 respectivamente.


Gráfico 22. Evolución nacementos. Provincias. Galicia. 2000-2021.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.


43 A TBN expresa o número de individuos nados vivos por cada mil habitantes nun espazo xeográfico concreto e nun período dado, normalmente un ano natural. Está moi fortemente influída pola estrutura de idades da poboación.

Gráfico 23. Evolución nacimentos. Tramos de Poboación. Por tamaño dos concellos. Galicia. 2000-2021.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.


Gráfico 24. Taxa Bruta de Natalidade. Comarcas.Galicia. Ano 2021.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

A consideración do indicador segundo o grao de urbanización permite resaltar en primeiro lugar que a ZPP se diferencia das outras dúas zonas pola súa baixa taxa de natalidade (4,4 nacimentos por 1.000 habitantes no ano 2021) e, en segundo lugar, que na ZDP e na ZIP a taxa bruta de natalidade é moi parecida.

Gráfico 25. Taxa bruta de natalidade segundo o subgrao de urbanización. Galicia. Anos 2002 e 2021.




Fonte: Panorama rural/urbano do IGE

No ano 2021 a taxa bruta de natalidade sitúase en valores inferiores aos do 2002 en todas as subzonas. A ZPP baixa, na que o indicador toma o valor de 4,0 nacementos por 1.000 habitantes, é a zona con peor rexistro de taxa bruta de natalidade de Galicia. A ZDP e a ZIP alta e baixa presentan comportamentos similares en termos de taxas de natalidade, con 5,9 a ZDP e a ZIP alta, e 5,6 nacementos por 1.000 habitantes baixa ZIP no ano 2021.

Verbo do número medio de fillos e fillas por muller en idade fértil observase no gráfico seguinte, por subgraos de urbanización, que é lixeiramente máis alto na ZDP e na ZIP que na zona máis rural (ZPP), onde é inferior a 1 en todas as provincias, se ben na gráfica pode observarse que na ZPP alto o indicador do ano 2021 supera o 1. De todos os xeitos, a pesar do mellor comportamento do índice sintético de fecundidade nesas dúas zonas, o seu valor segue a ser moi baixo.


Gráfico 26. Índice sintético de fecundidade segundo o subgrao de urbanización. Galicia.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE


Por provincias, o índice sintético de fecundidade acada o seu valor máis alto na provincia de Coruña e o máis baixo en Ourense. No período 2002-2021 o número medio de fillos/fillas por muller en idade fértil en Galicia pasou de 0,95 a 1,01. Por subzonas o comportamento é similar, se ben hai que resaltar que ningunha delas consegue superar no ano 2021 o valor de 1,1.

Mapa12. Número medio de fillos por muller. Galicia. Concellos Ano 2021.



Fonte: Indicadores demográficos. Número medio de fillos por muller 2021. IGE


Mapa 13. Número medio de fillos por muller. Galicia. Comarcas. Ano 2021.



Fonte: Indicadores demográficos. Número medio de fillos por muller 2021. IGE


Cómpre así mesmo sinalar que nas subzonas máis rurais, ZPP intermedia e baixa, o indicador sintético de fecundidade non logra acadar a cifra de 1, e sitúase no ano 2021 en 0,91 para a ZPP intermedia e 0,89 para a ZPP baixa. No outro extremo atópase a ZIP alta, que cun valor do indicador igual a 1,07 é a que “mellor” rexistro consegue.

Gráfico 27. Taxa bruta de reprodución.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 28. Taxa xeral de fecundidade.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Será así mesmo obrigada a referencia á lenta diminución de mulleres en idade fértil, pois concentrarase no grupo etario de 30-49 anos, de manterse as actuais tendencias demográficas, a perda de poboación. Ao que a súa vez se suma a tendencia sostida á redución da natalidade que acabamos de ver e que choca, como sabemos, co, de momento, reducido número de mulleres que non desexan ter fillos e/ou fillas (que alcanza ao 12,2 por cento entre as mulleres de 18 a 55 anos segundo a última *Encuesta de Fecundidad* do INE).


Na devandita enquisa en torno a metade das mulleres españolas de entre 18 e 55 anos manifestan o seu desexo de ter máis dun fillo ou filla; e a porcentaxe de mulleres que quizerían elevar a súa descendencia a tres situase nun 26,5 por cento. Un bo exemplo do que en demografía e socioloxía se denomina “fecundidade insatisfeita” (Bongaarts, 2003).

Gráfico 29. Porcentaxe de nacementos de nai non casada.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Mapa 14. Porcentaxe de nacementos de nai non casada. Comunidades Autónomas. Ano 2021.



ibidem

Mapa 15. Porcentaxe de nacementos de nai non casada. Provincias. Ano 2021.



A infecundidade non desexada podería considerarse como unha consecuencia, por unha parte, das novas tendencias na organización familiar, que comportan de seu unha erosión do modelo familiar baseado nun único sustentador; e, por outra, a debilidade do apoio institucional ás familias, no caso daquelas con nais traballadoras que están no mercado laboral, nos anos de transición a este novo esquema familiar. Enténdese que neste caso a estratexia de organización do traballo doméstico e de coidados se sustentara no modelo de “dobre sustentador”/axudas familiares, de gran vixencia en países considerados “familistas”, nos que a rede familiar colabora nas tarefas de coidado mentres amboscónxuxes traballan. Unha tendencia que se viu acompañada dunha pluralización no uso dos recursos do coidado, como se aprecia na institucionalización de nenos e nenas a idades de vez en vez máis temperás, e no incremento do emprego no fogar para o coidado doméstico.

Verbo do comportamento da fecundidade en Galicia⁴⁴ deixemos xa sinalada a incidencia que sobre o seu descenso está a ter a prolongación da etapa da mocidade e a súa tardía emancipación do fogar familiar. A enquisa estrutural a fogares do IGE do ano 2021 mostra que a porcentaxe de poboación de 18 a 34 anos que vive cos proxenitores é do 63,10 por cento; no caso dos homes é do 67,71 por cento mentres que nas mulleres é de 58,38 por cento, o que en parte explica tamén o continuo aumento da idade media á maternidade, 33,19 anos en 2021⁴⁵, mentres que no conxunto de España era nese mesmo ano lixeiramente inferior, de 32,6⁴⁶ e na UE-27 de 31,1 anos. A proporción de nacementos de nais de 40 ou máis anos multiplicouse por seis entre 1993 e 2021 en España, ao pasar do 1,8% ao 10,7% do total de nacementos⁴⁷.

44 Non se aborda aquí e agora o caso da infertilidade como enfermidade, porén compre ter en conta que afecta a unha de cada seis persoas no mundo, sendo considerada pola OMS un problema de saúde pública. Segundo datos da Sociedad Española de Fertilidad (SEF) en 2020, coas técnicas máis empregadas de reprodución asistida, un 35,5% dos intentos chegou a parto en mulleres de menos de 35 anos, un 25,3% para as de entre 35 e 39 e un 11,8% cando a muller superaba os 40, unha idade á que cada vez máis parellas queren ter fillos.


45 A oficina estatística da Unión Europea, Eurostat, publicaba no ano 2020 no seu *Anuario Estadístico Rexional* que Galicia destacaba (datos de 2018 e 2019) por ser o territorio con maior porcentaxe de mulleres que son nais con máis de corenta anos. Para Eurostat, “a maior participación feminina na educación superior e tamén unha menor seguridade no traballo e o crecente custe da crianza e da vivenda” son factores explicativos, en 2020, da “crecente proporción de mulleres que quedan embarazadas máis tarde”.

46 Destácase de novo que España é o país da Unión Europea con maior proporción de nacementos de nais de 40 anos cumpridos (datos de Eurostat de 2021). Un moi recente estudo de FUNCAS sinala a España como o país de natalidade cada vez máis tardía.

47 A porcentaxe española duplica aos datos de Francia (5,1%), Alemaña (4,9%) ou Suecia (4,6%).

Galicia, cun 14,4 por cento, é a comunidade con maiores porcentaxes de nacementos de nais de 40 ou mais anos, seguida de Asturias (12,4%), Madrid (12,3%) e Cantabria (12,2%).


Gráfico 30. Idade media á maternidade.



Ibidem


Decatémonos tamén de que a estes datos de tardía emancipación e elevada idade á primeira maternidade súmase o retraso que se está a dar na convivencia coa parella, moi relacionada non só coa tardía entrada no mercado laboral senón principalmente coa estabilización laboral.

Mapa 16. Idade Media Maternidade Galicia. Concellos. Ano 2021.




Fonte: Indicadores demográficos. Idade media maternidade Galicia 2021. IGE

Mapa 17. Idade Media Maternidade Galicia. Comarcas. Ano 2021.




Fonte: Indicadores demográficos. Ideda media maternidade Galicia 2021. IGE

Gráfico 31. Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 32. Idade media á paternidade.



Ibidem

Aos efectos derivados da tardía emancipación da mocidade sobre a fecundidade súmase o impacto da pandemia de Covid-19 sobre a mesma no coñecido contexto de morbilidade e mortalidade da recente crise sanitaria, cando ademais é sobradamente sabida a resposta regresiva da fecundidade aos shocks económicos, ao desemprego e, por outra parte, a influencia grande que se lle asigna, neste comportamento, ao clima de incerteza económica xerada antes pola pandemia e agora polos efectos derivados dos conflitos bélicos en Ucraína.

Non sorprende así que neste contexto se agarde no curto prazo un descenso da fecundidade como xa parecen apuntar os datos que se van coñecendo. De feito as últimas estimacións do INE sobre os nacementos en España en 2022 presentan a cifra máis baixa desde 1941. Un descenso debido por un lado á decrecente fecundidade, que vai baixando lentamente e non remonta, e de maneira moi especial debido tamén ao descenso da poboación en idade fértil (están chegando á idade de ter descendencia xeracións menos numerosas que as anteriores). Lembremos que a idade á primeira maternidade cada vez se retrasa máis. Con todo, apúntase que os efectos da covid sobre a redución do número de nacementos non están a ser tan negativos como o foi na crise desatada en 2008.

A crianza infantil, alicerce da vida familiar, é un dos aspectos que máis están a cambiar. O descenso das taxas de fecundidade podería indicar a nivel xeral, por unha banda, que as mulleres teñen máis voz e poder de decidir se teñen descendencia, canta e cando tela. Pero tamén se sabe, e trátase dun aspecto que se coñece ben para o caso de España e de Galicia en particular, que mulleres e homes teñen menos fillas e/ou fillos do que desexan.


As parellas poden estar a limitar o seu número en resposta a condicións económicas que dificultan a crianza, ou porque, dada a deficiente implementación de servizos de coidados de calidade a longo prazo, tamén teñen parentes de idade avanzada que coidar. É posible así mesmo que as mulleres tomen a decisión de ter menos descendencia porque os homes continúan sen asumir a cota que lles corresponde do traballo doméstico e de coidados non remunerados.

As previsións que se albiscan sitúan no medio-longo prazo unha recuperación parcial da fecundidade, difícil se non se supera a incerteza económica e tamén vital derivada das circunstancias actuais, se ben esa posible recuperación vai estar sempre mediatizada pola estrutura de idades e o maior ou menor retraso na idade das nais ao primeiro nacemento.

Como ficou sinalado, desde o momento no que a fecundidade cae redúcese o número dos nacementos entre nais menores de vinte e cinco anos e aumenta a proporción de nais de entre vinte e cinco e trinta e cinco anos e inclusive máis alá como viamos. O número de nacementos en nais de corenta anos está a aumentar continuamente desde o ano 2000. Así a idade media á primeira maternidade (segundo datos do INE) está a experimentar unha progresiva variación á alza, pasando de 25,70 anos en 1989 a 30,23 anos en 2008 e 31,93 no 2019 que ascende ata o 32,43 en 2021.

Nas últimas décadas a diminución da fecundidade acompañouse en Galicia, como na xeneralidade das áreas desenvolvidas, de importantes cambios que afectan ao papel das mulleres e á familia. Cambios que van ligados á permanencia das mulleres no mercado de traballo, ao seu novo papel na sociedade e á transformación da organización da reprodución demográfica. Coa progresiva, e hoxe xa significativa, presenza das mulleres no mercado laboral e a súa crecente conquista do espazo público, a articulación entre familia e traballo eríxese nunha problemática central, ao descansar tradicionalmente nas mulleres a atención aos coidados familiares, un tema amplamente documentado para Galicia. Cambios que nos países da nosa contorna non están a conducir ao declive “demográfico e económico”, como sosteñen as visións máis pesimistas. E mesmo nun contexto económico difícil como o actual a familia, cunha visión máis aberta do seu modelo, está a ganar peso como sostén fronte ás recurrentes crises que se están a suceder.

Gráfico 33. Taxa bruta de nupcialidade.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Map of Spain showing the distribution of the number of companies per province in the construction sector in 2017. The map is color-coded into four ranges:


- 2,60 - 2,93 (lightest blue)
- 2,94 - 3,09 (medium blue)
- 3,10 - 3,28 (dark blue)
- 3,29 - 5,22 (darkest blue)

Mapa 17. Taxa Bruta de Nupcialidade. Provincias. Ano 2021.




58 Informe sobre a situación demográfica de Galicia

Gráfico34. Taxa bruta de divorcios.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 35. Idade media ao divorcio. Homes.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 36. Idade media ao divorcio. Mulleres.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Mapa 18. Taxa Bruta de Divorcios. Comunidades Autónomas. Ano 2021.




Elaboración propia a partir dos datos do INE.

Mapa 19. Taxa Bruta de Divorcios. Provincias. Ano 2021.




Ibidem

Mapa 20. Idade Media Divorcio. Comunidades. Ano 2021.



Mapa 21. Idade Media Divorcio. Provincias. Ano 2021.




A análise da mobilidade da poboación ocupa un espazo cada vez maior nos estudos das dinámicas poboacionais por constituír hoxe nas sociedades occidentais unha compoñente fundamental do crecemento poboacional. Se fixamos de primeiras a nosa atención no conxunto do mundo occidental, a mobilidade da poboación, con especial atención nos movementos trasfronteirizos, é a principal canle de modificación do tamaño da poboación⁴⁸. Asemade, esta migración contemporánea, nun escenario mundial tan dinámico e complexo, concita moitas inquietudes e tamén leva de seu oportunidades e retos, especialmente no ámbito dos actuais procesos de globalización. Unha migración internacional que adquiriu dinámicas cada vez máis complexas, mantendo algúns trazos e mostrando a emerxencia doutros novos, entre os que se sinalan: a feminización dos fluxos migratorios, que representan, segundo a ONU, o 51 por cento; o desenvolvemento da inmigración infantil; e inmigrantes provenientes do deterioro climático que, sendo xa maioritarios no mundo, continuarán en crescendo.

Trátase, con todo, de migracións que non acadan o volume que se podería deducir da atención que acaparan na actualidade, pois a penas o 3,5 por cento da poboación do mundo vive fora do seu país natal. Agora ben, en Europa e América do Norte vive o 15 por cento da poboación mundial pero máis da metade do grupo de migrantes internacionais do mundo. As persoas que as protagonizan maioritariamente están en idade activa, cunha distribución por sexo xa non tan parella (51 por cento feminina). Subsisten aínda nestes tempos significativas barreiras económicas e institucionais á inmigración que se suman a unha oposición (en distintos grados) tanto social como política que se vive en países de economías avanzadas.

No caso de España, tanto a chegada moi numerosa de estranxeiros, atraídos polo boom do inicio dos anos 2000, como as marchas durante a grave crise económica que se iniciara en 2008, configuraron o perfil dunha gran parte da poboación de orixe inmigrante que reside en España na actualidade. Decatémonos de que a emigración non é sempre unha viaxe só de ida (ensinóunolo ben a nosa historia migratoria, unha emigración cunha marcada vocación de “voltar” a Galicia). De feito, sabemos que as viaxes de volta son frecuentes, e, cada vez máis, tamén para moitos inmigrantes que veñen de países cun menor nivel de desenvolvemento. Sen embargo, os fluxos de saída tenden a ignorarse con frecuencia, en parte pola maior dificultade para recabarmos información certa sobre os mesmos.

Gráfico 37. Evolución emigracións segundo tipo da migración. Galicia.




Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do IGE.

48 Nunha perspectiva española de conxunto pódese así mesmo afirmar que desde o cambio de século os movementos migratorios exteriores convertéronse nunha compoñente fundamental da dinámica demográfica, con importantes repercusións para a vida económica, social e política do país. Sen os aportes poboacionais da inmigración non se explicaría, tendo en consideración os baixos índices de fecundidade en España, o crecemento da poboación española no seu conxunto. Cos datos do Padrón Municipal de habitantes, entre 1996 e 2006 a diferenza de poboación é de 5.039.570. Nese mesmo período o saldo vexetativo acumulado foi de 396.855 persoas, o que indicaría que o crecemento da poboación por saldo migratorio (entradas menos saídas) foi de 4.642.725 persoas.


Ao igual que está a suceder nas sociedades desenvolvidas, as dinámicas migratorias son o elemento fundamental, ante o cambio de modelo reprodutivo, na explicación do crecemento ou decrecemento da poboación tamén en Galicia, como ficou salientado en páxinas anteriores. Xa se destacaba e analizaba en *Galicia, perspectivas demográficas* (2018), o papel dos fluxos migratorios exteriores á hora de determinar as variacións no crecemento real da poboación na nosa comunidade autónoma. Por outra parte, centrar agora a nosa atención nos movementos migratorios exteriores non nos fai esquecer a importancia que continúan a ter os movementos migratorios internos dentro de España e de maneira especial no espazo interno da nosa comunidade como se reflectía no anterior capítulo de poboación e territorio.

Gráfico 38. Evolución emigracións segundo tipo da migración. Provincia A Coruña.




Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do IGE.

Gráfico 39. Evolución emigracións segundo tipo da migración. Provincia Lugo.




Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do IGE.

Gráfico 40. Evolución emigracións segundo tipo da migración. Provincia Ourense.



Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do IGE.


Gráfico 41. Evolución emigracións segundo tipo da migración. Provincia Pontevedra.



Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do IGE.

No caso particular de Galicia hai que retrotraer aos anos oitenta do pasado século, cando está coñecendo a fin do seu crecemento vexetativo, a constatación, de novo, do importante papel da emigración na súa dinámica demográfica, coincidente precisamente co cambio de signo da balanza migratoria.


Gráfico 42. Evolución saldo migratorio interno. Tramos de poboación. Galicia. 2000-2021.



Ibidem


Pensemos que a nosa Comunidade, ata ben entrado o último cuarto do século pasado, podía considerarse un acaído paradigma de “país de emigración”, exterior e interior. Foino por un tempo longo. Convertida a emigración en característica estrutural da súa sociedade, desde un xa apartado século XVIII, aínda hoxe se proxecta a súa pegada na estrutura de idades da poboación principalmente.

Gráfico 43. Evolución saldo migratorio total. Tramos de poboación. Galicia. 2000-2021.



Ibidem


Gráfico 44. Evolución saldo migratorio externo. Tramos de Poboación. Galicia. 2000-2021.



(*) Tramos de Poboación ano 2022
Ibidem

Nas dúas últimas décadas, e de maneira máis acentuada dende 1999, Galicia está a vivir a súa particular transición migratoria. E de país expulsor de man de obra – en xeral, pouco cualificada-, pasou, nun lapso moi breve de tempo, a recibir aportes de poboación procedente do estranxeiro, especialmente poboación retornada e inmigrante, se ben esta última con aportes porcentuais máis reducidos que os relativos á media española nos mesmos anos.


Gráfico 45. Taxa Bruta de emigración/inmigración.



Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do IGE


Pero a pesar de que a inmigración en Galicia é inferior á de outras autonomías españolas, é evidente que no espazo galego se tratou tamén dun feito de natureza crecente e irreversible, que se alimentou, especialmente no caso da inmigración latinoamericana (aínda que non en todos os casos de inmigrantes desta procedencia, pensemos na inmigración ecuatoriana, peruana, colombiana...), pola existencia de sólidas redes migratorias tecidas por familiares de anteriores emigrantes a aquel continente.

Mapa 22. Taxa Bruta de Emigración Interior 2021.




Fonte: IGE

Mapa 23. Taxa Bruta de Emigración Exterior 2021.




Fonte: IGE

Mapa 24. Taxa Bruta de Emigración Total 2021.




Fonte: IGE

Mapa 25. Taxa Bruta de Inmigración Interior 2021.




Fonte: IGE

Mapa 26. Taxa Bruta de Inmigración Exterior 2021.




Fonte: IGE

Mapa 27. Taxa Bruta de Inmigración Total 2021.



Fonte: IGE


Gráfico 46. Saldo migratorio acumulado. Comarcas. Galicia. 2000-2021.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE

A pegada da vella emigración está a representar unha potencialidade na proxección exterior de Galicia e ao mesmo tempo na atracción de poboación “retornada”. Estes retornos son, a miúdo, protagonizados por descendentes (de segunda, terceira e ata coarta xeración) daquelas persoas que partiran de Galicia.


Gráfico 47. Saldo Migratorio total. Idades. Galicia.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Unha valoración do papel a xogar pola inmigración e o retorno na evolución da poboación galega non é fácil. A pesar da aparente solidez das tendencias demográficas (debido á inercia que impón a estrutura por sexo e idade, é dicir, ao peso dos comportamentos do pasado), a perspectiva verbo dos comportamentos poboacionais é difícil. Se atendemos á demografía a perspectiva complícase porque cada vez máis a evolución da poboación se debe, como sinalabamos, á migración, o máis volátil dos fenómenos demográficos (e o sucedido a partir da crise de 2008 e de novo coa pandemia son unha boa mostra).

Mapa 28. Taxa Específica de emigración/inmigración 16-64 anos.



Fonte: IGE


Mapa 29. Taxa específica de inmigración da poboación de 16 a 64 anos.



Fonte: IGE

Na maioría dos países desenvolvidos, con sistemas complexos de reprodución (SCR) o saldo migratorio– o balance entre inmigración e emigración– constitúe o compoñente principal do crecemento, moi por riba do crecemento vexetativo (a diferenza entre restar os nacementos –máis escasos pola baixa fecundidade– e as defuncións –máis numerosas pola propia estrutura envellecida do histograma poboacional).


Gráfico 48. Evolución inmigracións segundo tipo da migración. Galicia.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Agora ben, en Galicia as variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno⁴⁹ migratorio e de inmigración apenas logran compensar, e non sempre, os balances negativos do crecemento vexetativo, ao que hai que engadir o feito de que recobra importancia a emigración⁵⁰. Cómpre ter en conta ademais que tanto a estrutura demográfica de Galicia como o comportamento das variables permanece aínda afectado polos intensos procesos migratorios que minoraron notablemente o crecemento real da poboación⁵¹.

Gráfico 49. Evolución inmigracións segundo tipo da migración. Provincia de A Coruña.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

49 Coas matizacións que se sinalan máis adiante.

50 En España, tras décadas de relativa calma emigratoria, a emigración, tanto a interior en España como a nivel internacional, incrementouse nas comunidades autónomas que tradicionalmente foran expulsoras, como é, claro está, o caso de Galicia. Tras a crise de 2008, a diferenza de etapas anteriores cando as persoas que emigraban estaban escasamente formadas e partían maioritariamente de ámbitos rurais, os fluxos de saída tenden nestes tempos máis recentes a caracterizarse por un elevado nivel de instrución e orixe e formas de vida urbanas (o que deu lugar a súa categorización como “emigración do talento”).


51 Hai que lembrar de novo que so entre 1951 e 1970 o saldo migratorio evidencia a perda de 466.000 habitantes.

Gráfico 50. Evolución inmigracións segundo tipo da migración. Provincia de Lugo.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 51. Evolución inmigracións segundo tipo da migración. Provincia de Ourense.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.


Gráfico 52. Evolución inmigracións segundo tipo da migración. Provincia de Pontevedra.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.


No que vai de século, Galicia pasou dunha porcentaxe de poboación estranxeira do 0,9% ao 4,4%.

Gráfico 53. Evolución porcentaxe de poboación estranxeira Galicia. Total.




Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 54. Poboación de nacionalidade estranxeira segundo sexo (2001-2011-2021).




Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 55. Evolución porcentaxe de poboación estranxeira Galicia. Homes.




Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 56. Evolución porcentaxe de poboación estranxeira Galicia. Mulleres.




Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 57. Poboación de nacionalidade estranxeira grandes grupos de idade(2001-2011-2021).



Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos do IGE.


Mapa 30. Porcentaxe de poboación estranxeira concellos. Galicia 2021.



Fonte: IGE

En España do 4% ao 11,6%. A porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia aumenta a medida que aumenta o grao de urbanización, e acada polo tanto na ZDP o seu valor máis alto (5,6% no ano 2022).

Gráfico 58. Porcentaxe de poboación estranxeira segundo o subgrao de urbanización. Galicia. Anos 2000 e 2022.




Fonte: Panorama rural/urbano do IGE

Este comportamento repítese ao considerar o indicador a nivel provincial no caso da Coruña e Pontevedra. Lugo e Ourense destacan por unha porcentaxe de poboación estranxeira moi elevada, tanto na ZDP como na ZIP, pero máis elevada nesta última. De feito, estes valores son superiores ás porcentaxes de poboación estranxeira observadas na ZDP das outras provincias.

No período 2000-2022 a porcentaxe de poboación estranxeira incrementouse en todas as subzonas de urbanización. No ano 2022 a ZDP é a subzona na que a incidencia de poboación estranxeira é maior, ao redor do 5,6%. Pola contra, no 2022 en todas as subzonas da ZPP esta porcentaxe situase entre o 3,0% e o 3,1%.

Gráfico 59. Saldo migratorio proxectado. Galicia. Provincias.




Fonte: IGE

Nota: o 9 do 2022 a nova proxección que publica o IGE recolle algúns datos diferentes e alonga o horizonte da proxección dous anos máis

Demografía significa esencialmente natalidade, familia e inmigración e, por tanto, modelo de convivencia e posibilidade de gozar de benestar a medio e longo prazo. E para garantir un modelo viable é necesario elaborar un novo pacto xeracional e cultural porque non hai alternativa a unha realidade que é intercultural ou non será. A globalidade está a provocar que os movementos migratorios se diversifiquen e aceleren. Querer cambiar o signo das migracións sen transformar o modelo de crecemento baseado na baixa cualificación constitúe un espellismo perigoso. O reto será saltar a unha economía baseada na innovación á vez que se aplica unha política migratoria proactiva. Incluso en Galicia, en pouco tempo, ter unha soa identidade nacional na familia pode chegar a ser a excepción.


Gráfico 60. Saldo migratorio proxectado por 1.000 Habitantes.



Fonte: IGE

O reto da diversidade en sociedades como a nosa non pode presentarse en termos dicotómicos (favor ou contra) e debe xestionarse como un recurso. Precísase valorar que unha sociedade políglota e con rexistros culturais diversos ten un potencial de capacitación humana que nos pode permitir actuar globalmente nunha economía mundial interconectada, promovendo unha sociedade creativa e innovadora.


Gráfico 61. Distribución Porcentual por grupos de idade dos galegos e galegas residentes no estranxeiro. Galicia.provincias.Ano 2022.



Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos do IGE

Galicia enfróntase ademais, como potencialidade, coa súa forte proxección exterior a través dos centos de milleiros das súas xentes que emigraron en tempos pasados ou máis recentes e cuxas segundas e terceiras xeracións ao poder acceder á nacionalidade española poden optar a consideración de “galegas”. Moitos dos retornos, na súa maioría en idade activa, están protagonizados por esta parte da “Galicia exterior”.

Mapa 31. Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro segundo o municipio de inscrición. Galicia. Comarcas.



Fonte: IGE


Ademais das políticas a favor do retorno de emigrantes, a administración galega enfróntase neste momento á necesidade de artellar políticas de retención (na medida do posible) e captación do talento para facilitar o retorno dunha xeración adulta nova en posesión dun importante capital humano e con motivacións fundamentalmente económicas e de promoción da súa carreira profesional e de investigación, que previamente os levou a desenvolver o seu proxecto profesional no exterior.

Capítulo 4

As variacións na estrutura de idades

De novo, a fin da transición demográfica vai significar tamén o cambio na estrutura por idades da poboación, fenómeno que está a suceder a nivel mundial.

Gráfico 62. Evolución da idade media mundial.



Fonte: Elaboración propia, ONU


Na nosa contorna occidental asistimos a tres tipos de cambios a este respecto: caída da dependencia da franxa de poboación que se sitúa entre 0 e 15 anos; o coeficiente entre este grupo de idade menor de 15 anos e o da poboación considerada “tradicionalmente” activa (entre 15 e 64 anos); cambios na cantidade de adolescentes e persoas adultas mozas (15-30 anos); e a crecente proporción de persoas maiores (65 e máis anos). Entre este grupo de maiores a representación das mulleres é máis elevada, como se reflectía para o caso concreto de Galicia na esperanza de vida diferencial. Sen embargo nacen máis homes que mulleres; exceso que se mantén ata que a maior mortalidade diferencial masculina elimina esa vantaxe inicial, xa moitos anos despois, en torno aos cincuenta anos.

Como as necesidades e capacidades das persoas varían no seu curso de vida, as consecuencias da variación da estrutura etaria poden ser significativas. Na infancia consúmese máis do que se produce e necesítanse moitos recursos para alimentación, vestimenta, vivenda, atención médica e educación. A xente adulta, pola contra, tende a aportar máis do que consume, xa sexa mediante o traballo e/ou o aforro. A contribución neta das persoas maiores sitúase nun punto intermedio (pero con importantes contribucións ao PIB, como se abordaba para Galicia no *Informe Galicia Perspectivas Demográficas* (2018).

A nova estrutura de idades afecta tamén de maneira directa a outros ámbitos sociodemográficos. As formas de convivencia e as estruturas dos fogares (dos que se fai unha ampla análise no *Informe Galicia perspectivas demográficas*, 2018 e se actualiza aquí no seguinte capítulo) son distintas en cada idade, de maneira que a nova estrutura implica así mesmo un maior peso dos fogares característicos da vellez, co que diminúe o seu tamaño medio, aínda que isto último non só cabe atribuílo ao envellecemento da poboación.

Unha sociedade que, para reproducirse ela mesma, produce menos nenas e nenos, porque o conxunto dos nacidos sobreviven durante longas traxectorias de vida é, con toda lóxica, unha poboación con menos infancia e máis persoas de máis idade. Esta transformación cara estruturas etarias máis verticais é coñecida como envellecemento demográfico, debido ao aumento do peso relativo da poboación maior. En 1970 a poboación de 65 e máis anos constituía o 12% da poboación galega, no cambio de século subira a un 20% e en 2021 representaba un 25,76% da mesma.


Gráfico 63. Distribución da poboación por sexo e Idades. Tramos de Poboación. Galicia. Ano 2022.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE

É de interese salientar que os cambios na estrutura de idades poden promover o crecemento económico, ofrecendo o que se coñece como un dividendo demográfico, é dicir un impulso ao ingreso per cápita asociado coa caída da fecundidade, que reduce a carga de dependencia da mocidade, aumenta a proporción da xente en idade de traballar e permite redistribuír os recursos para outros fins: en lugar do sustento da infancia, permite outros investimentos máis rendibles a curto prazo e investir en educación e en investigación e desenvolvemento.


Mapa 32. Distribución por tramos cifras oficiais de poboación. Galicia. Concellos. 1 Xaneiro 2022.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Nota: no mapa non está ben representado o concello de Cerdedo-Cotobade

Mapa 33. Distribución por tramos cifras oficiais de poboación. Galicia. Comarcas. 1 Xaneiro 2022.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 64. Idade media. Comarcas.Galicia. Ano 2022.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Pero decatémonos de que non só as poboacións postransicionais están conformadas por máis persoas de máis idade, se non tamén de máis idades. A prolongación da traxectoria de vida xerou como viamos novas idades, non só ao final da vida. Os nonaxenarios e centenarios son as poboacións que están a rexistrar un maior crecemento na actualidade⁵². En 2002 había en Galicia 23.448 persoas de 90 e máis anos (o 0,9,% da poboación), en 2019 a cifra era de 45.777ás noventa mil (1,7% da poboación total). Son datos relevantes que indican que estamos alcanzando cada vez en maior proporción, como poboación, idades que previamente tan só coñecían algunhas persoas excepcionalmente.


⁵² Os debates acerca da lonxevidade humana repítense cada vez con maior frecuencia achegando os límites teóricos en torno aos 150 anos, que cuestiona o bioxerontólogo estadounidense Richard Faragher nun artigo de ciencia publicado en El País de 2 de xullo de 2021.

Gráfico 65. Poboación menor 16 anos. Comarcas. Galicia. Ano 2022.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 66. Porcentaxe de poboación menor de 16 anos. Comarcas. Galicia. Ano 2022.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 67. Poboación entre 16-64 anos. Comarcas. Galicia. Ano 2022.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 68. Porcentaxe de poboación entre 16 e 64 anos. Comarcas. Galicia. Ano 2022.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Mapa 34. Indicadores de poboación. Porcentaxe de poboación menor de 20 anos. Concellos.



Fonte: IGE


Nota: no mapa non está ben representado o concello de Cerdedo-Cotobade

Mapa 35. Indicadores de poboación. Porcentaxe de poboación menor de 20 anos. Comarcas.




Fonte: IGE

Gráfico 69. Porcentaxe de poboación menor de 20 anos. Galicia. Concellos. Ano 2022.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 70. Poboación de máis 64 anos. Comarcas. Galicia. Ano 2022.




Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 71. Porcentaxe de poboación maior de 64 anos. Comarcas.Galicia. Ano 2022.



Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Mapa 36. Porcentaxe de poboación entre 20-64 anos. Galicia. Concellos. Ano 2022.



Fonte: IGE


Nota: no mapa non está ben representado o concello de Cerdedo-Cotobade ???????

Mapa 37. Porcentaxe de poboación entre 20-64 anos. Galicia. Comarcas. Ano 2022.




Fonte: IGE

Mapa 38. Porcentaxe de poboación de 65 o máis anos. Galicia. Concellos. Ano 2022.



Fonte: IGE

Mapa 39. Porcentaxe de poboación de 65 o máis anos. Galicia. Comarcas. Ano 2022.




Fonte: IGE

A división do curso de vida en tres idades, infancia, adultez e vellez, xa non se corresponde coa realidade das poboacións postransicionais. Fixo a súa aparición a etapa de adolescencia. A mocidade está prolongándose notablemente ata o punto de que se fala xa de mocidade de longa duración⁵³; unha mocidade que lle tocou desenvolver a súa etapa de vida entre dúas crises, con cadansúa prolongación no tempo, a desatada en 2008 e a provocada pola irrupción da Covid-19, oficialmente en marzo de 2020⁵⁴ e que ten a súa prolongación nas consecuencias da crise bélica actual. Convertémonos, xa que logo, en sociedades máis plurais, tamén, dende o punto de vista da estrutura de idades.

53 Segundo datos de Eurostat de 2021 a idade media para irse de casa achégase en España aos trinta anos, tres anos máis que a media europea. Recolle o mesmo organismo estatístico europeo que en España o 64 por cento das persoas de 25 a 29 viven na casa familiar, una cifra que tan só superan Italia, Grecia e algún país balcánico. Son o dobre ou o triple que en Francia (17 por cento), Reino Unido (25 por cento) ou Alemaña (30 por cento) e un contraste absoluto cós nórdicos (5 ou 6 por cento).

54 Nun dos último informes sobre emprego realizado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), anótase, para España, que durante os primeiros catro meses da crise sociosanitaria o paro subiu entre as persoas mozas de 16 a 24 anos en máis de dez puntos, pasando do 31,5 por cento no comezo da pandemia, ata acadar un máximo do 42 por cento. Conclúese no informe da OCDE que a pandemia está a transformar a España no país coa maior taxa de paro xuvenil de toda a OCDE.

Gráfico 72. Distribución da poboación por grupos de idade. Galicia.



Fonte: IGE


A idade media da poboación residente en Galicia, a 1 de xaneiro de 2022, é de 48,01 anos, case tres anos superior á idade media de España no mesmo momento (45,1 anos)⁵⁵. Idade que está a aumentar a un ritmo de 0,2 anos cada período.

Táboa 5. Idade media da poboación o día 1 de xaniero de cada ano.

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2012	45,34	45,02	48,54	48,99	43,31
2022	48,01	47,72	50,35	51,19	46,52

Fonte: IGE.

Gráfico 73. Pirámide de poboación. Galicia 2022.



Elaboración: IGE

⁵⁵ No concello de Ferrol, a 1 de xaneiro de 2022, superanse os 51 anos.

Como acontece coa observación do comportamento das variables demográficas, en Galicia rexístranse importantes variacións por sexo (como xa se pode observar na anterior “pirámide” de poboación) e tamén na súa representación territorial. A distribución no territorio revela, algo xa sobradamente sabido por outra parte, que son as provincias orientais as máis envellecidas mentres que Pontevedra rexistra a menor idade media.


Táboa 6. Idade media da poboación. Ano 2020.

	Total	Homes	Mulleres
UE-27	43,3	41,9	44,7
España	43,6	42,3	44,8
Galicia	47,5	45,8	49
A Coruña	47,2	45,5	48,7
Lugo	50	48,5	51,3
Ourense	50,8	49,2	52,4
Pontevedra	45,9	44,2	47,5

Fonte: Eurostat. INE, Indicadores demográficos básicos. IGE, indicadores demográficos.


As seguintes “pirámides” de poboación, das catro provincias e do total de Galicia, comparten unha base estreita, pola baixa natalidade das últimas décadas; en contraste coa parte central da pirámide que reflicte a alta natalidade das décadas de 1960 e 1970 e tamén polo aumento dos retornos e das inmigracións nos últimos anos de persoas en idade de traballar. Na parte superior as mulleres teñen unha maior representación debido a súa maior esperanza de vida.

Gráfico 74. Pirámide de poboación. Galicia e A Coruña 2022.




Elaboración: IGE

Gráfico 75. Pirámide de poboación. Galicia e Lugo 2022.




Elaboración: IGE

Gráfico 76. Pirámide de poboación. Galicia e Ourense 2022.



Elaboración: IGE

Gráfico 77. Pirámide de poboación. Galicia e Pontevedra 2022.




Elaboración: IGE

Ficou apuntado no anterior capítulo de Poboación e Territorio en que medida a distribución da poboación por grupos de idade, entre as distintas zonas de Galicia presenta, trazos comúns e outros diferenciados. Así, en todas elas se contraen as cohortes ata os 40 anos e se expanden a partires desa cifra, coa única excepción da lixeira tendencia de incremento que se produce nos menores de 4 anos nas ZIP e que haberá que ver se é episódico ou marca unha tendencia.

Nas gráficas seguintes, e con datos obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE), recóllese a distribución por grupos de idade segundo o grao de urbanización así como a evolución do peso da poboación menor de 20 anos no conxunto da poboación galega, e a porcentaxe que representa a de 65 e máis anos. Preséntanse finalmente os índices de velez e os índices de sobreenvellecemento nas últimas catro décadas na nosa Comunidade.


Gráfico 78. Pirámide de poboación. Grao de urbanización ZDP.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE.

O mais representativo das ZDP, no ámbito da distribución por grupos de idade é a certa resiliencia das cohortes ata os 14 anos; as fortes perdas entre os 15 e os 39 e os incrementos a partires desa idade, con especial referencia ao das mulleres de 85 e máis anos. A cohorte máis numerosa, en 2000, estaba integrada polas xentes de 20 a 24 anos; en 2022 esa primacía desprazouse máis de vinte anos ata o tramo 45-49. Non hai diferencias significativas entre homes e mulleres, agás na cohorte de 85 e máis anos.


Gráfico 79. Pirámide de poboación. Grao de urbanización ZIP.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE.

O mais representativo das ZIP, neste mesmo ámbito tamén radica na resiliencia das cohortes ata os 14 anos, se ben é menor que nas ZDP. As perdas volven concentrarse entre os 15 e os 39 e os incrementos a partires desa idade, con especial referencia ao das mulleres de 85 e máis anos. A cohorte máis numerosa, en 2000, estaba integrada polas xentes de 20 a 24 anos, en 2022 esa primacía desprazouse máis de vinte anos ata o tramo 45-49. Non hai diferencias significativas entre homes e mulleres, agás na cohorte de 85 e máis anos.


Gráfico 80. Pirámide de poboación. Grao de urbanización ZPP.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE.

O mais representativo das ZPP, no ámbito da distribución por grupos de idade é o lixeirísimo incremento na cohorte de mulleres entre 0-4 anos, máis rechamante se temos en conta que as perdas destacadas comezan aquí aos 10 anos e alcanzan ata os 39, pero cunha certa desaceleración da última cohorte. Chama a atención tamén que se producen perdas nas cohortes femininas de entre 65-74 anos. Os incrementos a partir dos 40 anos son menos marcados agás no último tramo. A cohorte máis numerosa, en 2000, estaba integrada polos homes e as mulleres de 20 a 24 anos; en 2022 esa primacía desprazouse corenta anos, no caso dos homes, ata os 60-64, e uns vinte no caso das mulleres ata os 85 e máis anos. Hai diferencias significativas entre homes e mulleres.

Gráfico 81. Índice de envelhecimento segundo o subgrao de urbanización. Galicia.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE.

O informe do panorama rural/urbano do IGE sinala que en Galicia, no ano 2022, o índice de envelhecimento situouse en 167,3, o que significa que por cada 100 persoas menores de 20 anos hai 167 de 65 e máis anos. A zona máis envellecida é a ZPP, na que por cada 100 menores de 20 anos hai preto de 281 de 65 e máis anos e, pola contra a ZIP, cun índice de envelhecimento máis próximo a 100, é a zona máis nova de Galicia. As mulleres presentan uns índices de envelhecimento moito máis acusados.

No período 2007-2022 o índice de envelhecimento incrementouse en todas as subzonas de urbanización. Non obstante, a subzona na que máis aumentou foi na ZPP baixa, que constitúe ademais a subzona máis envellecida de Galicia, cunha poboación de 65 e máis anos que é case catro veces a poboación menor de 20 anos no ano 2022.

Por outra parte, cómpre resaltar que a ZIP alta é a única subzona na que o índice de envelhecimento se achega ao valor de 100 e, polo tanto, a única na que a poboación de 65 e máis anos é case a mesma que a poboación menor de 20 anos. En ningunha das subzonas de urbanización o índice de envelhecimento é menor que 100 no ano 2022.


Táboa 7. Poboación por grupos de idade. Ano 2020. Porcentaxes

	Menos de 15 anos	De 15 a 64 anos	Máis de 64 anos
UE-27	15,1	64,3	20,6
España	14,5	65,9	19,6
Galicia	11,7	62,8	25,4
A Coruña	12	63,1	24,9
Lugo	10,1	60,7	29,2
Ourense	9,7	58,8	31,5
Pontevedra	12,6	64,5	22,8

Fonte: Eurostat. INE, Indicadores demográficos básicos. IGE, indicadores demográficos.


A evolución dispar dos grupos de idade situados na base e no cumio da pirámide, recollidos anteriormente, tradúcese nun incremento dos índices de dependencia⁵⁶, tal e como se mostra primeiramente nos gráficos seguintes de dependencia global.

Gráfico 82. Índice de dependencia global segundo o sexo. Galicia, 2007-2022.



Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.

Gráfico 83. Índice de dependencia global por provincias. 2017-2022.



Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.

⁵⁶ O IGE define así os seguintes índices:

Índice de dependencia global: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).


Índice de dependencia xuvenil: Relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de dependencia senil: Relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de envellecemento: Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.


Os índices de dependencia xuvenil e de dependencia senil para o conxunto de Galicia e para as catro provincias reproducense nos gráficos seguintes:

Gráfico 84. Índice de dependencia xuvenil (menores de 15 anos) segundo o sexo. Galicia, 2007-2022.




Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.

Gráfico 85. Índice de dependencia xuvenil por provincias. 2017-2022.




Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.

Gráfico 86. Índice de dependencia senil (maiores de 64 anos) segundo o sexo. Galicia, 2007-2022.



Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.

Gráfico 87. Índice de dependencia senil por provincias. 2017-2022.



Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.

Non só aumentou o peso das persoas maiores no conxunto da poboación e en comparación coas persoas mozas, senón que dentro das persoas maiores, como sinalabamos, foron adquirindo cada vez maior peso as de máis idade. Este proceso de sobreenvellecemento da poboación obriga a considerar tamén que canto maior é a idade dunha persoa, maior é o risco de padecer algunha enfermidade ou presentar un determinado grao de dependencia pois sabemos que os índices de sobre-envellecemento triplicáronse en Galicia nos últimos 45 anos.

Envelleceemento demográfico e lonxevidade

No eido da demografía a expresión “envelleceemento demográfico” é unívoca e clara: trátase dun cambio na estrutura por idades, sensible polo aumento da idade media poboacional; mentres que na linguaxe común pesan máis no termo envellecemento as connotacións negativas, tinxidas de forte carga edadista⁵⁷, ao sinalar unha etapa final, de decadencia biolóxica e vital. Evidenciase no uso deste termo que a mesma denominación de envellecemento referida as poboacións préstase a un grave equívoco, porque as poboacións non envellecen; quen envellecen son as persoas. O termo propicia que se confundan as poboacións coas persoas e se apliquen etapas vitais –que se acompañan ademais dunha forte carga patolóxica- que corresponderían a estas e non a aquelas. E nada autoriza a atribuír as poboacións as mesmas etapas polas que transitan os individuos ao longo das súas vidas, pois as poboacións non están suxeitas a predeterminadas traxectorias vitais como nacer, crecer, madurar, envellecer e desaparecer.

Decatémonos de que tampouco escapa o termo envellecemento aos estereotipos que viñeron afectando, coma se se tratase ademais dun colectivo homoxéneo, á poboación lonxeva: dependencia, enfermidade, soidade, pobreza... Fronte a estas visións con forte carga edadista⁵⁸ non sorprende a serie de accións desenvolvidas dende a Organización Mundial da Saúde (OMS) tendentes á adopción de medidas políticas, e de saúde en particular, en relación ao envellecemento activo e saudable e a súa reformulación na actualidade.

57 O edadismo constitúe un problema de saúde pública para a OMS. Este organismo internacional, que traballa con 194 Estados Membros, declara que a discriminación por idade “refírese aos estereotipos (como pensamos), os prexuízos (como sentimos) e discriminación (como actuamos) dirixida ás persoas en función da súa idade. Pode ser institucional, interpersoal ou autodirixido. A discriminación por idade institucional refírese ás leis, regras, normas sociais, políticas e prácticas das institucións que restrinxen inxustamente as oportunidades, e prexudican sistematicamente ás persoas debido á súa idade. A discriminación por idade interpersoal xorde nas interaccións entre dous ou máis individuos, mentres que a discriminación por idade autodirixida ocorre cando a discriminación por idade se internaliza e vólvese contra un/a mesmo/a” (“Informe Mundial sobre el Edadismo” (*Global Report on Ageism*) publicado pola Organización Mundial da Saúde (OMS) o 18 Marzo de 2021.

58 A data do 15 de xuño foi declarada polas NN.UU “Día Mundial de toma de conciencia do abuso e maltrato na vellez”. En colaboración tamén coa Rede internacional para a prevención do maltrato ás persoas maiores ven de publicar *Combatir el maltrato de las personas mayores: cinco prioridades para la Década de las Naciones Unidas del envejecimiento saludable (2021-2030)*.

Lembremos que o concepto “envelhecimento activo” aparecera por vez primeira en 1999 recollendo a tradición científica do paradigma positivo do envelhecimento. Nel xúntanse as nocións de participación, saúde, independencia e bo envellecer, alzándose a participación como a compoñente central. Este paradigma foi asumido como a gran resposta política ao “temido” envelhecimento demográfico tratando de cambiar o concepto tradicional de vellez, dotando as persoas maiores de novos papeis na sociedade.

Un importante paso adiante nesta dirección represéntao a iniciativa “*Age-Friendly Cities and Communities*” lanzada pola OMS en 2005 que ten como finalidade última promover un movemento de participación cidadá protagonizado polas persoas maiores como xeradoras de benestar, traspasando as barreiras de envelhecimento activo cara un concepto máis acaído de cidadanía⁵⁹. A iniciativa supón un intento de adaptación á época actual, superadora daquela visión tan limitativa como a denunciada polo filósofo Gregorio Luri cando escribía que “ás persoas vellas se lles permite ser figuras entrañables, pero non de autoridade”⁶⁰, na que unha nova xeración de maiores reclama un espazo no que poder desenvolverse e participar en procesos con grupos e comunidades cos que se identifican, con independencia da súa idade⁶¹.

O problema de non deslindar, como acontece con frecuencia, o tema da lonxevidade e o do envelhecimento poboacional dificulta non só a análise do envelhecimento demográfico, medido polo aumento da proporción de persoas maiores de máis de 65 anos senon que tamén dificulta a comprensión do que significa envellecer na sociedade actual. É preciso non considerar o grupo de idade persoas maiores como un todo homoxéneo e adentrarse máis ben na súa heteroxeneidade. Non se salienta debidamente o papel que ocupan as persoas maiores na sociedade para o que é obrigado superar a excesiva dependencia da consideración da etapa da vellez do mercado laboral, ignorándose así que hai hoxe máis persoas economicamente “dependentes” en idade teórica de traballar que no caso das persoas maiores que non traballan. E isto as máis das veces é o que está detrás do edadismo, da discriminación que afecta neste caso ás persoas maiores, e que pode revestir formas moi diferentes, como se está a denunciar cada vez máis.

Nos ambientes políticos e nunha ampla capa da opinión pública existe gran preocupación polo envelhecimento poboacional ao ser vinculado, con non moito rigor, con fenómenos adversos como escaseza de forza laboral, a desaceleración do crecemento económico, o derrubamento dos mercados de activos, problemas fiscais, colapso financeiro do sistema de pensións e de saúde, o dispendio dos dividendos demográficos... Ignorándose deste modo que o cambio demográfico a miúdo estimula axustes compensatorios do comportamento e innovacións tecnolóxicas e institucionais. O caso de Alemaña, cun pronunciado proceso de envelhecimento, aconsella, ademais, ser prudentes e non asociar o envelhecimento coa vitalidade social e económica dun país⁶².

Coidase que o envelhecimento poboacional tenderá a xerar axustes similares. Son moitas as estratexias dispoñibles para concretarmos o potencial que xera unha maior lonxevidade ao fin de mellorar o benestar e afrontar as cargas do envelhecimento. Entre as estratexias contempladas sinálanse aquelas que apuntan aos maiores aforros e a maior participación feminina na forza laboral resultantes dunha menor fecundidade, de aí a urxencia tamén da implementación de políticas que faciliten a homes e mulleres combinar traballo e familia. Outras estratexias implican elevar o tamaño efectivo da forza laboral mediante fortes investimentos en saúde infantil e en rendemento escolar e calidade educativa⁶³.

59 Nesta perspectiva teimase en que a revolución da lonxevidade presenta retos, que podemos e debemos aproveitar para construírmos unha sociedade mellor, máis igualitaria e capaz de recoñecer o valor de cada persoa con independencia da súa idade e condición social, cultural ou racial.

60 O interese do apuntado por Luri é a relación do edadismo (en canto discriminación por causa da idade) cun trato forzosamente benévolo. Outra cara do edadismo.

61 Anna Freixas, autora de *Yo, vieja* (2021), reivindica el uso de este último termo (“vieja”) porque “pronunciala é o único camiño para borrar o seu estigma negativo”. En castelán no orixinal.

62 Non está de máis lembrar como abundaron as predicións funestas cando a poboación mundial se duplicaba de 3.000 millóns a 6.000 millóns entre 1960 e 2000. Porén o ingreso mundial per cápita creceu máis do dobre durante esas catro décadas, a esperanza de vida aumentou en máis de quince anos e as taxas de escolaridade primaria achegáronse á universalidade en moitos países.

63 Como demandan recentes informes da OCDE, entre outros

Naturalmente, sumar xentes adultas de máis idade á forza laboral é útil só se están suficientemente sans⁶⁴ como para ser produtivas. Unha maior focalización na prevención de enfermidades e no tratamento da cronicidade⁶⁵ habería ser importante para facer fronte ao envellecemento da poboación. Supón un compromiso, desde idades temperáns, con dietas e pautas de alimentación máis saudables, máis actividade física, redución do uso do tabaco e do consumo nocivo de alcol...

Á medida que o número de persoas lonxevas vai en aumento tamén crece o interese sobre a natureza das relacións entre fillos/as e os seus proxenitores cando envellecen e, especialmente, entre estes ascendentes directos e a segunda xeración, a de netos e netas, xa que o rol de avoas e avós coidadores é unha figura que no caso de Galicia en particular, e de España en xeral, alcanza maior relevancia que noutros países europeos.

Un dos cambios máis significativos desta nova realidade demográfica que estamos a vivir é o feito de que unha persoa xa non se considera anciá ao cumprir os 65 anos, senón moito despois, grazas aos avances en materia de saúde que fan posible unha vida máis longa en condicións óptimas, superando o detrimento natural do organismo que é parte do proceso de envellecemento físico. En consecuencia, o período produtivo do ser humano tamén se estende, xerando unha nova transición que se sitúa entre a idade adulta e a vellez.

Asístese hoxe na nosa contorna cultural, como ficou sinalado, a unha real “democratización da supervivencia”, o que significa que máis da metade das persoas chegan a cumprir os 65 anos de idade (a idade teórica de xubilación, ideada por Bismarck na Alemaña de 1881, cando a mellor expectativa de vida se situaba nos 47 anos). O incremento da supervivencia a todas as idades, e non só nas da vellez, conduciron ao que algúns autores, como Alexander Kalache, un dos pais do concepto de “envellecemento activo”, denominan “revolución da lonxevidade”.

Temos en Galicia, ao igual que en España, toda unha xeración que está a chegar á idade maior con máis saúde, máis experiencia, máis coñecementos e unha posibilidade real de contribuír activamente á sociedade, como xa sabemos que sucede. Hai que crear espazos e preparar á sociedade para un cambio na construción social do que é a vellez. Unha vellez que participa activamente, entre outras actividades que van máis alá do voluntariado, en traballo de sostén familiar e na economía social.

Insistíase no texto do *Informe* (2018) do Observatorio de Dinamización Demográfica, e volvíamolo facer nos inicios deste capítulo, en mostrar como a revolución demográfica desencadeada pola caída da mortalidade transformara a significación de todas as idades, empezando polas infantís, seguindo pola singularidade da adolescencia, a prolongación da etapa de xuventude (moi marcada neste caso polas circunstancias do mercado laboral) ata o actual cambio radical da vellez. Reparemos unha vez máis en que a terceira⁶⁶ e cuarta idade é hoxe a etapa da vida na que máis evidentes están a facerse en Galicia as consecuencias do cambio demográfico.

Por primeira vez accede á vellez a maior parte dos individuos de calquera xeración e o peso nunca visto das persoas maiores no conxunto da poboación elevou notablemente a importancia e a atención prestada á súa saúde. Resalta de maneira especial o cambio – varias veces sinalado – na representación das persoas que posúen 80 ou máis anos, que están a gañar peso demográfico relativo en detrimento, sobre todo, das sesaxenarias. Tendencia que se ven afirmando desde a década de 1980 e que se acelerou nos últimos anos.

Asístese pois a unha configuración por idades nova –e en progresión continua dentro da relativa estabilidade que a caracteriza–, á vez que se reafirma a supervivencia ata idades maduras e avanzadas en escenarios dominados por unha menor natalidade. Sen que nada neste escenario nos autorice a falar de declive demográfico desde unha perspectiva científica.

64 Volvemos sobre o tema no capítulo VII deste Informe. Lembremos tan só agora que a OMS define a saúde como “un estado completo de benestar físico, mental e social, e non a mera ausencia de enfermidade”. Por tanto, a saúde dun individuo ou dunha poboación non pode avaliarse atendendo só á prevalencia de enfermidades físicas ou trastornos mentais (saúde negativa), senón que debe incorporar tamén a posibilidade de desenvolver do mellor modo posible as potencialidades físicas, intelectuais e sociais de cada persoa (saúde positiva).

65 É de salientar o papel que está a xogar a Cátedra de Cronicidade da Universidade de Santiago de Compostela.

66 A da “senescencia” que Alexander Kalache prolonga ata os 80-85 anos.

Dentro do colectivo de persoas maiores en Galicia as diferenzas entre homes e mulleres non só existen obviamente como no resto da poboación, senón que mesmo a maior parte das brechas existentes se agudizan debido ao peso cultural e social en que a sociedade pertencente a estas xeracións foi socializada⁶⁷.

Cómpre ter en conta o nivel educativo das persoas maiores á hora de interpretar a desigualdade que marcou ás actuais xeracións de mulleres de máis idade⁶⁸. A desigualdade en saúde a idades avanzadas é un reflexo da desigualdade ao longo do ciclo vital. Así, as mulleres esperan vivir máis anos, pero con peor saúde; as persoas con menor nivel de estudos, como acabamos de ver, tamén viven menos anos, e un maior número deles con mala saúde.

Cabe pensar que nos próximos anos o aumento dos niveis educativos da poboación maior asociado ao cambio xeracional, especialmente entre as mulleres, ha xogar un papel positivo nos niveis agregados de saúde e mortalidade da poboación. Para A. Blanes e S. Trias-Llimós (2021) ese cambio debería vir acompañado de políticas que mitiguen as desigualdades entre e dentro dos diferentes grupos socioeconómicos, especialmente se consideramos a marxe de mellora aínda existente se se controlan, entre outros, os factores subxacentes á mortalidade evitable. Factores que están relacionados cos hábitos e estilos de vida, coas condicións laborais e o status, con aquilo denominado a “alfabetización en saúde” (health literacy), co uso do sistema sociosanitario... Os anteriores factores, afirman os autores citados, enfróntanos ás fortes desigualdades sociais e económicas existentes.

As coñecidas sinerxías entre mortalidade e fecundidade súmase a súa interacción cos cambios nas pautas de formación de parellas -e de nupcialidade en xeral- e nas estruturas familiares, polo que todo o armazón social, económico, cultural e de xénero vese afectado. Cambia a significación de cada idade e con iso o curso de vida das persoas. Curso de vida implica considerar non só a idade e o biolóxico senón tamén a pluralidade das funcións sociais e dos acontecementos persoais que condicionan a forma de estar a vivir. Supón, por tanto, admitir que as valoracións sociais sobre a idade ou as expectativas depositadas en cada etapa, están socialmente construídas e son diferentes para homes e mulleres ao estar determinadas por modelos de xénero que asignan, de maneira consciente ou asumida inconscientemente, comportamentos diferenciais a cada sexo.

Nun intento de contextualizar datos anteriores recolleemos da publicación *Envejecimiento en red* (6 de marzo de 2018) as consideracións expresadas polos seus autores⁶⁹, destacados demógrafos do CSIC e do INE, acerca da preocupación que se está a trasladar á opinión pública polo tamaño dos continxentes de pensionistas, acrecentada pola próxima chegada á idade de xubilación das xeracións do baby-boom. Fan notar en primeiro lugar que os primeiros continxentes de baby boomers “iniciarán a entrada en xubilación a partir de 2024. Sen dúbida, haberá unha presión, suave ao principio, sobre o sistema de pensións, presión que irá aumentando progresivamente⁷⁰... O pico de chegada á xubilación destas xeracións situarase ao redor de 2040. Espérase tamén un aumento continuado da esperanza de vida dos xubilados o que significa que haberá máis e que vivirán en media máis tempo”.

E se ben como salientan “estes feitos son coñecidos e incuestionables”, non deberían facer esquecer que “máis importante que a chegada de efectivos ou o que suceda coas ganancias de esperanza de vida, é como *evolucionará a poboación en idade laboral e a súa taxa de ocupación*, que é o que en teoría debería manter aos pensionistas⁷¹”.

67 Un estudo de hai apenas dous anos de Amand Blanes e Sergi Trias-Llimós (“Vivir menos y con peor salud: el peaje de la población menos instruída de España”, 2021, publicado en *Perspectives Demographiques* do Centro de Estudios Demográficos de Barcelona) ofrece cálculos de que aos 30 anos un varón con estudos superiores ten una esperanza de vida de cinco anos máis que un con formación primaria (83,5 fronte a 78,4). No caso das mulleres a desigualdade acórtase a pouco máis de tres anos, así aos trinta anos unha muller en España con título universitario pode vivir ata os 88 anos fronte aos 84,9 das pouco formadas.

68 Un dato ben expresivo dánolo o feito de que aínda no ano 2017 as mulleres maiores duplican a taxa de analfabetismo dos varóns.

69 Antonio Abellán García, Alba Ayala García. Departamento de Población, CSIC. Rogelio Pujol Rodríguez. *INE*.

70 Nos anos anteriores ao *baby boom* -sinalan- os nacementos tamén foron moi numerosos, polo que a entrada non será abrupta en ningún caso.

71 O suliñado é noso.

“Tamaño e lonxevidade das futuras xeracións de maiores -conclúen- non deberían provocar tanta inquietude como o nivel e calidade da ocupación das persoas en idade laboral actuais e futuras”⁷². Nun contexto ademais das fortes mudanzas que se avexiñan polo crecemento exponencial da economía dixital, principalmente.

A prolongación da etapa da xuventude

Falamos agora de grupo de idade “xuventude” enfróntanos, xa de primeiras, coa dificultade metodolóxica da súa mesma definición, como deixamos apuntado no anterior Informe de 2018. Ao tratarse dun concepto cultural para o que non se conta cunha definición unánime, explicase que acabe dependendo de factores socioculturais, institucionais, económicos e políticos.

Para o demógrafo J. Viñuela só o termo “idade” ten un claro significado demográfico, porque, segundo anota: a) a idade marca capacidades e aptitudes para a aprendizaxe e marca tamén diferentes actitudes sociais; b) coa idade pásase a ter e a perder a capacidade reprodutora; c) pásase da inactividade a producir e vólvese a ser dependente; d) cámbiase de necesidades e apetencias de consumo; e e) modifícase a perspectiva que se vai observando ao avanzar pola “liña de vida” das xeracións.


No tocante en concreto á mocidade, o termo idade habería que enténdelo referido a un período da vida das persoas, que, convencionalmente e de feito, marca os momentos en que estas cambian as súas interdependencias coa sociedade, coa economía...⁷³. As definicións oficiais de mocidade céntranse habitualmente na idade, delimitándoa entre os 15 e os 30 anos (véxase, por exemplo, Eurostat, 1997). En realidade, este concepto determínase polo proceso de acumulación de habilidades e o acceso aos espazos que dan razón de ser ao mundo adulto, a saber, unha vivenda independente, un traballo que permita a autonomía económica e, habitual pero non necesariamente, a constitución dunha familia de reprodución e a independencia da familia de procedencia (Miret, 2016).

Desde unha perspectiva sociodemográfica, a transición á vida adulta consiste no cambio desde unha etapa caracterizada pola dependencia e pola necesidade de soporte e apoio, propio da condición infantil, a unha nova condición de individuo completamente emancipado e autónomo, propio da condición adulta. A etapa da mocidade preséntase así como un proceso no que se van adquirindo e asumindo as responsabilidades sociais na esfera produtiva, doméstica e familiar, esta última, cos seus compoñentes conxugal e parental (Miret, 2016). De aí o lugar que se lle reserva en todo estudo da etapa de xuventude ao tema da “emancipación familiar”, vista nas súas tres (e non exclusivas) esferas sinaladas por este investigador.

72 A preocupación debería centrarse nos actuais e futuros niveis de ocupación, insisten os citados autores e engaden: “Se non melloran existirá un problema de sustentabilidade de todo o sistema de protección social. O nivel de ocupación futura debería ser incluso maior que o dos mellores tempos pasados: a) para compensar uns efectivos en idade laboral minguados con respecto ás anteriores xeracións, b) para ampliar a cobertura dunhas xeracións pensionables de maior tamaño, c) que ademais terán un aumento da súa esperanza de vida, d) e ademais debería ser unha ocupación con melloras en produtividade.

73 Na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia dise textualmente: “En canto á consideración de persoas novas, estas serán as que teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos inclusive. Neste ámbito, e froito do estudo comparado entre as lexislacións das distintas comunidades autónomas, detectouse unha gran variación da franxa de idade, sendo un aspecto sobre o que non existe un acordo común. Así, desde o Executivo galego considérase unha franxa de idade suficientemente ampla para abarcar as distintas manifestacións da mocidade, sen prexuízo de que desde a Xuventude, Participación e Voluntariado poidan adoptarse programas ou actuacións dirixidos a mozos dun rango diferente de idade, polas súas especiais características”.

Gráfico 88. Evolución da poboación moza. Galicia.




Elaboración: IGE.

Estase a falar de dimensións fundamentais, como son o paso da etapa de estudante ao mundo laboral (inserción laboral), de membro dependente do fogar á persoa referente deste (emancipación residencial) e da posición case que única de filla ou fillo á de nai ou pai (formación familiar).

Lembremos que as dificultades que rodean a transición á vida adulta están na base da paulatina prolongación da etapa de xuventude nos países occidentais; pero sen a constante prolongación da vida nos niveis que coñecemos dificilmente poderíase dar unha reorganización do curso de vida das persoas da intensidade que tampouco nos é descoñecida, co que así mesmo entraña de dilatar a etapa de xuventude. Así mesmo, a redución da fecundidade relaciónase moi directamente co atraso no calendario de transición á vida adulta.

Gráfico 89. Peso das persoas moza na poboación total. 2022.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes 2022.

De todo o sinalado, como xa se facía no *Informe* de 2018, despréndese o papel principal que corresponde ao estudo da “emancipación”. Sabemos que a emancipación é o fenómeno relativo a saída da mocidade do fogar familiar para formar ou pasar a integrarse en fogares diferentes. Como tal fenómeno demográfico

ten unha gran transcendencia social, fortes vinculacións co mercado laboral e efectos sobre a demanda de vivenda. A eiva principal no seu estudo reside na falta de información estatística xa que a emancipación, como “suceso”, non da lugar a ningún rexistro estatístico.

Pode definirse a emancipación, desde a perspectiva da análise demográfica dos fogares, como o cambio desde a “posición” de filla ou fillo que vive co pai e coa nai (se se trata de ambos, ou de pai só ou nai soa) a calquera outra fora do núcleo familiar ao que pertencía. Pode dicirse que o feito de independizarse do fogar familiar é un acto de carácter “natural” e que como tal se produce nun período determinado do ciclo de vida persoal que, sen embargo, non ten uns límites concretos.

Asociouse tradicionalmente a emancipación ao inicio da idade adulta e estatisticamente rexistraba unha gran coincidencia co matrimonio ou a formación de parella⁷⁴. Sobre o inicio do período de emancipación resulta evidente que a día de hoxe a maioría de idade legal (18 anos) non mostra adecuación co comezo do período de emancipación; parece unha idade excesivamente temperán para os usos sociais actuais. Máis complicado aínda resulta tratar de establecer o límite superior debido a evolución da data da moda segundo circunstancias sociais, económicas e culturais moi diversas.

A ampliación do período de estudos e o retraso na incorporación á actividade laboral, a conxuntura do mercado de traballo, a maior ou menor accesibilidade a unha vivenda ou as actitudes familiares definen as circunstancias que regulan o calendario da emancipación. E a diferenza do que acontece cos principais fenómenos demográficos no caso da emancipación a falta de información sobre ela como “suceso” dificulta, como apuntabamos, unha análise da intensidade dos fluxos.

Con datos do INE (*Encuesta Continua de Hogares 2020*) sabemos que en España o 53,8 por cento da mocidade de 25 a 29 anos vivía cos seus proxenitores. Segundo datos do “Observatorio de la Emancipación del Consejo de la Juventud de España”, correspondentes ao primeiro semestre de 2022, pode afirmarse que se estaba a continuar a “leve” senda da recuperación socioeconómica das persoas mozas en España: a mediados de 2022 a emancipación xuvenil mellorara lixeiramente ata situarse no 15,90%, 0,3 puntos máis que a finais de 2021. No caso das mulleres apenas se deron cambios con respecto ao semestre anterior, cun 18,6% de mulleres novas emancipadas en España. Entre o colectivo masculino si se apreciou un aumento semestral de máis de medio punto, alcanzando o 13,3%. Segundo sexo, a diferenza máis significativa atopábase atendendo á composición de fogares unipersoais: o 27,2% dos homes menores de 30 anos vivía en solitario fronte ao 14,7% no caso delas. É dicir, as mulleres novas emancipáronse máis que os homes, pero fixérono xunto con outras persoas principalmente. En canto aos grupos de idade, o maior incremento anual e semestral da autonomía residencial produciuse entre a poboación de 25 a 29 anos (2,8 puntos nun ano e 0,8 puntos nun semestre), chegando ata o 36,7%. Entre poboación de 16 a 24 anos apenas variou, manténdose por baixo do 5%.

Unha “leve” mellora que con todo é claramente insuficiente pois non se recuperan os niveis previos á pandemia, e se atopa moi lonxe dos estándares europeos⁷⁵. En España a taxa de emancipación da poboación de entre entre 16 e 24 anos foi do 4,10%, e na Unión Europea do 17,70%. A diferenza segue sendo grande para a etapa de entre 25 e 29 anos, pois a diferenza con Europa segue sendo grande: en España a taxa de emancipación sitúase en 36,70%; e na Unión Europea en 57,90%. Os datos revelan que o acceso á vivenda é un grave problema para as persoas mozas en España e que a diferenza coa nosa contorna é moi notable en todas as etapas da xuventude.

74 A nupcialidade, o fenómeno demográfico relativo á formalización e disolución de matrimonios, veu sendo considerada tradicionalmente como unha compoñente máis do movemento natural da poboación, vinculándose o seu estudo moi directamente ao da fecundidade por considerarse tradicionalmente como un paso previo a esta. As mudas a día de hoxe na nupcialidade significan que cada vez son máis as proporcións de mulleres que teñen descendencia sen ter vivido previamente o “suceso” da nupcialidade, como coñecemos ben de abondo. Con todo, o relativo devalo do matrimonio como vía de formación de parella é un nesgo da nupcialidade galega relativamente recente, que se achega ás pautas observadas en España e nunha gran parte dos países da nosa contorna.

75 Mentres que en España a emancipación foi do 15,90 %, na Unión Europea a taxa media de emancipación foi do 32,10 %. A diferenza entre a situación europea e a española en canto á emancipación apreciase en todos os rangos de idade, existindo una gran fenda entre eles.

Polo que respecta ao nivel formativo entre a poboación nova española o citado *Observatorio de la emancipación* anota que máis da metade das persoas mozas optou por continuar estudando unha vez finalizado o nivel obrigatorio. Un 36,2% cumprimentara estudos secundarios postobligatorios e un 28,3% finalizou estudos superiores. Con respecto a quen seguía estudando, as persoas que alcanzaran estudos superiores seguían formándose nun 46,4%. As mulleres contaban cun nivel formativo superior aos homes da súa mesma idade e ademais resultaron máis proclives a continuar cos seus estudos. Un 32,4% delas finalizou estudos superiores fronte ao 24,5% no caso deles. Entre a poboación de entre 30 e 34 anos case a metade contaba con estudos superiores (49,3%). Nas táboas seguintes pódese seguir o tema relacionado co nivel de formación da mocidade en Galicia e a súa comparación co que está a suceder co conxunto da mocidade española.

Táboa 8. Alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento segundo sexo, nivel de ensinanza obrigatoria en Galicia (2021-2022).

Educación Secundaria obrigatoria	Ámbos sexos	Mozos	Mozas
2021	94.635	48.463	46.172
2022	94.710	48.568	46.142

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<https://www.ige.gal/igebdt/seleccion.jsp?COD=463&c=0203002>)

Táboa 9. Situación do alumnado de 15 anos no sistema educativo en España e Galicia (curso 2020-2021).

	% acumula retrasos antes de 4º ESO			
	% alcanza 4º ESO con 15 anos	Total (%)	% acumuló retrasos en educación primaria	% acumula retrasos por primeira vez en ESO
España	75,5	24,5	14,3	10,2
Galicia	78,2	21,8	13,4	8,4

Fonte: *Las cifras de la educación en España. Estadísticas e indicadores. Edición 2023. Subdirección General de Estadística y Estudios* do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Táboa 10. Porcentaxe de poboación de 20 a 24 anos que completou polo menos o nivel de educación secundaria segunda etapa (*) segundo o sexo en Galicia (2021-2022).

	Total %	Homes %	Mulleres %
2021	83,3	80	86,8
2022	80,5	78,3	82,9

Nota: *A educación secundaria post-obrigatoria inclúe: ensinanzas de bacharelato; ensinanzas de grao medio de formación profesional específica, artes plásticas e deseño e deportivas; ensinanzas de grao medio de música e danza; programas para a formación e inserción laboral que precisan dunha titulación de estudos secundarios da segunda etapa para a súa realización e educación superior.

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. (https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=es&codigo=0204031014)

No que respecta á educación universitaria, no curso 2019-2020 a taxa neta de escolarización de ensino universitario en España aos 22 anos foi do 31,7. No curso 2018-2019 fora do 32,40% . En Galicia a taxa foi do 29,8% no curso 2019-2020.

Táboa 11. Taxas netas de escolarización de 22 anos por educación universitaria en España (2019).

Ensinanzas universitarias e superiores (2019)	Total %	Homes %	Mulleres %
22 anos	31,8	36,4	27,3

Fonte: As cifras da educación en España. Indicadores e publicacións de sínteses. Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Táboa 12. Estudantes matriculados/as nas universidades en Galicia (SUG) no ano 2021.

	Total	% Mulleres
Matriculados no SUG ano 2021	61.767	55,3

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Táboa 13. Estudantes titulados/as nas universidades galegas por sexo no ano 2021.

	Total	% Mulleres
Titulados no SUG ano 2021	11.818	60,1

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.


En Galicia segundo datos do “Observatorio de la Emancipación del Consejo de la Juventud de España” o 16,5 % da poboación nova estaba emancipada no primeiro semestre de 2022, o que supoñía un incremento interanual de 1,4 puntos porcentuais, superior ao que se produciu no conxunto de España (0,98 puntos). Apúntase que isto non foi debido a que en Galicia houbera unhas expectativas laborais especialmente favorables para as persoas mozas. De feito, moi poucas delas eran “activas” desde o punto de vista laboral, o alcance da sobrecualificación era especialmente rechamante, así como o carácter involuntario das xornadas a tempo parcial.

O que ocorreu en 2022 foi que se acentuou a dualización das condicións de traballo entre a poboación galega emancipada e non emancipada, xa que as primeiras foron as que máis se beneficiaron da creación de emprego e da diminución da temporalidade e o paro. A modo de exemplo, a taxa de paro entre a poboación nova non emancipada era case a mesma que no ano anterior, mentres que diminuíu máis de sete puntos entre a poboación emancipada. En calquera caso, o acceso ao mercado da vivenda, sen chegar aos niveis do conxunto de España, cada vez era máis inviable para as persoas mozas. No último ano, o esforzo económico que supoñía alugar ou comprar unha vivenda libre para unha persoa nova aumentou en Galicia en maior medida que en España.

A evolución observada a partir dos datos anteriores de poboación moza total amosa, no período 2015-2022, un leve incremento da mocidade no conxunto de España, mentres que todas as provincias galegas reflicten unha diminución: que oscila entre o -0,48% en A Coruña (-0,50 en Pontevedra) e -1,97 en Lugo (-1,58 en Ourense).

Na nosa Comunidade Autónoma, o grupo de idade comprendido entre 15 e 29 anos está formado por un total de 342.321 mozos e mozas, o que representa o 12,77 por cento da poboación de Galicia. A distribución por provincias da poboación moza é a seguinte: A Coruña é o lugar onde máis mozos e mozas viven, representando o 41,22 por cento do total da xuventude galega, síguelo a provincia de Pontevedra co 37,72 por cento da mocidade, mentres que Lugo, cun 10,79 por cento, e Ourense, cun 10,27 por cento, son claramente as de menos poboación nesta franxa de idade.

Gráfico 90. Tcaa 2015-2022.



Fonte: INE. Estatística do Padrón continuo. 2022

En Galicia, no ano 2022, poboación xoven (de 16 a 29 anos) elevase a un total de 342.321 persoas.


Táboa 14. Indicadores demográficos Comunidades Autónomas-España. 2022.

	Total	Mozos	Homes	Mulleres	Peso mozos	Índice masculinidade mozos
España	47.475.420	7.413.271	3.799.935	3.613.336	15,61%	105,16%
Andalucía	8.500.187	1.398.672	721.009	677.663	16,45%	106,40%
Aragón	1.326.315	196.585	101.811	94.774	14,82%	107,43%
Principado de Asturias	1.004.686	118.106	60.515	57.591	11,76%	105,08%
Illas Baleares	1.176.659	194.153	98.754	95.399	16,50%	103,52%
Canarias	2.177.701	361.387	182.758	178.629	16,59%	102,31%
Cantabria	585.402	79.394	40.699	38.695	13,56%	105,18%
Castela e León	2.372.640	313.742	161.645	152.097	13,22%	106,28%
Castela – A Mancha	2.053.328	328.413	170.541	157.872	15,99%	108,02%
Cataluña	7.792.611	1.265.584	652.627	612.957	16,24%	106,47%
Comunidade Valenciana	5.097.967	792.581	406.838	385.743	15,55%	105,47%
Extremadura	1.054.776	162.537	83.188	79.349	15,41%	104,84%
Galicia	2.690.464	342.321	175.110	167.211	12,72%	104,72%
Comunidade de Madrid	6.750.336	1.092.702	548.597	544.105	16,19%	100,83%
Rexión de Murcia	1.531.878	266.000	138.745	127.255	17,36%	109,03%
Comunidade Foral de Navarra	664.117	106.426	54.482	51.944	16,03%	104,89%
País Vasco	2.208.174	313.104	161.088	152.016	14,18%	105,97%
A Rioxa	319.892	46.920	23.874	23.046	14,67%	103,59%
Ceuta	83.117	16.697	8.396	8.301	20,09%	101,14%
Melilla	85.170	17.947	9.258	8.689	21,07%	106,55%

Fonte: INE. Estatística do Padrón continuo. 2022

De capital importancia nun *Informe* centrado nas dinámicas demográficas de Galicia é abordar o tema da actividade, ocupación e paro na poboación moza de Galicia. Os datos con que contamos máis os relativos a taxa de risco de pobreza incluímoslos agora aquí, se ben necesariamente volvese sobre eles no capítulo VII.

Gráfico 91. Taxa de risco de pobreza por sexo e idade. Galicia



Fonte IGE. Enquisa estrutural a fogares

Capítulo 5

Familia e fogar en Galicia. Elementos para unha análise das dinámicas familiares

Considérase que unha das “principais necesidades” da institución familiar na nosa comunidade, é a de coñecer en profundidade os elementos que determinan a súa propia dinámica.

Familia, fogares, formas de convivencia son termos, claro está, non unívocos pero que as veces poderían inducirnos a confusión nun entorno lábil, de marxes borrosas e cambiantes como o actual. Realizar unha achega á realidade das estruturas familiares en Galicia aconsella iniciala cunha serie de precisións terminolóxicas acerca dos fogares e das formas de convivencia que nos permitan a análise das estruturas e das dinámicas familiares e avanzarmos na significación do cambio familiar na nosa Comunidade. As páxinas que J. Vinuesa e D. Puga (2017) dedican ao tema no seu libro *Técnicas y ejercicios de demografía* serán o sustento principal das breves consideracións teórico metodolóxicas incluídas aquí.

O repetido emprego de termos como o de “vivendas familiares” obriga a repensarmos o seu significado dado que de seu nos leva a poñer o acento nas “relacións de parentesco”, que sabemos seguen sendo a primeira causa intrínseca da convivencia de persoas. Velaí que “un nesgo común dos individuos que integran a maior parte das unidades de convivencia sexa o de ter vínculos por razón de parentesco” (Vinuesa e Puga, 2017:253)⁷⁶.

As “relacións de parentesco”, en expresión destes mesmos autor e autora, aglutinan aos individuos para formar unidades demográficas que, ademais de compartir unha vivenda, un patrimonio e uns ingresos, teñen intereses comúns que poden manifestarse na toma conxunta de decisións e en pautas así mesmo comúns.

Agora ben, sabemos que un 26,5 por cento das “vivendas familiares” en Galicia (e a este respecto os datos galegos non difiren substancialmente dos españois) estaban ocupadas (datos do INE, 2020; Encuesta continúa de hogares) por unha soa persoa e un número difícil de determinar (se ben as enquisas permiten certas achegas), pero en aumento, convive con persoas coas que non ten relación de parentesco en sentido estrito.

O anterior advírtenos xa de que hai un número crecente de unidades de convivencia nas que as relacións de parentesco non existen ou non son evidentes, o que nos debuxa para as “unidades de convivencia” uns contornos lábiles e pouco definidos, sometidos a un cambio continuo como se salientaba en texto precedente.

No eido da demografía argumentábase que foi a necesidade de manexar conceptos operativos á hora de elaborar estatísticas e avanzar na análise demográfica o que explica que no *Censo de 2001* se establecese unha correspondencia estatística absoluta entre “vivenda ocupada” e “fogar”, e que é a denominación xenérica das unidades de convivencia. O Censo define o fogar como “o grupo de persoas residentes na mesma vivenda

⁷⁶ En castelán no orixinal.

familiar". Reserva o Censo o concepto de "familia" para os "grupos de persoas que, residindo na mesma vivenda familiar (por tanto formando parte dun fogar) están vinculadas por lazos de parentesco, xa sexan de sangue ou políticos, e independentemente do seu grao". O concepto de fogar empregado neste documento censal do INE permitiu superar algunhas limitacións básicas do concepto de familia que, como se pode observar, exclúe as unidades de convivencia unipersoais e a aquelas outras de varias persoas non emparentadas.

Cómpre decatarse de que o termo "fogar", a efectos demográficos, económicos, sociais ou territoriais non se circunscribe á simple suma das persoas que o integran, tendo todas e cada unha das persoas residentes no fogar que cubrir as súas necesidades de aloxamento, se ben a demanda de vivenda a constitúe un "fogar" e non así cada unha das persoas que o integran (Vinuesa e Puga, 2017:254).

A análise demográfica dos fogares implica o estudo dos seus tipos, composición e tamaño. Os tipos establécense basicamente a partir das "relacións de parentesco" entre os individuos que os forman. A composición distingue diferenzas en razón das características demográficas dos individuos. O tamaño, medido en número de individuos, é a referencia de clasificación máis simple e máis empregada.

Non se nos escape que a dinámica dos fogares está afectada polas diversas variables demográficas. O nacemento, a morte ou as migracións non só afectan ao individuo particular, prodúcense asemade dentro de fogares concretos alterando deste xeito a súa composición e tamaño. A fecundidade ten un papel determinante na dimensión das unidades de convivencia; así mesmo o aumento da esperanza de vida e a mortalidade diferencial por sexo explican o crecemento do número e a proporción de certo tipo de fogares. Igualmente nas migracións de corto ou máis amplo radio agóchanse importantes elementos explicativos a este respecto.

A carón do fogar e a familia o "núcleo familiar" constitúe o terceiro elemento de análise necesaria para o estudo das formas de convivencia. A denominación "grupo familiar" supón "unha concreción da familia verbo das relacións de parentesco máis directas ou de primeiro grao". Os últimos censos establecen catro tipos de núcleos:

- Matrimonio ou parella sen descendencia.
- Matrimonio ou parella con un ou máis fillos ou fillas.
- Pai con un ou máis fillos ou fillas.
- Nai con un ou máis fillos ou fillas.

Nos catros tipos de núcleos anteriores non teñen cabida as novas situacións inducidas pola dinámica social, en parte explicable pola crecente complexidade das relacións de convivencia que asemade pon tamén en cuestión a significación anteriormente sinalada de parentesco o que obriga moi especialmente a repensar a tipificación da "persoa de referencia" no fogar⁷⁷. Trátase, no caso desta tipificación, dun elemento clave para "montar toda a trabe das formas de convivencia, pero que presenta graves dificultades para a súa concreción na práctica" (Vinuesa e Puga, 2017: 257).

Reparemos por outra parte en que, se ben en demografía a unidade de medida de análise adoita ser sempre o individuo, cando se trata de estudar as formas de convivencia a "unidade residente" precisa ser complementada polo "fogar", a "familia" ou o "núcleo familiar" como unidades básicas de medida e de análise. De aí a teima na necesidade de establecer coa máxima precisión posible os conceptos básicos á hora de abordarmos unha análise sociodemográfica das formas de convivencia. O que non exclúe subestimar os problemas que se presentan nesta non fácil angueira.

⁷⁷ Estase a falar das mudas e intentos de actualización de vellos denominacións como o de "cabeza de familia", vixente ata o Censo de 1981. Nese exercicio censal o termo tradicionalmente empregado de "cabeza de familia" muda ao de "persoa principal", que se entende no Censo como "aquela á que os demais membros da familia recoñecen como tal". A dificultade de definir a "persoa de referencia" no fogar atopámola nos Censos de 1991 e de novo no de 2001. O Censo de 1991 fixou que a "persoa principal" á que referir as relacións de parentesco sería a que aparecese no cuestionario censal en primeiro lugar. A fin de tratar de evitar "as típicas suspicacias sobre quen é a persoa máis principal de cada fogar" -como se recolle textualmente no Censo de 2001- determinábase agora (2001) que "a persoa de referencia se denomine persoa 1, que será a que se reflicta en primeiro lugar na folla padronal".

Do mesmo modo, o emprego do termo “dinámicas familiares” na análise da familia invítanos xa de primeiras a pensar que un escenario de cambio está moi lonxe de ser unha circunstancia excepcional. Afecta a Galicia, aos territorios da súa contorna económica e cultural e pódese dicir que xa acadou unha dimensión mundial como aínda hai ben poucos anos quíxose deixar constancia no informe elaborado polo Observatorio Galego de Dinamización demográfica titulado *Incidencia da actual crise sociosanitaria sobre a dinámica demográfica en Galicia* (presentado en decembro de 2020).

Estáse a falar dunha institución, a familiar, dinámica de seu, que ten ben probada a súa capacidade de transformación e adecuación aos distintos tempos históricos, como amosa a serie de estudos dedicados á mesma e que abranguen amplos períodos que se estenden pola época moderna e contemporánea. Sábese ben que a humanidade na súa longa historia foi desenvolvendo diversas formas de convivencia grupal. E vivir en grupo segue a ser hoxe a característica máis común dos individuos de calquera poboación.

Insistir, por outra parte, na intensidade dos cambios non implica desconsiderar a interpretación dos distintos ritmos aos que aqueles se viron sometidos. Facíase a acordanza nas páxinas do *VIII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España, 2019* (páx. 111) de ritmos máis pausados nos cambios que se describen con vagar:

“Vimos dunha época onde as idades se ordenaban e os ciclos de vida adquirían un sentido. As persoas casaban e procreaban na plenitude da súa enerxía. Os vástagos independizábanse e formaban un fogar. Os pais exercían de avós, mentres os fillos prosperaban no traballo. A orde social e as xerarquías rexíanse por un tempo longo. Certamente xurdían imprevistos, pero, polo xeral, a vida na comunidade non estaba presidida polo rápido, senón polo continuado. O cambio técnico se masticaba lentamente e dixeríase socialmente. Esa orde demográfica, que estaba asentada sobre xeracións que melloraban aos seus antepasados —en educación e en esperanza de vida—, e reproducíanse con máis orde e control que as anteriores, hase desmoronado con rapidez. O piar reprodutivo, o familiar, o laboral e o vínculo social gretáronse. Proba diso é que a emigración que emprenden os mozos españois non é por necesidade, senón por unha frustración das expectativas. Iso evidencia a desorientación da sociedade que non lles ofrece un camiño, non lles di que se espera de eles”.

No momento actual porén, cómpre insistir na repetida teima de que asistimos a uns cambios rápidos e profundos na institución familiar que, por outra parte, están en consonancia coa intensidade, e ata se podería engadir velocidade, que debuxa o proceso máis amplo de modernización⁷⁸ e de cambio demográfico e de modernización económica e social no que aqueles se insiren.

Reparemos en que o cambio demográfico implica de seu unha modificación dos marcos de convivencia no fogar. Cambios no seu conxunto, lembremos, forxados ao carón da denominada “segunda transición demográfica”. Proceso que entraña unha crecente diversificación das formas de convivencia, unha pluralización das traxectorias de vida individuais e unha profunda transformación das relacións e redes familiares.

Mudas que responden a causas múltiples e complexas. Así a equiparación educativa das mulleres cos homes, a súa crecente incorporación e permanencia no mercado de traballo, e a consecuente necesidade de “renegociar” a división do traballo tradicional, no plano social; a tardía emancipación da mocidade, o desemprego xuvenil e a precariedade laboral, no terreo económico; a incerteza sobre o futuro, no terreo psico-social; a secularización e a globalización de valores “modernos” con respecto aos dereitos e liberdades individuais e a equidade de xénero, no plano cultural; e a falta de adecuación do Estado de Benestar, o mundo laboral e a lexislación ao novo contexto familiar, no plano institucional, son algúns dos factores que se agochan tras a crecente diversidade, complexidade e tamén vulnerabilidade das estruturas familiares.

En páxinas sucesivas deste mesmo capítulo amósasenos detidamente, servíndonos de abundantes gráficas e táboas, en que medida as familias galegas do século XXI son máis plurais e máis complexas ao tempo que

⁷⁸ O termo modernización foi certamente usado en ocasións dun xeito ambiguo, meramente descritivo, sen un sentido teórico concreto. Nos estudos de demografía e de demografía histórica en particular, sen embargo, o concepto adoita empregarse con bastante precisión. Trátase precisamete do proceso de ruptura cos comportamentos propios do Antigo Réxime Demográfico (ARD), presidido, como elementos centrais deste proceso, pola diminución continuada da mortalidade e a adopción de prácticas voluntarias e xeneralizadas do control da natalidade.

tamén se nos amosan como máis fráxiles. Unha fragilidade relativa que posiblemente responda á rapidez dos cambios producidos no seno da institución, tanto se poñemos o acento na súa estrutura como na súa dinámica, cando sabemos ademais que se trata de procesos de cambio que se van continuar⁷⁹. Non resulta esaxerado anotar que nos vindeiros oito ou dez anos os cambios produciranse con maior aceleración que a rexistrada nos derradeiros corenta anos.

Pensemos, ao fío do anotado por T. Castro e M. Seiz (2014), que se a disociación entre sexualidade e reprodución fora un dos grandes catalizadores do cambio familiar na segunda metade do século XX, nos tempos máis actuais a intensidade dos cambios familiares prodúcense da man de fenómenos como a disociación entre matrimonio e reprodución⁸⁰, a coexistencia da maternidade/paternidade biolóxica e social e a evolución das relacións de xénero cara modelos máis igualitarios, que se plasman nunha pluralidade de modelos familiares que están a gozar de ampla aceptación⁸¹. Nestes novos contextos está a cobrar unha maior relevancia o concepto de rede familiar fronte ao de fogar á hora de achegármolos á pluralidade das familias actuais e tamén ao tema dos coidados (Tobío e Fernández Córdón, 2013).

Agora ben, a intensidade dos cambios que se están a sinalar non nos poden levar a esquecer o peso que aínda conservan no imaxinario galego as imaxes da familia tradicional. Unha imaxe que bate de fronte cos acelerados cambios que coñecemos en etapas ben recentes, pero que ao tempo invítanos a recordar que Galicia efectivamente destacara no conxunto de España pola forte presenza da familia troncal, é dicir, por familias que incorporan no seu seno un matrimonio vello, un matrimonio novo e os seus fillos e fillas, e na que tamén poden residir outros parentes que aínda permanezan solteiros na “casa”. Pensemos que aínda hoxe, cando Galicia está claramente inxerida na sociedade industrial contemporánea, persisten certos trazos que dotan de singularidade á familia galega. De feito, esta permanece como un ámbito de seguridade, apoio e axuda para os seus membros máis vulnerables (persoas novas e maiores) como se revela no estudo das redes familiares, que seguen funcionando aínda que os membros da familia non residan no mesmo fogar.

O retrato das familias en Galicia ha pasar, pois, necesariamente polos cambios sociais, económicos e culturais xurdidos nestas últimas décadas. Existe unha redución do tamaño medio da familia, máis fogares unipersoais, pásase a convivencia de dúas xeracións en vez de tres.... Ao modelo coñecido como familia tradicional-familia nuclear-familia adaptativa, vánselle agregando pluralidade de novas formas de familia⁸²:

79 O patrón mediterráneo de formación familiar de finais do século XX caracterizábase por unha tardía emancipación residencial de mozos e mozas, unha idade elevada ao matrimonio, unha difusión aínda limitada da cohabitación e un alto grao de sincronización entre o abandono do fogar familiar, a formación da primeira unión e o primeiro fillo ou filla. Moitos destes trazos persistían unha vez iniciado o século XXI, pero na súa primeira década observouse ademais un rápido aumento da cohabitación non matrimonial como vía de formación familiar (Domínguez- Folgueras e Castro Martín, 2013). Nalgúns casos, a cohabitación serve como preludio ao matrimonio, pero noutros como alternativa ao mesmo. De feito, a maternidade fora do matrimonio converteuse nunha vía cada vez máis frecuente de formación familiar en España (Castro Martín, 2010). A porcentaxe de nacementos non matrimoniais pasou do 4 por cento en 1980 ao 11 por cento en 1995 e, desde ese ano, o ritmo de aumento acelerouse, alcanzando xa o 39 por cento en 2012, un nivel que coincidía coa media da UE28, aínda que inferior ao observado nos países nórdicos ou Francia, onde o número de nacementos de mulleres non casadas xa fai algúns anos que superou ao de nacementos de mulleres casadas. En 2021 a proporción de nacementos de nai non casada segundo nacionalidade (española/estranxeira) foi de 49,25, que se eleva a 51,99 nas nais españolas fronte a 39,15 nas nais estranxeiras.

80 Lembremos que a porción de nacementos de nai non casada habidos en Galicia de nais de nacionalidade española representa en 2021 o 51,34 por cento. Os nacementos de nai estranxeira sitúanse en 45,95 por cento.

81 É de salientar que parte do descenso do número de matrimonios e do atraso do seu calendario está vinculado ao aumento da cohabitación, que está desprazando ao matrimonio como vía de formación de parella. Nos anos 80 e 90, o descenso de matrimonios non foi contrarrestado por un aumento paralelo da cohabitación non matrimonial, como era daquela a norma na maioría dos países europeos. A cohabitación era unha tendencia en alza, pero estaba concentrada nun sector reducido da sociedade: parellas xóvenes urbanas, cun nivel elevado de educación e laboralmente activas (Meil Landwerlin, 2003). Por conseguinte, a porcentaxe de mulleres españolas de 20 a 34 anos que aínda non formaran a súa primeira unión conxugal era das máis elevadas de Europa: 62,2 por cento, segundo o censo de 2001 (Castro Martín, Domínguez- Folgueras e Martín-García, 2008).

82 Como xa se reflicte para España e para Galicia no Censo de 2021. A descrición de modelos familiares que nos ofrecen os datos censuais é de corte transversal, é dicir permiten coñecermos a estrutura do fogar no momento do censo, pero non como e cando se formou ese fogar, e a pesar de que temos que limitarnos a relacións familiares baseadas na convivencia –aínda sabendo que as relacións familiares normalmente transcenden os muros do fogar-, o exame das tipoloxías de fogar e das relacións de parentesco entre as persoas que conviven baixo o mesmo teito posibilita achegármolos á diversidade contemporánea de formas de vivir en familia e, xa que logo, ao que representa a crianza de fillos e fillas, a prolongación da súa etapa de formación e ás dificultades da súa emancipación.

a familia deixa de identificarse mimeticamente co fogar⁸³ -outra realidade- e adquire formas diversas tales como familia biparental, monomarental ou monoparental, reconstruída, sen descendencia, con descendencia propia /adoptada/ou por novo matrimonio ou parella de feito; e non só cambia a estrutura, senón tamén trazos básicos da súa composición. Pese a este cambio nas dinámicas familiares, en Galicia as redes familiares continúan funcionando, podéndose afirmar que a nosa contorna socio/cultural segue sendo profundamente “familista”.

A institución familiar, a pesar dos augurios que en décadas pasadas anunciaron o seu fin diante dos avances da “modernidade”, segue ocupando un lugar central na vida da poboación, xa sexa mediante modalidades que aseguran a mantenza de “vínculos fortes” ou doutras formas familiares nas que rexen os “vínculos débiles”⁸⁴.

Sábese que a variación do número de fogares é un fenómeno xeral e en parte independente das compoñentes do crecemento da poboación. Con matizacións importantes, pois se ben a natalidade non supón un aumento do número de fogares, a mortalidade si actúa directamente na mingua dos fogares unipersoais⁸⁵. As migracións pola súa parte, dependendo do seu carácter, poden ter unha repercusión directa cando se trata de migracións de fogares completos⁸⁶. As variacións nas formas de convivencia tamén poden traducirse na aparición de novos fogares e a desaparición doutros previamente existentes. Sucede así co fenómeno da emancipación da mocidade ou nos casos de formación e de ruptura da parella.

O aumento da esperanza de vida e o conseguinte efecto de envellecemento polo cumio do histograma de representación da estrutura de idades entraña a súa vez un incremento dos fogares unipersoais de persoas maiores que, non esquezamos, tenden a vivir soas ata idades cada vez máis avanzadas. O cambio de residencia cara un establecemento colectivo significa pola contra a desaparición dun fogar destas características.

Nos países da nosa contorna occidental ao descenso e retraso da fecundidade súmase o aumento dos fogares individuais de persoas que deciden vivir soas e o retraso na idade de formar parella. O incremento de rupturas de parellas constitúe outro factor de aparición de fogares unipersoais e monoparentais ou monomarentais, mentres que a reconstitución de parellas pode producir o efecto contrario.


83 Compre lembrar que o fogar privado defínese como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda principal ou parte dela, e consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento. A familia é un grupo de persoas (dúas ou máis) que, residindo na mesma vivenda familiar, están vinculadas por lazos de parentesco, xa sexan de sangue ou políticos, e independentemente do seu grao. Polo tanto, fogar e familia diferéncianse en que o fogar pode ser unipersoal, mentres que a familia ten que constar, polo menos de dous membros.

84 As diferencias dentro do espazo europeo entre países que manteñen vínculos familiares fortes (modelo “familista” de maior vixencia, en xeral, na Europa Mediterránea) e aqueles outros nos que dominan os vínculos débiles (norte e centro de Europa) responden á forma en que sentimentos e afectos se concretan en relacións sociais.

85 A mortalidade non só provoca a diminución do número de fogares unipersoais ao falecer as persoas que viven neste tipo de fogares, senón que tamén inflúe na transformación de fogares compostos por parellas sen fillos en fogares unipersoais ao falecer algún dos compoñentes da parella (o que faría aumentar o número de fogares unipersoais).

86 No caso das migracións de persoas soas o seu efecto, máis que no número de fogares reflíctese no crecemento doutros tipos sen núcleo. Razóns de diversa natureza levan a que os emigrantes nun período máis ou menos longo tras a súa chegada adoiten agruparse en fogares complexos nos que o vínculo fundamental, ademais da veciñanza, é o de compartir os gastos da vivenda.

Mapa 40. Idade media dos fogares unipersoais. Galicia (áreas), 2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da *Enquisa estrutural a fogares* (IGE)

Estes cambios na dinámica socio demográfica dos países avanzados reflíctense, e vémosto ben no caso de Galicia, nunha estrutura na que cobra maior protagonismo o aumento do número de fogares máis pequenos e, xa que logo, asístese a unha progresiva redución do tamaño medio e un crecemento do número de fogares máis rápido que o da poboación.

A composición dos fogares unifamiliares reflicte importantes mudas no seu contido, aínda que a súa forma continúe en gran medida sendo a mesma. Mudas que se suceden en función das diversas etapas da familia nuclear, xa sexa unha parella, un núcleo biparental ou unha persoa soa tras a emancipación dos seus fillos e ou fillas e a separación ou morte da súa parella.


Temos unha boa constatación do anterior en Galicia: no último período intercensal o crecemento da poboación galega foi do -2,7 mentres que o número de fogares (identificados como “vivendas principais”) incrementouse nun 3.01 por cento entre 2011 (1.059.233) e 2021 (1.091.091). É de salientar unha vez máis que os cambios que sorprenden hoxe en día veñen producíndose dun xeito paulatino, sen debuxar saltos abruptos. Se no último cuarto do século XX e os primeiros lustros do XXI o protagonismo na estrutura do fogar correspondíalle en Galicia ao fogar composto por unha parella cos seus fillos e/ou fillas, esta estrutura de fogar iría perdendo a súa presenza maioritaria polo crecemento exponencial doutro tipo de fogares: o fogar composto por unha parella sen fillos e/ou fillas⁸⁷ e os fogares unipersoais.

87 É importante ter en conta que a tipoloxía parella sen fillos/as refírese a parellas nas que non hai fillos/as vivindo con elas no fogar (pero non necesariamente que non teñan fillos ou fillas), é dicir inclúen matrimonios maiores que teñen fillos e/ou fillas pero non viven con eles. No 2021 o 23,97% dos fogares eran parellas sen fillos e/ou fillas e o 10,3% do total de fogares eran parella sen fillos e/ou fillas cos dous membros da parella maiores de 65 anos.

No 2021, o 9,98% dos fogares de Galicia son monoparentais: 3,87% con algún fillo e/ou filla menor de 25 anos e 6,11% con todos os fillos e/ou fillas maiores de 25 anos.

No apartado de series enlazadas do IGE (da EEF) hai datos de fogares segundo tipoloxía.

Gráfico 92. Fogares segundo a súa tipoloxía (%). Galicia. 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)


Pódese apreciar no anterior gráfico, algo xa ben sabido a tenor do que levamos visto: o tipo de familia predominante en Galicia é o das parellas con fillos. Independentemente do ano no que se atope, este grupo acada a porcentaxe máxima en 2008 cun 35% do total de fogares e descende de forma constante ata 2021, onde chega a situarse no seu punto máis baixo, o 30%⁸⁸.

O segundo tipo de familia maioritario é o das parellas sen fillos, que agrupan máis dun 20% dos fogares en 2007, e ascenden case ao 25% en 2021, polo que a súa evolución non presenta grandes cambios.

As familias unipersoais preséntanse como o terceiro tipo de familia. No 2007 situábase por debaixo das parellas sen fillos, pero rematan 2021 case igualadas.

É de salientar que, entre os tipos de fogares minoritarios, as familias sen núcleo son as menos presentes na sociedade galega, seguidas das familias con varios núcleos, ambas con menos dun 5% do total.

Gráfico 93. Núcleos familiares segundo a tipoloxía do núcleo. Galicia, 2002-2007*



*Non hai datos máis recentes.

Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

⁸⁸ No apartado de series enlazadas do IGE (da EEF) hai datos de fogares segundo tipoloxía desde 1999. Con estes datos, porcentaxe de fogares da tipoloxía parellas con fillos ten o seu máximo en 1999 (que era do 39,58%, moi superior ao 35 % dos anos 2007-2008. No caso das parellas sen fillos, en 1999 representaban o 16,63 %.


Os datos dos anos 2002-2007⁸⁹, que recollen para Galicia os núcleos familiares segundo a tipoloxía do núcleo, mostran que os tipos de núcleos maioritarios son, en primeiro lugar, os formados polas parellas con fillos: presentan en 2002 un 60% dos casos, reducíndose ata o 54% en 2007. Os de parellas sen fillos son o segundo tipo de núcleo familiar máis presente. As familias monoparentais son o núcleo familiar minoritario, pero resulta imprescindible diferenciar os datos desagregados segundo o sexo.

A presenza de familias monomarentais (só femininas) é superior ao 10%, situándose moi por enriba das familias monoparentais, só masculinas, con menos dun 5%. Ao non dispoñer de datos máis recentes, descoñécese a evolución seguida por este núcleo familiar de forma desagregada.

No tocante á incidencia dos fogares unipersoais segundo o tamaño do municipio, obsérvase no seguinte gráfico que tiñan unha maior presenza nos municipios de máis de 10.000 habitantes no ano 2007. En 2021 pasan a estar máis presentes nos de máis de 50.000 habitantes. Nos municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes os fogares unipersoais están menos representados, aínda que aumentaron dun 15% en 2007 a máis dun 20% en 2021, e rematan igualándose aos de 10.000 a 20.000 habitantes.

En liñas xerais podemos afirmar que a presenza de fogares unipersoais aumenta no tempo, independentemente do tamaño do municipio, aínda que este crecemento é máis pronunciado nos municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes e nos de máis de 50.000 habitantes.


Gráfico 94. Fogares unipersoais segundo o tamaño do municipio (%). Galicia.2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

A media de idade dos fogares unipersoais, como reflicte o seguinte gráfico, é superior aos cincuenta anos en ambos sexos, porén nas mulleres é de case 70 mentres que nos homes está por debaixo dos 60.

Gráfico 95. Idade media dos fogares unipersoais segundo o sexo (%) Galicia.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

⁸⁹ Non hai datos máis recentes no IGE. Si hai información no INE, na Encuesta Continua de Hogares con datos ata 2020.

O número de fogares unipersoais crecen tanto no caso das mulleres como no dos homes⁹⁰. Nestes últimos pasan a ser de 72.179 a 106.943 en 2007. No caso das mulleres de 118.273 a 140.611.

Gráfico 96. Fogares unipersoais. Porcentaxes de fogares de menores de 30 anos. 2007-2021.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

No caso dos que están formados por homes, no ano 2010 acadan o seu punto máximo, sendo case un 10% dos fogares unipersoais, e o seu punto máis baixo no 2018 cun 2,5 %. No caso dos fogares unipersoais formados por mulleres menores de 30 anos, presentan no 2007 e no 2015 o seu punto máximo cun 4%, e no 2018, igual que no caso dos homes, presentan o punto máis baixo cun 1,5%. Nos anos 2015 e 2019 converxen as cifras de homes e mulleres menores de 30 que conforman fogares unipersoais.

Os fogares unipersoais formados por homes de 30 a 44 anos son, en 2021, 21.516 o que supón o 20,12 % sobre o total de fogares unipersoais masculinos. No caso dos fogares unipersoais de mulleres de entre 30 e 40 anos estes son 13.339 fogares (sendo o 9,49 % do total de fogares unipersoais femininos). Aínda que a diferenza entre sexos do peso que representan os fogares unipersoais desta idade sobre o total de fogares unipersoais sexa do 10%, os fogares unipersoais de persoas entre 30 a 44 anos son un 61,7% homes e o 38,3% mulleres (con máis de 20 puntos porcentuais de diferenza).


Gráfico 97. Fogares unipersoais. Porcentaxes de fogares de idades de 30 a 44 anos segundo sexo. 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

⁹⁰ A información dos gráficos seguintes proveñen da táboa Fogares unipersoais segundo o sexo e idade, na que se facilita o número de fogares unipersoais segundo sexo e idade e a distribución destes fogares unipersoais por idade para cada un dos sexos. Así pois as porcentaxes representadas nos gráficos son as porcentaxes de fogares de menores de 30, de 30 a 44, de 46 a 64 ou de máis de 65 anos sobre o total de fogares unipersoais para cada un dos sexos e non a distribución por sexo dos fogares de menores de 30 (e de 30 a 44, de 46 a 64 ou de máis de 65 anos). Podería darse o caso que sendo maior a porcentaxe representada para un sexo no gráfico nunha determinada idade sexa superior a do outro sexo pero que teñan menor número de fogares. Por exemplo no 2020 os fogares unipersoais masculinos de menores de 30 anos (4.313) son o 4,25% do total de fogares unipersoais homes (101.468) mentres no caso das mulleres son o 3,68% (5.081 fogares de mulleres menores de 30 de 138.150 fogares femininos). Pero si se considera o total de fogares unipersoais de menores de 30 (9.394=4.313+5.081), os fogares unipersoais femininos son superior en número aos masculinos.


Gráfico 98. Fogares unipersoais. Porcentaxes de fogares de idades de 45 a 64 anos segundo sexo. 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Vemos que cambia a tendencia anterior no caso dos fogares unipersoais integrados por unha persoa maior de 65 anos segundo sexo. Os fogares compostos por unha muller maior de 65 anos superan aos compostos por un home da mesma idade, con diferenzas marcadas de ata 30 puntos porcentuais. Este cambio pode explicarse pola xa mencionada maior esperanza de vida das mulleres.

Gráfico 99. Fogares unipersoais integrados por unha persoa maior de 65 anos segundo sexo.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Os territorios nos que a idade media é máis alta nos fogares unipersoais atópanse no sur de Galicia, principalmente no interior. A idade media supera os 67,15 anos nas áreas de Ourense Sur (O Carballiño-O Ribeiro), Lugo Sur e Pontevedra Sur. As seguintes con idade media máis elevada comprenden tres áreas de costa, Ferrol-Eume-Ortega na provincia da Coruña e Caldas-O Salnés e O Morrazo en Pontevedra, e unha de interior na área de Ourense. As áreas coa idade media de fogares unipersoais máis baixa están repartidas entre as provincias de Pontevedra, A Coruña e Lugo. As áreas que forman parte deste conxunto son as de Vigo, Santiago, A Mariña lucense e Lugo Oriental.

Nas páxinas seguintes a atención vai estar fixada nos fogares con persoas novas. No caso dos fogares con nenos/as e mozos/as a cargo a provincia de Pontevedra é a que presenta unha porcentaxe máis alta que nas demais provincias, e por enriba da media galega. En segundo lugar aparece A Coruña, e por último, Lugo e Ourense con porcentaxes moi similares.

A menor presenza de persoas novas nos fogares está directamente relacionada co comportamento da fecundidade, unha variable demográfica que, como vimos, acada valores máis reducidos nas provincias orientais. Para tódolos casos, a porcentaxe de familias con menores ao cargo diminúe co paso do tempo.


Gráfico 100. Fogares con nenos/as e mozos/as a cargo (%). Galicia e provincias. 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Na meirande parte de fogares galegos non hai menores de 5 anos. Supoñen un 90% e ascenden lixeiramente co paso do tempo. Nos que si hai menores de 5 anos non chegan ao 10% e son cada vez menos a medida que nos achegamos ao final do período.


Gráfico 101. Fogares segundo o número de persoas menores de 5 anos (%). 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

No 2021, no 78,36% de fogares galegos non hai menores de 16 anos. Tan só en algo máis do 20% (21,64) hai unha persoa menor de 16; mais concretamente, o 13,34% dos fogares tiñan unha persoa de menos de 16 anos e o 8,30 % restante contan con dúas ou máis.


Gráfico 102. Fogares segundo o número de persoas menores de 16 anos (%). 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

A incidencia dos fogares compostos por persoas menores de 35 anos sobre o total de fogares galegos ten pouco peso ao longo de toda a serie temporal e presenta unha tendencia descendente. No 2007 supoñían o 10% baixando ata un 5% en 2021, nos últimos anos as cifras estabilízanse, pero sen indicios de recuperación.


Gráfico 103. Fogares compostos por persoas menores de 35 anos (Incidencia).2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

A maior parte de mozos e mozas de entre 18 e 24 anos viven no fogar familiar, independentemente do ano no que nos situemos, mais no caso dos homes a porcentaxe é lixeiramente superior. No tramo de idade dos 24 aos 34 anos, o 40% das mulleres e máis do 50% dos homes conviven no fogar familiar⁹¹.

Gráfico 104. Mozos/as que viven cos pais e nais segundo sexo e idade (Incidencia). 2007-2021.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

91 En mulleres a incidencia pasa do 42% en 2007 ao 39% en 2021.

A maior proporción de fogares con menores de 16 anos atopase nas áreas costeiras de Caldas-O Salnés, O Morrazo e Pontevedra; e a de Santiago no interior. Aquelas cunha menor incidencia son as do interior, nas provincias de Ourense e Lugo. Estas áreas que presentan unha incidencia de entre 12,46 e 16,28 dos fogares con algún menor son O Carballiño-O Ribeiro, Ourense Sur, Lugo Oriental e Lugo Sur.


Mapa 41. Fogares con algún menor de 16 anos (incidencia). Galicia (áreas).2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Se agora fixamos a atención na análise dos fogares con persoas maiores, atopámonos con que en máis da metade de fogares galegos non hai persoas maiores de 65 anos. En máis dun 20% hai unha. E só en menos dun 20% hai dúas ou máis. Non obstante, é importante destacar que a porcentaxe representada polos fogares nos que hai algunha persoa maior ascende co paso do tempo, en liña co progresivo proceso de envellecemento da poboación.


Gráfico 105. Fogares segundo o número de persoas de 65 ou máis anos. Galicia.2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Lugo e Ourense atópanse por enriba da media galega no que se refire ao número medio de persoas de 65 o máis anos vivindo no fogar. Máis achegadas á media, pero aínda por debaixo desta, están Pontevedra e A Coruña. De forma paulatina e continuada pode observarse que cada vez hai máis persoas dentro deste rango de idade nos fogares. A única baixada, e non moi marcada, aparece nas provincias de Lugo e Ourense no ano 2011.

Gráfico 106. Número medio de persoas de 65 ou máis anos no fogar. Galicia e provincias. 2007-2021.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

As áreas cun maior número medio de persoas con 65 anos ou máis no fogar coinciden con aquelas que rexistran menor incidencia de fogares con algún menor de 16 anos. Estás áreas son O Carballiño-O Ribeiro, Ourense Sur, Lugo Oriental e Lugo Sur.

Por outra parte, é de destacar que as áreas con menor media coinciden coas tres principais cidades do eixo atlántico, A Coruña, Vigo, Santiago, e os seus arredores, xunto con O Morrazo. Seguidamente, cunha mediade entre 0,59 e 0,66, atópanse as zonas das Rías Baixas (Caldas-O Salnés, Pontevedra Sur, Pontevedra) e a área de Ourense.


Mapa 41. Número medio de persoas de 65 ou máis anos no fogar. Galicia (áreas). Ano 2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

No referido á tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 e máis anos é de interese coñecer a súa incidencia para saber o peso deste tipo de fogares no total de fogares de Galicia. Incidencia que subiu tres puntos porcentuais desde 2007, cando era do 20%). Por tipoloxía, dentro dos fogares unipersoais de Galicia, algo máis da metade (51,42% en 2021) son fogares de persoas de 65 ou máis anos.

Gráfico 107. Distribución porcentual segundo a tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia, 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Táboa 15. Tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia.2021.

	Incidencia	Porcentaxe	Número
Unipersoal	51,42	50,31	127.296
Parella sen fillos	42,97	43,68	110.511
Outro tipo	2,67	6,01	15.198
Total	23,58	100	253.004

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares


"Outro tipo" inclúe: "Sen núcleo", "Parella con fillos", "Monoparental", "Un núcleo e outros" e "Varios núcleos".

A incidencia calcúlase, para cada tipoloxía, como a porcentaxe dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos sobre o total de fogares nesa tipoloxía.

Se levamos agora a atención ás parellas con fillos e/ou fillas segundo o tamaño do municipio (como se reflicte no seguinte gráfico), vemos que máis do 40% das parellas con descendencia concéntranse nos municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes; unha porcentaxe superior aos demais tamaños, mais con poucas diferenzas con respecto aos municipios de entre 10.000 e 20.000 e aos de máis de 50.000 habitantes.

A nivel municipal observase que máis do 40% das parellas con descendencia concéntranse nos municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes. Nos municipios de menos de 10.000 habitantes é onde existe un menor número de parellas con fillos, entre o 25 e o 30% do total. Segundo os resultados obtidos, podemos apreciar que as parellas con fillos descenden en tódolos municipios, pero no caso dos de entre 20.000 e 50.000 e nos de máis de 50.000 presentase un descenso máis pronunciado, aínda mantendo uns valores máis elevados. O descenso da fecundidade e o progresivo avellentamento da poboación poden explicar a menor relevancia deste tipo de núcleo familiar nos concellos máis pequenos.

Gráfico 108. Parellas con fillos e/ou fillas segundo o tamaño do municipio (%). Galicia.2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)


Pode observarse verbo dos fogares monomarentais e monoparentais segundo o tamaño do municipio que, en tódolos anos analizados, este tipo de fogares concéntranse maioritariamente nos municipios de máis de 50.000 habitantes (44,59%), seguidos dos municipios de menos de 10.000; sen embargo, hai que destacar que isto está suxeito a importantes variacións temporais. Así, por exemplo, no ano 2009 prodúcese un aumento importante nos municipios de 10.000 a 20.000 que chegan a igualarse cos de máis de 50.000 habitantes. A tendencia xeral é dun aumento da presenza de familias monoparentais, pero que se produce con altibaixos segundo o tamaño do municipio.

Táboa 16. Fogares monomarentais e monoparentais segundo o tamaño do municipio. 2021.

Menos de 10.000 habitantes	319.715
Entre 10.000 e 20.000 habitantes	181.292
Entre 20.000 e 50.000 habitantes	170.577
Máis de 50.000 habitantes	401.447
Total	1.073.031

Compre interpretar con moito tino a distribución dunha tipoloxía de fogar segundo o tamaño dos concellos xa que non todas as categorías teñen, obviamente, o mesmo número de fogares. Se se pretende coñecer se hai diferenzas no tipo de fogares que viven en concellos grandes ou pequenos deben analizarse de forma conxunta todas as tipoloxías de fogar en cada categoría de tamaño de Concello, como se recolle na seguinte gráfica do IGE

Gráfico 109. Distribución da tipoloxía do fogar segundo o tamaño do municipio. 2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Temos así que os fogares compostos por unha parella sen descendencia triplicaron a súa presenza nestes anos, en tanto que os unipersoais hanse quintuplicado. En Galicia actualmente, tres de cada dez fogares son de parella con fillos e/ou fillas; unha cuarta parte, de parella sen descendentes, e outra cuarta parte, unipersoais. O resto están compostos fundamentalmente por fogares de núcleo monoparental e/ou monomarental; e un pequeno grupo sen familia.

Os datos analizados ata o momento presentanse de forma sintética na seguinte enumeración:

- Respecto aos tipos de fogares que compoñen a sociedade galega, podemos afirmar que as que predominan son as parellas con fillos, a pesar de seguir unha tendencia descendente no tempo. No extremo oposto, atópanse as familias sen núcleo, que son as menos frecuentes. Cabe mencionar que o número de familias monomarentais e monoparentais aumenta co paso dos anos, con grandes diferenzas entre sexos, sendo maioritariamente femininas.
- Ao observar a presenza dos diferentes tipos de fogares segundo o tamaño dos municipios podemos observar que, as parellas con fillos están máis presentes nos municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes, as monoparentais nos de máis de 50.000, as dun núcleo e outros nos de menos de 10.000, e, no caso das unipersoais resulta difícil extraer unha tendencia, xa que varían no tempo de forma irregular.

- Segundo o número de persoas, a maioría de fogares galegos están compostos por entre dous e tres membros, sendo as familias numerosas, de 5 a 6, as menos frecuentes.
- Polo que se refire aos fogares unipersoais, por norma xeral é máis probable que este tipo de fogares estean integrados por mulleres, aínda que na serie temporal compróbase que hai unha tendencia a converxer entre os sexos.
- As persoas que viven en solitario son maioría varóns cando a idade está por debaixo dos 30 anos. Pola contra, se observamos o grupo de maiores de 65 anos comprobamos que predominan as mulleres cunha diferenza significativa, o que pode explicarse se temos en conta que a poboación feminina é máis lonxeva.
- Na inmensa maioría de fogares galegos non hai membros menores de 16 anos, esta tendencia lonxe de invertirse, aumenta co tempo. Se observamos os datos desagregados por sexos os homes menores de 35 anos teñen máis probabilidades de convivir cos pais/nais que as mulleres.
- No ano 2021 en 474.971 dos 1.073.031 fogares galegos (no 44,26%) hai polo menos un membro de 65 anos ou máis, e tenden a residir en fogares de tipo unipersoal en máis da metade dos casos. A tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 e máis anos correspóndese co 23,58% dos fogares de Galicia. Destes fogares a metade (50,31 %) son unipersoais, seguido das parellas sen fillos (43,68 %). Resulta esencial ter en conta o desigual risco de pobreza que enfrontan as persoas desta idade que residen soas, afectando máis a mulleres que a homes. A taxa de pobreza é de 13,48% en homes e 23,27% en mulleres. Cómpre salientar que nos anos previos á crise sanitaria a porcentaxe de fogares unipersoais de maiores de 65 en risco de pobreza é maior que nos anos posteriores, nos que descende considerablemente.

Abundando nos datos, a última *Enquisa Estrutural a Fogares* (IGE, 2022) que a tipoloxía máis habitual é a formada por unha parella con fillos e/ou fillas, que constitúe o 30,37 por cento do total de fogares. Por provincias, Lugo e Ourense son as que contan cunha menor porcentaxe de fogares desta tipoloxía, mentres que son as provincias onde a porcentaxe de fogares unipersoais é máis elevada. Na maior parte dos anos da serie é así e a porcentaxe de fogares de tres persoas é superior ao de unha, e polo tanto está en segundo lugar; pero xusto no último ano (no 2021) o 33,36% dos fogares estaban formados por dúas persoas, seguido do 23,07% dos fogares que tiñan unha e despois do 22,42% que tiñan tres. Vendo a tendencia, parece que esta situación vai quedar así xa que os fogares van sendo cada vez máis pequenos (con menos persoas). Así os fogares de tres, catro ou cinco persoas perden peso no período 2007-2021 (os de tres pasan de seren o 24,25% dos fogares en 2007 ao 22,42% no 2021, os de catro pasan dun 17,99% a un 15,96% e os de cinco dun 6,07% a un 3,77%) mentres que aumentan os fogares con dúas ou unha persoa (os de dúas pasan de 30% a 33% e os de unha de 18,79% ao 23,07%)

A comprensión da transición familiar en Galicia sería moi insuficiente sen resaltar outras transformacións de natureza socioeconómica, como o maior grao de formación das persoas mozas e a maior incorporación das mulleres ao traballo remunerado. Dispoñer de maior formación e de emprego posibilitou que esas xeracións de mulleres e homes teñan agora un deseño de vida semellante, transformando a organización e as relacións interpersoais dentro das familias. Enténdese que as novas expectativas en canto a educación e emprego atrasen a idade tanto do matrimonio como a de constitución de parellas de feito e a idade á que se ten descendencia, e cando esta acontece para as mulleres seguen sendo maiores as dificultades á hora de compatibilizar os coidados familiares e o traballo remunerado.

A teor destes cambios foron cobrando maior importancia os fogares unipersoais á vez que se continuaba o proceso xa coñecido de “verticalización da familia”, aludíndose con iso á coexistencia de varias xeracións, aínda que non necesariamente convivindo baixo o mesmo teito, cada unha delas con poucos efectivos.

No contexto do noso réxime de benestar, integrado dentro do modelo mediterráneo, a familia desenvolve un labor intensivo e extensivo de produción e distribución de benestar dirixido aos seus membros, de todas as idades, que demandan distintos graos de atención. Neste labor, a familia mostra gran capacidade de adaptación, axustando e reaxustando os seus recursos e os da contorna as condicións cambiantes que

estes lle demandan, como recentemente vimos que sucedeu na conxuntura crítica desatada pola irrupción da pandemia de Covid-19.

Cómpre insistir, nun momento de importantes cambios nas familias e nos fogares, na gran vitalidade e variedade de formas que mantén a institución familiar ao tempo que permanece como ámbito de seguridade, apoio e axuda para os seus membros, e que se mostra capaz de incorporar traxectorias vitais máis complexas. As redes familiares conservan unha gran fortaleza, funcionando aínda que non se resida no mesmo fogar.

As dinámicas examinadas permítenos concluír que, en particular, a emancipación, a diversificación das vías de formación familiar – matrimonio, parella de feito, maternidade en solitario–, o incremento das rupturas conxugais e a creación de novos vínculos familiares a través da formación de segundas unións conxugais, aumentaron de forma considerable a pluralidade de configuracións familiares mostradas en páxinas anteriores.

A solidez da institución familiar resta todo fundamento ao temor a que os cambios familiares, e nos fogares, impliquen de seu unha perda dos valores afectivos e de solidariedade interxeracional e de protección dos seus membros máis vulnerables; valores que se consideran propios da institución familiar. Neste contexto, faise obrigado, antes ben, apoiar e promover o libre desenvolvemento das familias.

Cómpre por outra parte salientar a baixa incidencia da infecundidade. Os fogares de parellas con fillos e/ou fillas e os monomarentais e monoparentais son clara maioría. A última Enquisa de Fecundidade do INE faise eco do desexo manifesto (de mulleres e homes) de chegar a ter un segundo fillo ou filla.

Dar visibilidade e valorar en termos económicos e de sostemento da vida o traballo reprodutivo (traballo doméstico e de coidados realizado nos fogares) implica a superación de estereotipos de xénero, moi arraigados, que responsabilizan en exclusiva ás mulleres do mantemento e control dos traballos domésticos, aínda para aquelas mulleres que se incorporaron ao mercado laboral⁹². Na superación dos estereotipos de xénero e na asunción dos valores da “ética do coidado” (a “ethics of care” na formulación de Carol Gilligan) por homes e mulleres precísase que desde os propios fogares, a administración e as empresas se desenvolvan actuacións de información, formación e sensibilización.

92 Se ben os valores de coresponsabilidade están sendo cada vez máis asumidos por mulleres e homes, en especial pola xuventude, necesítase seguir promovendo unha educación en igualdade que consolide a tendencia social favorable respecto á coresponsabilidade, fomentando a asunción equilibrada de responsabilidades domésticas e de coidados.

Capítulo 6

Formación e innovación

Introdución.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) definiu a formación como a preparación sistemática, con vistas a mellorar as facultades que teñen as persoas para desempeñar funcións de interese comercial e social. Esta visión abrangue un conxunto amplo de eidos que forman a ensinanza, a formación e a capacitación para o traballo, e converte ás políticas activas de emprego nun instrumento que facilita a integración das persoas traballadoras, en concreto dos colectivos con mais dificultades para formar parte da poboación activa e ocupada.

As principais forzas que impulsan os cambios laborais son, a día de hoxe, a mundialización, o progreso tecnolóxico da información e das comunicación, os cambios nos mercados financeiros, as estratexias empresariais e as novas formas de xestión e organización do traballo. Estas formas, que se retroalimentan, auguran unha economía na que a produción dos bens e servizos é cada vez mais dependente da capacitación das persoas.

O cambio tecnolóxico, nomeadamente, a intelixencia artificial (IA), as tecnoloxías da información, telecomunicacións e investigación, demanda cada vez mais capacitacións e adaptacións ligadas tamén aos cambios na organización do traballo e da adopción de novas prácticas empresariais. Así, pode dicirse que o potencial produtivo da tecnoloxía ven determinado pola dispoñibilidade e calidade da formación, así como das capacitacións que se imparten. Porén, o desenvolvemento das capacitacións por medio da formación debería ser a resposta estratéxica ao cambio tecnolóxico, á mundialización e ás demais forzas que afectan aos mercados de traballo.

A OIT insiste en que a tendencia a esixir maior nivel de capacitacións que amosa a nova xeración da tecnoloxía, faise visible no eido da información e da comunicación, mais tamén en determinados procesos de fabricación, na produtividade e na demanda de persoas traballadoras con capacitacións de máis nivel e con máis competencias no seu lugar de traballo, que esixirán tamén, salarios mais elevados.

As novas tecnoloxías substitúen a traballadores non especializados e aumentan a valoración das capacitacións e competencias avanzadas nas economías industrializadas. No sector servizos, o cambio tecnolóxico crea novas categorías de ocupacións altamente capacitadas en campos coma o dos coidados, a saúde, os servizos financeiros e empresariais, mais tamén na produción de bens onde a flexibilidade e a iniciativa das persoas empregadas abre un mundo novo de oportunidades que están para aproveitalas.

A capacidade de calquera persoa para enfrontarse ao mercado laboral ten moita relación coa educación de base. A educación debe dotar aos individuos de ferramentas indispensables como son saber ler, comprender a lectura, escribir, calcular, etcétera, para seren quen de actuar e progresar no futuro. As capacitacións básicas, entre as que se atopa a de identificar, analizar e resolver os problemas, aprender a aprender cada certo tempo e adaptarse aos requirimentos, é unha prioridade desde unha idade temperá, así como a capacidade de adaptación aos cambios sociais e de comunicación.

A formación primaria e secundaria abarca, desde hai décadas, a prioridade das políticas públicas encamiñadas a mellorar a produtividade e flexibilidade da forza de traballo. As investigacións do Banco Mundial poñen de manifesto que as persoas cun nivel de estudos equivalente á secundaria teñen un 50% mais de oportunidades de recibir formación no lugar de traballo que as que só teñen educación primaria e, polo tanto, o dobre de posibilidades de progresar.

En síntese, dispor de persoas con capacidades adecuadas e talento é un factor cruce para impulsar todo o potencial de transformación territorial sobre a base do coñecemento e a innovación, permitindo evolucionar a economía e dar resposta, ao mesmo tempo, ás necesidades e demandas da sociedade.


O termómetro da formación de base en Galicia

Distintos organismos internacionais realizan avaliacións sobre o nivel e grao de consecución dos obxectivos educativos. O mais relevante é o Programme for International Student Achievement (Programa internacional de avaliación do alumnado ou PISA) no que participan os países da OCDE e outros asociados. O exame ao alumnado de 15 anos sobre coñecementos e habilidades de lectura, matemáticas e ciencia aplicados á vida real realízase cada tres anos, exceptuando a paréntese da pandemia. Desde o ano 2006 inclúese unha mostra rexional na que participa Galicia para obter os datos e a evolución do alumnado galego en relación co resto dos participantes, que representan arredor do 90% da economía mundial, en ámbitos como a comprensión lectora, matemáticas e ciencia. O último informe data do ano 2018 á espera de que se publiquen os datos do último PISA, que sufriron o retardo correspondente á pandemia no ano 2021, no que non se puideron realizar as probas.

Na edición de 2018 Galicia situouse no primeiro posto en Ciencias en España, con 510 puntos, 21 puntos máis que a media da OCDE e por riba dos 483 de media en España, mentres que quedou en quinto lugar na área de matemáticas, tras Navarra, Castela e León, País Vasco e Cantabria, con 498 puntos, nove máis que a media da OCDE e 17 por riba da media española. En comprensión lectora só Castela e León e Asturias superan a puntuación obtida polo alumnado galego en territorio español, a pesares de que Galicia baixa puntuación respecto ao informe PISA de 2015, cando obtivo a nota de 509 puntos fronte aos 494 últimos. Esta cifra agocha a fenda en comprensión lectora que hai entre as mulleres, que obtiveron unha puntuación de 514 puntos, semellante á comprensión lectora das nenas en Xapón, Alemaña ou o Reino Unido; mentres que os rapaces galegos están 38 puntos por debaixo, sendo Galicia a segunda comunidade, tras Cataluña, onde maior é a fenda de lectura por razón de sexo, non así por centro educativo público ou privado, onde apenas hai diferenza.

O sistema educativo galego aproba en equidade, a pesares de que estudantes que proveñen dun fogar acomodado teñen 60 puntos máis en comprensión lectora que os que pertencen a familias con menos recursos, é a cuarta comunidade española onde menos pesa a procedencia de orixe, por baixo da media, 74. A diferenza en Galicia é menor que a que se ten de media en calquera dos países da OCDE. Por último, Galicia non é a comunidade autónoma con maior porcentaxe de alumnado desfavorecido cun rendemento superior en canto a comprensión lectora, senón a terceira, xa que a Comunidade Valenciana e Cantabria presentan porcentaxes superiores ao de Galicia. Onde se atopan maiores eivas é en autosuficiencia, estando o alumnado galego á cola en canto a capacidade para facer fronte a circunstancias adversas e desenvolverse nun contexto difícil ou mesmo realizar varias cousas á vez.


Gráfico 110. Centros de educación infantil. Galicia. 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

As escolas destinadas, en exclusiva, a atender as necesidades da infancia entre os 3 e os 6 anos teñen experimentado un descenso moi destacado, coa perda de case 2/3 terzos do número de centros no que vai de século. Estas eran as continuadoras das tradicionais escolas unitarias que un día inzaron as parroquias galegas e, por iso, o seu número sempre foi moi superior nas ZIP e nas ZPP que nas ZDP, integradas polas sete cidades onde a pegada parroquial esmorecera moito máis pronto no tempo.


Gráfico 111. Centros de educación infantil. Galicia. Distribución porcentual 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Se vemos a distribución porcentual destes centros, podemos observar un importante esforzo, centrado moi maioritariamente no sector público, en manter a participación das ZIP e, en menor medida, das ZPP nun contexto de forte caída do número de nenos e nenas. Sen dúbida, a creación do Centros Rurais Agrupados (CRA), en 1986, está detrás deste comportamento. Uns CRA que resisten moito mellor nas ZIP que nas ZPP onde van perdendo unidades case que cada ano.


Gráfico 112. Centros de Educación infantil e primaria. Galicia 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Este é o modelo de agrupamento das ensinanzas obrigatorias predominante en Galicia. A caída do número de centros deste tipo ten sido moito menor que o das escolas de educación infantil, pero non deixa de ser significativa, cunha redución de 16 puntos ao longo deste século. Todas as zonas de distribución da poboación teñen sufrido esta mingua.


Gráfico 113. Centros de educación infantil e primaria. Distribución porcentual 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Neste tipo de centros, a baixa da participación das ZPP é maior que no das escolas infantís que as leva a perder a primacía en beneficio das ZIP, que teñen un incremento relativo similar ás ZDP. Con todo, a perda de participación do 18.5% das ZPP no conxunto da poboación galega non ten aínda unha tradución directa no descenso de número de centros de infantil e primaria. Unhas ZPP, lembremos, que representan o 81,8% do territorio do país.


Gráfico 114. Unidades docentes infantil/primaria no sector público. Galicia 2013-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Se colocamos o foco da nosa análise non no número de centros senón nas unidades docentes que os centros do sector público ofrecen, daquela podemos ver que as caídas de 2/3 nas escolas de infantil ou do 16% dos centros de infantil e primaria se moderan considerablemente se falamos de unidades docentes, ata un 2% no presente século. Ese descenso débese as pequenas caídas nas ZIP e nas ZPP, xa que nas ZDP tense producido mesmo un lixeiro incremento.


Gráfico 115. Unidades docentes infantil/primaria no sector público. Distribución porcentual 2013-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

A resiliencia que vimos nas cohortes de ata 14 anos nas ZDP, especialmente, e nas ZIP explicaría o mantemento da participación porcentual destas zonas de distribución da poboación e mesmo o lixeiro incremento das ZDP. Porén, a lixeira caída porcentual das ZPP contraste coa moito maior rexistrada nas cohortes anteriores aos 14 anos, nesta zona. Noutras palabras, ten habido unha clara política proactiva na provisión de unidades docentes destes niveis educativos no sector público.


Gráfico 116. Centros de Educación primaria e ESO. Galicia 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Este modelo implementouse como fórmula para aproveitar mellor os recursos humanos e materiais nas ZPP. Tamén foi o escollido por centros privados urbanos concertados que non quixeron ou non puideron ofertar a educación postobrigatoria, que estaba fora dos concertos. Isto último pode explicar a maior resiliencia que mostra o modelo nas ZDP e nas ZIP, fronte as ZPP.


Gráfico 117. Centros de educación primaria e ESO. Distribución porcentual 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

As ZPP, destinatarias iniciais deste modelo desde o sector público, manteñen a primacía porcentual a pesares do descenso, en termos absolutos, rexistrado no que vai de século. As variacións nas ZDP e nas ZIP son pouco significativas, anque estas ocupan agora a segunda posición.


Gráfico 118. Centros de ESO/Bacharelato/Formación Profesional. Galicia 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Este modelo presenta unha característica destacable. É un dos poucos que veu medrar o seu número nas ZIP manténdose, practicamente, nas ZDP e nas ZPP. A razón cómpre buscala na progresiva integración dos centros de formación profesional (FP), que foron perdendo a súa autonomía, cos centros de ESO/Bacharelato. Unha redistribución de recursos que explica o comportamento distinto que se aprecia no modelo.


Gráfico 119. Centros de ESO/Bacharelato/Formación Profesional. Distribución porcentual 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Este é o modelo que ofrece unha evolución máis homoxénea na evolución da participación das diferentes zonas de distribución da poboación. Porén, as ZIP superaron en porcentaxe ás ZDP, mentres que as ZPP apenas sofren unha pequena variación.


Gráfico 120. Unidades docentes secundaria no sector público. Galicia 2013-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Se repetimos a análise realizada para as unidades docentes que ofrecen os centros educativos do sector público nas etapas infantil e primaria e as trasladamos á etapa da educación secundaria podemos observar que esas unidades non só non teñen mingrado senón que teñen medrado en todas as zonas de distribución, agás a moi lixeira caída nas ZPP, en claro contraste coa evolución das cohortes situadas entre os 14 e os 25 anos.


Gráfico 121. Unidades docentes secundaria no sector público. Distribución porcentual 2013-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

A análise de participación porcentual de cada zona de distribución da poboación galega permite comprobar unha tendencia a concentrar os recursos de unidades docentes nas ZDP en detrimento das ZPP. Cabe destacar que a participación destas ZPP (18,94%) nas unidades docentes é menor que a observada no número de centros ESO/BAC/FP (21,05%) e de centros de Primaria/ESO (39,29%), se ben, neste último caso, cómpre volver a incidir en que se trata dun modelo especialmente acaído para as ZPP.


Gráfico 122. Centros de Primaria/ESO/Bacharelato/Formación Profesional. Galicia 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

O último dos modelos que presentan as estatísticas oficiais é tamén o que concentra un menor número de centros. O máis significativo é que se observa neste un incremento no volume de unidades en todas as zonas de distribución da poboación. Porén, esta evolución pode responder a motivos diferentes. Nas ZPP claramente estaríamos diante dunha estratexia de optimización de recursos humanos e materiais. Nas ZDP talvez habería que atribuílo a modelos de negocio do sector privado, tanto concertado como non. Nas ZIP podería haber unha mestura de ambas cousas, cun distinto nivel de intensidade segundo os lugares concretos.

Gráfico 123. Centros de Primaria/ESO/Bacharelato/Formación Profesional. Distribución porcentual 2005-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Desde o punto de vista da participación porcentual, o máis significativo, neste modelo, é a importante suba que rexistran as ZPP, que cumpriría explicar cos argumentos de racionalización de recursos xa apuntada. Mesmo, neste caso, o aumento de centros deste modelo nas ZDP non impide a perda da súa participación.

A aprendizaxe ao longo da vida. unha demanda crecente

Alén da formación básica regrada, a demanda en educación continua que realizan as empresas xustifícase pola procura de maior competitividade. As persoas paradas, sobre todo aquelas maiores de 45 anos, precisan dunha reciclaxe e actualización constante para que a súa situación non se converta nun círculo vicioso que dea coma resultado a histérese. As persoas desempregadas de longo prazo ven deterioradas as súas capacitacións, polo que precisan de impulsos para ter oportunidade de conseguir outro emprego. Os

traballadores e traballadoras da segunda oportunidade que, moitas veces carecen de estudos superiores, ou ben precisan a formación para renovar oportunidades e adaptarse aos cambios tecnolóxicos, determinan en gran medida o papel da educación e da formación ao longo do tempo.

Mais non só, a educación e a formación continuas deben dar resposta á evolución das capacitacións específicas do mercado de traballo. Para isto é un fito comprometer a todas as persoas interesadas, administración pública, persoas, empresas, nun esforzo colectivo por soste a formación continua.

O ítem máis importante en materia de equidade consiste en mobilizar aos grupos particulares, ofrecer a información e guía que precisan para tomar decisións e mellorar así a súa capacidade de organizarse e de facer un uso eficaz das oportunidades da educación, o que inclúe tamén as oportunidades de aprendizaxe que brindan as novas tecnoloxías.

En moitos países, as políticas e institucións de formación responderon mal aos cambios xeneralizados que se produciron na economía e na sociedade. A crecente necesidade de educación e formación para forxar os fundamentos da empregabilidade e capacidade ao longo de toda a vida laboral, segue sen acadar amplos sectores da poboación, que moitas veces pasa por alto a importancia da actualización constante.

Emprego e formación para a xente nova

O paro xuvenil acada cifras preocupantes. Hai unha cantidade desproporcionada de xente nova que sofre o desemprego e ve reducidas as súas alternativas a traballos precarios ou de duración determinada, empregos de mala calidade e escasos ingresos. Esta situación aboca a unha parte da mocidade a situacións de exclusión social. O desemprego xuvenil é unha prioridade para as organizacións sociais de todo o mundo como pode ser a Organización Internacional de Empregadores (OIE), a Confederación Internacional de Organizacións Sindicais Libres (CIOSL), a Organización de Estados Americanos, entre outros, que veñen traballando en proxectos de fomento do emprego xuvenil. A comisión europea focalizou as políticas para o emprego desde o ano 2000 en ofrecer novas oportunidades á xente nova, mais sen grandes avances.

As causas do desemprego ou do subemprego da xente nova adoita atribuírse a varios factores que se concatenan: a demanda de traballo, os salarios, a lexislación laboral e o volume total da forza de traballo, aínda que a empregabilidade dos máis novos dependen, fundamentalmente, do seu nivel educativo, da pertinencia e calidade da súa formación de base e da actitude que amosen para inserirse no mercado. A influencia relativa destes factores varía duns momentos a outros e, mesmo, duns lugares a outros.

Para que a formación e a educación teñan repercusións positivas na empregabilidade (OIT, 2007) deben estar coidadosamente planificadas e recibir o financiamento axeitado. Porén é acaída a integración efectiva de políticas económicas, sociais e de formación destinada á xente mais nova, o que supón unha colaboración estreita entre as administracións e as organizacións sociais ou non gubernamentais, mais tamén entre o sector público e privado e as organizacións de traballadores e de toda a comunidade en xeral.

Os países que mellor planifican as políticas activas do mercado de traballo deseñan uns programas ben concibidos e adecuadamente financiados, que deberían ofrecer aos traballadores novos un conxunto de servizos, entre os que se contempla unha educación que complementa as súas lagoas, formación para o traballo, acompañamento na busca de emprego, facilidade de apertura de portas e incorporación ao mercado laboral. Nos Estados Unidos, por exemplo funcionou un programa de alta intensidade que atendía as necesidades dos máis desfavorecidos a través dos Job Corps. Un programa semellante aos levados a cabo en Francia, Suecia ou Reino Unido, que abarcaron como obxectivo boa parte da forza de traballo dos menores de 20 anos e rexistraron bos resultados.

Educación e formación profesional

A educación e formación permanente atopa un piar fundamental na formación profesional. Aqueles países que priorizaron a formación enfocada ao emprego sobre as bases das necesidades do mercado de traballo conseguiron manter baixas as taxas de desemprego xuvenil e garantiron unha transición suave da xente máis nova desde a escola ao traballo, cun predominio exitoso da FP dual.

En algúns países, como é o caso de Dinamarca, o deseño, avaliación e adaptación do sistema de formación dos máis novos na FP faise a través dunha fórmula tripartita onde participan a partes iguais, representantes do tecido empresarial, traballadores coa supervisión da administración competente en materia de educación. As disposicións regulamentarias especifican as capacitacións precisas para cada ocupación, a duración, o programa de estudos e a materia de exame para determinar se a persoa que rematou a formación responde ás condicións de aceptación. Para inscribirse nesta formación, os máis novos poden poñerse en contacto cun empregador e asinar un compromiso cunha empresa ou escola técnica ou tamén poñerse en contacto cunha escola e buscar despois a un empregador. As empresas, escolas técnicas ou de FP, e os traballadores de empresas locais participan na selección e evolución do programa.

Alemaña, pola súa banda conseguiu a través de programas preprofesionais aumentar os niveis educativos dos estudantes peor situados, cun nivel suficiente para acceder a unha aprendizaxe e levala a cabo con éxito, de xeito rigoroso e esixente. Aqueles estudantes que deciden non continuar cos estudos despois da secundaria participan nalgún tipo de aprendizaxe. Destas formacións obteñen unha certificación de capacitación válida a nivel nacional, o que lle axuda a acceder a postos de traballo acaídos e a reducir os niveis de desemprego xuvenil de xeito importante.

Xapón ten un programa semellante ao alemán, no que tamén escolas, persoal empregado e empregadores ou empregadoras forman un trípode indisoluble para axudar a manter o desemprego xuvenil a niveis baixos.

En definitiva, o aumento do nivel educativo -xeral e profesional- ten contribuído a que moitas persoas consigan unha solución para facer fronte ao desemprego ou subemprego, mais non só, pois ás políticas de formación han de acompañar outras de estímulo da oferta e da demanda ao emprego. A aprendizaxe baseada no traballo é o enfoque que ofrece mellores resultado, aínda que esta só acada o seu nivel óptimo nun contexto institucional ben armado e estruturado.

A formación profesional en Galicia

O cuarto obxectivo de desenvolvemento sostible (ODS4) chama a atención sobre a necesidade de “garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas”. Pero antes de proseguir co tema da formación profesional convén ter en conta os datos seguintes:


Táboa 17. Indicadores demográficos. Galicia e provincias.

	Poboación de 15 a 29 anos		Poboación total		Peso mozos total poboación	
	2015	2022	2015	2022	2015	2022
España	7.205.284	7.413.271	46.449.565	47.432.893	15,51%	15,63%
Galicia	363.591	342.321	2.732.347	2.690.464	13,31%	12,72%
A Coruña	146.982	141.454	1.127.196	1.119.180	13,04%	12,64%

Lugo	42.791	36.811	339.386	323.989	12,61%	11,36%
Ourense	39.599	35.203	318.391	304.280	12,44%	11,57%
Pontvedra	134.219	128.853	947.374	943.015	14,17%	13,66%

Fonte: Estatística do Padrón continuo, INE.

Gráfico 124. Pesopersoas mozas en poboación total 2022.



Fonte: Estatística do Padrón continuo, INE.

Galicia é unha das comunidades autónomas con máis baixa taxa de natalidade desde hai décadas e tamén se encontra entre as menores receptoras de poboación emigrante. Isto explica que a porcentaxe de poboación entre 15 e 29 anos continúe a minguar, mentres experimenta un lixeiro avance no conxunto español.

Táboa 18. Situación do alumnado de 15 anos no sistema educativo en España e Galicia (curso2020-2021).

	% alcanza 4º de ESO con 15 anos	% acumula retrasos antes de 4º de ESO		
		Total (%)	% acumuló retrasos en educación primaria	% acumuló retrasos por primeira vez en ESO
España	75,5	24,5	14,3	10,2
Galicia	78,2	21,8	13,4	8,4

Fonte: Estatística dos Ensinos non universitarios. Curso 2020-2021. S.G. de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional.


Ao igual que acontece no conxunto español, en Galicia hai un claro nesgo de xénero na formación profesional básica e de grao medio, onde o predominio masculino é moi claro, se ben mingua do 71% da básica ao 59% da de gra medio. Pola contra, en bacharelato as mozas representan o algo máis do 53% (datos de 2020-2021).

Táboa 19. Taxas brutas de alumnado (%) que se gradúa por nivel de ensinanza e sexo no ano 2021. Galicia e España.

	Ámbos sexos (%)	Mozos (%)	Mozas (%)
España			
Bacharelato	55	47,4	63,1
Técnico/Técnico auxiliar	27	27,9	26,1
Galicia			
Bacharelato	61,4	52,6	70,7
Técnico/Técnico auxiliar	31,4	33,7	29

Fonte: IGE. MECD. Estadística de las Enseñanzas no Universitarias, INE. Estimaciones intercensales de la población y cifras.

Gráfico 125. Taxa bruta de titulación en ciclos formativos por Comunidade Autónoma. Curso 2019-2020.




Nota: no gráfico as comunidades autónomas están en orde crecente segundo os valores C.F. Grao medio. Non existe a oferta de FP Básica en Cataluña.

Fonte: INE: Sistema español de indicadores de la educación 2022

Para poder analizar estes datos, cómpre destacar que, no conxunto español, a porcentaxe de acceso da poboación escolar aos tres niveis de formación profesional foi, no curso 2019/20, do 8% no básico, do 32,6% no medio e do 34,7% no superior. Galicia ten unhas taxas brutas de titulación superiores á media española en todos os niveis da formación profesional, só superada pola Rioja na básica, pola Rioja, Cantabria e Cataluña no grao medio e polo País Vasco, Cantabria e Cataluña no grao superior.

Gráfico 126. Porcentaxe de persoas de 18 a 24 anos que abandonaron de forma temperá a educación e a formación, por comunidade autónoma e sexo. 2021.




Fonte: INE: Sistema español de indicadores de la educación 2022

Nota: (1) os datos deben ser tomados con precaución, pois os derivados de tamaños muestrais pequenos están afectados por fortes erros de mostraxe.

O abandono escolar temperán é unha das lacras que lastran o sistema educativo e a sociedade española. É o país con peores datos de toda a UE, só superada por Romanía. Porén, Galicia ten un comportamento moi diferente, neste ámbito, que fai que o seu abandono escolar temperán (8,1%) se encontre por baixo da media da UE (9,7%).


Gráfico 127. Nivel de formación da poboación adulta por comunidade autónoma. Porcentaxes. 2021.



Fonte: INE: Sistema español de indicadores de la educación 2022

Galicia ten experimentado unha importante mellora no nivel formativo do seu capital humano, se comparamos as cifras da súa poboación entre os 25 e os 64 anos, coas da poboación entre 25 e 34. Pasamos do posto once ao sétimo. Esa mellora non se debe aos titulados superiores senón á poboación que se queda con estudos inferiores á segunda etapa secundaria ou cos desa mesma etapa. Pasamos de estar na media española de poboación con estudos básicos a estar tres puntos por baixo desa media. Pasamos de estar por baixo da media española en estudos secundarios a superala en case outros tres puntos.

Gráfico 128. Gasto público por alumno en centros públicos. Ensino non universitario (en euros).



Fonte: INE: Sistema español de indicadores de la educación 2022

Sen dúbida, os bos datos de abandono escolar temperán teñen moito que ver co diñeiro investido. Galicia está entre as primeiras comunidades autónomas, neste capítulo, so por detrás de Cantabria, Navarra e País Vasco, sen esquecer a vantaxe competitiva destas dúas últimas, grazas ao seu diferente sistema fiscal.

Reflictese de xeito implícito a importancia da educación coma a ferramenta que permite a mobilidade socioeconómica ascendente en clave individual mais tamén o xeito de acadar un maior crecemento económico a nivel de país que debe competir no mercado mundial de recursos humanos formados e capacitados. Así, á hora de achegármonos á formación profesional, a visión debe ser dupla, por unha banda cunha ollada posta na FP educativa e outra na FP para o emprego, na que é preciso diferenciar entre dous grandes bloques: a formación para as persoas traballadoras desempregadas e a formación para as ocupadas.

Formación para o emprego

Tanto a poboación ocupada como a desempregada dispoñen dunha ferramenta de formación que responde ás necesidades do mercado laboral. Trátase da formación profesional para o emprego, que garante flexibilidade e permite adecuar a súa oferta ás necesidades particulares das empresas e ás conxunturas socio laborais de determinados colectivos ou territorios.

1 A formación para persoas desempregadas

Un dos principais obxectivos das políticas de emprego é mellorar a cualificación profesional e, a través dela, as oportunidades de colocación dos traballadores e das traballadoras desempregadas.

Con independencia do maior ou menor grao de dinamismo que presente o mercado de traballo nun momento dado, a análise do proceso de inserción laboral do alumnado dos cursos de formación para persoas desempregadas resulta de grande interese para avaliar e perfilar actuacións e políticas educativas e laborais de carácter xeral, ademais, como é obvio, da utilidade intrínseca derivada da análise de ditos fenómenos: o coñecemento da transición do alumnado destas accións formativas ao mercado de traballo. A avaliación dos cursos de formación para o emprego enténdese como un proceso continuo de valoración de resultados que debe ser realizado antes, durante e despois de cada unha delas.

O sistema de avaliación non se reduce ao período no que o alumnado se atopa participando dos cursos senón sobre todo ao período posterior á súa finalización. Coñecer o nivel de inserción laboral acadado polo alumnado formado -e a conseguinte influencia que no logro dela poida constituír o feito de ter participado nos cursos de formación ofertados- serve para calibrar o resultado da inserción laboral e a perspectiva xeral da formación para o emprego como instrumento de resposta a unha necesidade de formación en ocupacións reais do mercado de traballo e á capacitación para o seu desempeño profesional que permite a actualización constante en función da demanda laboral.

Para aproximarnos á realidade galega, primeiramente repasamos os datos do alumnado formado nas últimas convocatorias da formación para o desemprego :


Táboa 20. Alumnado formado nas últimas convocatorias.

	Convocatoria 2018/19	Convocatoria 2019/20	Convocatoria 2020/21
A Coruña	3.622	3.013	3.104
Lugo	1.607	1.419	1.109
Ourense	2.162	1.886	1.710
Pontevedra	5.477	5.125	2.366
Galicia	12.868	11.443	8.289

Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

Na convocatoria 2020/21 formáronse e obtiveron o certificado acreditativo de formación un total de 8.289 alumnos e alumnas. A provincia da Coruña é a que aglutina un maior número de alumnado, o 37,45% do total, seguida de Pontevedra co 28,54%.

Gráfico 129. Porcentaxe de mulleres formadas por provincias e convocatoria.



Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

Se nos fixamos na distribución do alumnado por sexos, en todas as convocatorias, agás na 2019/20, son maioritarias as mulleres, que representaron máis do 56% na última convocatoria. Son maioritarias tamén a nivel provincial, coa excepción da provincia de Pontevedra, onde hai máis alumnos homes que mulleres.


Táboa 21. Alumnado formado por tramos de idade. Galicia.

	Convocatoria 2018/19	Convocatoria 2019/20	Convocatoria 2020/21
<30	27,20%	28,48%	21,28%
30-54	64,84%	62,20%	65,99%
>=55	7,93%	9,28%	12,50%

Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

No reparto por grupos de idade, estas accións formativas acaparan máis alumnado entre a xente máis nova, cunha diferenza de case 9 puntos porcentuais na última convocatoria. En procesos anteriores, o número de persoas menores de trinta anos que cursaron estas formacións era máis do dobre dos maiores de 55 anos.

Gráfico 130. Porcentaxe de alumnado formado sobre o total < 30 anos e >=55 anos por provincias e convocatoria.



Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

Inserción do alumnado formado

Para analizar a inserción do alumnado partimos da análise dos resultados descritos para aqueles alumnos que acadaron o seu certificado acreditativo, pero descartando o alumnado que participou en cursos de competencias clave (matemáticas, lingua galega e lingua castelá), xa que estas accións formativas constitúen unha vía de acceso para realizar certificados de profesionalidade, pero non proporcionan unha formación que facilite, en si mesma, a inserción no mercado de traballo.

Débase diferenciar, en primeiro lugar, entre a inserción bruta, que considera que os alumnos se insiren cando conseguen un contrato laboral nos doce meses seguintes á data de finalización do curso (non así aquelas persoas que se estableceron por conta propia) mentres que a inserción neta conta aquel alumnado que conseguiu un contrato laboral por conta allea nos doce meses seguintes á data de finalización do curso pero, ademais, o posto de traballo está directamente relacionado co contido do curso de referencia.

Táboa 22. Inserción do alumnado bruta/neta.

Programación	Persoas Formadas	Inserción bruta		Inserción neta	
		N.º alumnos/-as	%sobre o total	N.º alumnos/-as	% sobre a bruta
2019/2020	10.046	6.883	69%	3.429	50%
2018/2019	12.037	7.915	66%	3.266	41%

Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

Na convocatoria 2019/20, a última da que se dispoñen de datos de inserción, formáronse 10.046 persoas, das que 6.883 (69%) acadaron a inserción bruta durante o ano posterior á realización do curso, tres puntos porcentuais máis que na programación anterior. Por outra banda, a inserción relacionada acada o 50% do alumnado inserido bruto.

Os datos por sexo apuntan a unha inserción maior dos homes, tres puntos superior á das mulleres, tanto na contabilidade bruta como na neta:

Táboa 23. Inserción do alumnado bruta/neta. Sexo.

Programación 2019/20	Persoas Formadas	Inserción bruta		Inserción neta	
		N.º alumnos/-as	%sobre o total	N.º alumnos/-as	% sobre a bruta
Total	10.046	6.883	69%	3.429	50%
Homes	5.374	3.770	70%	1.926	51%
Mulleres	4.669	3.113	67%	1.503	48%

Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

Táboa 24. Inserción do alumnado bruta/neta. Convocatoria e provincia.

Programación 2019/20	Inserción bruta		Inserción neta	
	N.º alumnos/-as	%sobre o total	N.º alumnos/-as	% sobre a bruta
A Coruña	54%	28%	59%	29%
Lugo	59%	28%	61%	27%
Ourense	65%	22%	59%	29%

Pontevedra	80%	70%	74%	54%
Galicia	69%	50%	66%	41%


Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

A provincia de Pontevedra é a que consegue unha maior inserción bruta nas dúas convocatorias, supera en 11 puntos porcentuais á media galega, seguida por Ourense e Lugo.

Na inserción relacionada, volve a ser Pontevedra a provincia na que se acadan os mellores resultados, en boa parte derivados e nesgados polo compromiso de contratación da multinacional automobilística implantada en Vigo dos formados precisamente neste tipo de especializacións.

A heteroxeneidade que se observa nas 53 delimitacións comarcais que ten Galicia non permite unha análise rigorosa, polo que se opta por considerar aquelas comarcas que tiveron, polo menos, 100 persoas formadas a través da FPD.

Gráfico 131. Porcentaxe de inserción bruta por comarcas. Convocatoria 2019/20.



Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

No gráfico anterior obsérvase que Vigo e a Terra Chá son as comarcas con mellores resultados relativos, cunha inserción bruta que supera a media de inserción galega, mentres que a comarca de Ourense rexistra unha inserción bruta similar á calculada para o conxunto de Galicia (68%). O resto das comarcas sitúanse por debaixo da media.

2 Formación para persoas ocupadas

A formación profesional para o emprego ten entre as súas finalidades proporcionar ás persoas ocupadas as ferramentas educativas para adaptarse aos cambios que se produzan ao longo da súa vida laboral e permita unha mellora na súa capacitación profesional e promoción individual.

Na última convocatoria da que hai datos ao peche desta edición, a do ano 2021, houbo un total de 16.027 persoas ocupadas que cursaron este tipo de formación e acadaron un certificado acreditativo de ter superada a formación realizada. As mulleres foron maioría, ao facerse co 74% das certificacións emitidas.


Táboa 25. Inserción do alumnado bruta/neta. Sexo.

Alumnado	Convocatoria 2021/22	Convocatoria 2017/18
Home	4.180	1.846
Muller	11.847	2.076
Total	16.027	3.925

Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

En todo caso foron menos que no período 2018-2019, uns resultados condicionados en parte polas rixideces que introduciu a pandemia e que deberan corrixirse nos vindeiros exercicios.

Gráfico 132. Alumnado formado 2018-19/2019-20/2021-22.



Fonte. Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

Inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2012-2013.


A teoría do capital humano é unha das mais estendidas para explicar as razóns polas que os individuos desexan incrementar o seu nivel de formación (Schutz, 1960, Becker, 1975). A premisa básica indica que o investimento en educación aumenta a produtividade das persoas, posto que un maior nivel educativo leva aparellada unhas mellores condicións laborais. Os movementos migratorios dos traballadores e traballadoras cun alto nivel de cualificación adoitan definirse cun patrón concreto: as rexións con alta concentración de actividade tecnolóxica e financeira atraen ao capital humano mais formado en busca de mellores salarios e calidade de vida a través das condicións laborais, pero tamén dos servizos públicos e as prestacións sociais recibidas.

Táboa 26. Alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento segundo sexo, nivel de ensinanza obrigatoria en galicia (2021-2022).

	Ámbos os dous sexos	Mozos	Mozas
Educación Secundaria Obrigatoria			
2021	94.635	48.463	46.172
2022	94.710	48.568	46.142

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=463&c=0203002>)

Gráfico 133. Taxas de desemprego segundo o nivel educativo, idade e comunidade autónoma. 2021.



Fonte: INE: Sistema español de indicadores de la educación 2022

Unha primeira conclusión que cabe tirar da táboa anterior é a de que Galicia presenta mellores cifras de emprego que a media española na poboación con estudos básicos ou secundarios, mentres que presenta iguais ou superiores na xente co estudos superiores. Porén, as cousas empeoran cando se trata da poboación máis moza, no conxunto español e no galego tamén. Con todo, cómprese a norma de que a maior nivel de formación, menores taxas de paro.

Táboa 27. Taxas de actividade segundo o nivel educativo, idade, comunidade autónoma e sexo. 2021.

		Total		"Primera etapa E.Secundaria o inferior"		"Segunda etapa E. Secundaria"		"Educación Superior"	
		25-64 años	25-34 años	25-64 años	25-34 años	25-64 años	25-34 años	25-64 años	25-34 años
España	Homes	86,3	88,6	81,2	87,1	87,2	85,8	91,2	91,2
	Mulleres	76,8	84	62,2	73,7	77,3	82,8	87,3	88,8
Andalucía	Homes	84,9	87,5	81,3	88,9	85,6	83,1	90,1	88,6
	Mulleres	71,2	81,4	58,4	74,2	73,1	81,1	84,3	85,8
Aragón	Homes	87,6	90,3	82,9	91,7	89,4	91,6	90,6	88,7
	Mulleres	79,9	84,5	64	82	81	78,1	88,8	88


P.de Asturias	Homes	80,5	84,6	69,9	84,8	80,5	80,8	88,6	87
	Mulleres	72,9	75,6	55,7	58,3	73,2	76,3	83,7	80,5
Illas Baleares	Homes	87,5	84,3	81,9	76,2	88,8	83,9	93,2	91,5
	Mulleres	79,6	82,5	64,6	68,4	81,9	85,9	89,7	88,3
Canarias	Homes	80,9	86,6	74,9	87,9	83,5	85,1	86,6	86,7
	Mulleres	74,3	81,8	62,3	75	75,1	78,7	83,9	86,9
Cantabria	Homes	85,1	86,8	77	83,7	87	89,7	90,8	87,3
	Mulleres	76	88,3	59,7	81,6	77,3	89,5	85	89,7
Castela e León	Homes	86,1	88,7	81,3	88,9	86,8	89,3	91,4	88
	Mulleres	75,8	80,7	60,8	68,6	77,6	83,5	84,9	84,9
Castela - A Mancha	Homes	88,4	89,3	85,8	89,2	91,2	86,6	90,8	91,2
	Mulleres	74,2	82,7	62,6	75	76,8	80,6	86,3	87,9
Cataluña	Homes	87,9	90,9	82,4	85,2	88,6	87,7	92,7	95,3
	Mulleres	80,6	87,9	65	70,4	81,3	87,8	90,8	94,3
C. Valenciana	Homes	86	86,8	81,5	86,4	86,7	85,4	90,7	88
	Mulleres	75,4	83,2	64,5	75,9	74,1	80,5	85,1	87,6
Extremadura	Homes	85,1	89,9	81,5	94,6	87,2	86,1	91,2	85,9
	Mulleres	72,2	83,3	58,5	80,3	77,2	81,3	87,2	85,9
Galicia	Homes	83,2	83,9	75,4	83	85,2	83,1	90,4	85,1
	Mulleres	76,1	80,4	60,8	72,5	75,9	78,2	86,7	83,9
C. de Madrid	Homes	89,9	91,3	85,3	86,6	89,1	86,1	92,8	95,8
	Mulleres	82,3	88,7	68,6	83,6	80,4	87,2	89,3	90,6
R. de Murcia	Homes	88,2	89,1	84	85,2	90,5	91,3	92,6	91,5
	Mulleres	73,2	78,3	59,3	66,8	77,6	82	87,1	85,2
Navarra	Homes	86,4	87,4	78,2	80,5	87,1	87,6	91,9	89,8
	Mulleres	79,8	84	61,6	39,1	79,3	78,3	88,4	92,7
País Vasco	Homes	84,8	88,5	73,4	87,7	85,3	83,3	89,8	90,5
	Mulleres	79,3	86,1	60,5	69,1	74,6	78,3	88	91,4
A Ríoxa	Homes	89	93,8	85,4	95,7	89,2	91,9	93	93,4
	Mulleres	81,1	85,6	66,8	65,5	84,8	88,9	89,3	94,8
Ceuta e Melilla	Homes	85,2	88	83,6	89,9	82,4	76,9	90,5	93,1
	Mulleres	71,4	69,2	56,2	49,7	73,4	73,3	88,8	84,5

Fonte: INE: Sistema español de indicadores de la educación 2022

As cousas empeoran para Galicia se falamos das taxas de actividade. En termos xerais, tanto en homes como en mulleres estamos por baixo da media española. Polo que respecta aos egresados con estudos superiores, o diferencial é maior aínda entre os homes mozos, case seis puntos por baixo media e as mulleres mozas que se quedan cinco puntos por baixo da media española.

O estudo de inserción laboral que realiza a ACSUG -Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia- sobre o mapa de titulación do sistema universitario público de Galicia ten como finalidade coñecer o perfil da poboación titulada e a súa empregabilidade. Os últimos datos dispoñibles fan referencia á inserción das persoas tituladas no curso 2012-2013. Os resultados apuntan, en termos xerais, a que a porcentaxe de mulleres tituladas é superior á de homes, nunha relación de 62% fronte a un 38%, tal e como se recolle no seguinte gráfico, cun aumento do 1,15% con respecto ao curso anterior, unha tendencia que se repite dende hai anos.

Gráfico 134. Inserción das persoas tituladas no curso 2012-2013. Porcentaxe sexo.



Fonte. "Estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2012-2013"

O 77% das persoas que se titularon durante o curso 2012-2013 cursaron os estudos desexados. O 39,93% compaxinaba estudos e traballo, xeralmente a tempo parcial. O 19,46% participou nalgún programa de mobilidade, dentro dos cales é protagonista o Erasmus, cun 80,24% sobre o total. O 93% dos egresados ten coñecemento amplo dalgún outro idioma ademais das linguas oficiais, fundamentalmente inglés, pero tamén francés ou portugués. O italiano ou alemán son as linguas mais descoñecidas para a maioría. O 80% dos graduados buscaron emprego relacionado coa súa titulación, e o 62,5% atopouno. O tempo medio de encaixe efectivo entre a busca e atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación é de 6 meses para o 40% do alumnado, mentres que a media situouse en case dez meses. As persoas enquisadas contestaron que atoparan traballo a través de tres vías, fundamentalmente: internet, presentación espontánea da súa candidatura e a través de contactos persoais, familiares ou de amizades.


Así, o mapa das persoas graduadas no momento de realización da enquisa da ACSUG o 70,59% dos titulados no curso 2012-2013 estaba traballando e entre os que non o facían, algo mais da metade indicou ter traballado nalgún momento, tras a finalización do grao e estaba nunha situación de busca activa.

A maioría dos titulados declararon traballar en Galicia, un 78,26% catro puntos menos que o ano anterior, o 16,7% traballaba fóra da comunidade e algo mais do 5% fóra de España. A metade dos titulados tiña un salario medio de 1086 euros ao mes e a outra metade estaba por debaixo dos 1.000 euros, sendo a fenda de xénero evidente en canto a salarios, os homes recibían 127,89 euros mensuais de media mais que as mulleres.

O 90,43% das persoas tituladas declarouse satisfeita cos estudos realizados, e o 80% volvería a elixir a mesma titulación, un 85,5% repetiría na mesma universidade. É dicir, o 60% do total de titulados universitarios repetiría exactamente o mesmo itinerario que realizou inicialmente.

No relativo ao grao de correspondencia entre a formación e o traballo, o 77% dos titulados indicou que desenvolven funcións de nivel universitario e deles un 64% realiza labores específicas da súa titulación. Con todo, o dato de que un 13% desenvólvese tarefas de nivel universitario pero non propias do seu título non debe interpretarse directamente coma un dato negativo, xa que independentemente da formación adquirida existen condicionantes no propio mercado de traballo que obrigan á adaptación dos titulados a novas realidades. A interpretación deste dato haberá que realizala tendo en conta outros factores sobre o posto de traballo e a rama de coñecemento á que pertence.

Gráfico 135. Desenvolvemento de funcións do nivel universitario e específicas da titulación.
Resultados para o SUG.



Fonte. Estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2012-2013

Segundo un informe realizado polo Foro Económico de Galicia (2022) sobre a “fuga de talento universitario” apúntase unha conclusión relevante, que máis da metade da poboación nacida en Galicia que emigra por razóns laborais acaba traballando coma asalariada en Madrid ou Cataluña. Dentro das especialidades, o grupo de estudos da rama tecnolóxica, as persoas egresadas que máis emigran son aquelas formadas en tecnoloxías das telecomunicacións e enxeñería industrial.

En termos de custe, o Foro económico de Galicia estima que Galicia incorre anualmente nun custe de formación de titulados que emigran por cuestións laborais de preto de 180 millóns de euros anuais para o alumnado que rematou os estudos en catro anos. Neste senso o Foro recomenda, primeiro, a realización dun maior esforzo en materia de emprego, que permita axustar a oferta e a demanda de traballo. Segundo, a creación de postos de traballo pasa necesariamente pola creación de empresas innovadoras e de maior tamaño, no que pode axudar un compendio de políticas públicas e privadas que posibiliten competir en igualdade de condicións. A cooperación entre o sector produtivo e o Sistema Universitario de Galicia debe mellorar ao tempo que garantirse a calidade de vida en xeral e en particular a da xente moza.

Inserción laboral dos titulados en másteres no sistema universitario de Galicia.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia presentou no ano 2021 o informe relativo á inserción laboral dos titulados en másteres no sistema público universitario de Galicia.

Neste traballo de campo realizado coas persoas egresadas entre o ano 2012 e 2013 conclúese que o 58,2% dos titulados traballaran con anterioridade á realización dos estudos superiores e algo mais do 60% compaxinou estudos e traballo. Do total, o 25% cursou un posgrao para continuar con estudos de doutoramento, mentres que os demais afirmaron ter necesidade de complementar e especializarse en determinados aspectos concretos.

Tres anos despois da finalización do máster, o 74% dos titulados e tituladas estaban traballando, o 16% estaba na procura de emprego mentres o 10% restante nin estaba traballando nin tampouco buscando emprego de xeito activo.

En resposta á pregunta polo lugar de traballo, o 86% declara traballar en Galicia, mentres o 14% restante non traballa en Galicia (10,8 noutra comunidade autónoma e 2,4% no estranxeiro), debido a que recibiron mellores ofertas de emprego ou, directamente, non atoparon emprego da súa especialidade nesta comunidade autónoma.

Táboa 28. Titulados en máster no SUG en base á situación laboral previa ao máster.

Categoría	Nº de titulados	Categoría	Nº de titulados	% titulados en másteres no SUG
Continuaron no seu emprego tras o master (CONT)	621	Tiveron só un traballo tras o máster (CONT-UN)	340	21,3%
		Tiveron máis dun traballo tras o máster (CONT-VAR)	281	17,6%
Incororáronse a un novo traballo (NOVO)	975	Tiñan experiencia previa no mercado laboral (NOVO-CON_EXP)	428	26,8%
		Non tiñan experiencia previa no mercado laboral (NOVO-SEN_EXP)	547	34,3%
SUG	1.596	SUG	1.596	100%

Fonte. Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013, ACSUG (2021)

Por tipo de emprego, fundamentalmente os titulados en másteres do SUG empréganse por conta allea e maioritariamente acaban cun contrato fixo.


Táboa 29. Modalidade de contratación e relación coa Seguridade Social no SUG.

Tipo de contrato	% titulados en másteres no SUG					
Por conta propia	CONT	NOVO	% titulados en másteres no SUG			
	13,1%	9,7%	CONT	NOVO		
	Dado de alta		93,2%	82,6%		
	Non dado de alta		6,8%	17,4%		
Por conta allea	CONT	NOVO	% titulados en másteres no SUG			
	13,1%	9,7%	CONT	NOVO		
	Cotiza á Seguridade Social		99,6%	99,2%	% titulados en másteres no SUG	
	Non cotiza á Seguridade Social		0,4%	0,8%	CONT	NOVO
			Fixo	55,3%	28,7%	
			Temporal	39,1%	51,3%	
			Bolseiro	2,3%	12,0%	
			En prácticas	2,9%	7,6%	
			oudros	0,4%	0,3%	

Fonte. Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia ACSUG, 2012-2013 (2021)

A pesares de que as mulleres son maioría no acceso á universidade e á hora de cursar en maior medida estudos de posgrao, obsérvase unha fenda salarial de xénero significativa. Os homes recibe un salario medio maior que as mulleres, diferenza que se acrecenta para aquelas persoas tituladas que continuaron no traballo antes da finalización do máster, onde o salario medio dos homes acada os 1.589 euros, mentres as mulleres apenas superan os 1.300, un 17% menos de remuneración.

Gráfico 136. Fenda salarial.



Fonte. Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia ACSUG, 2012-2013 (2021)

A dixitalización.

A transformación dixital que se ten producido desde a década dos sesenta acelerouse coa pandemia orixinada pola covid-19. A dixitalización asimílese co cambio de tecnoloxías ou capacidades dixitais mentres que se fala de transformación dixital en referencia ás aplicacións destas tecnoloxías e capacidades a procesos, produtos e estratexias dentro das organizacións e activos para mellorar, entre outros aspectos, a eficiencia, produtividade, competitividade ou a xeración de ingresos. A transformación dixital implica, necesariamente, un cambio cultural nas persoas e no tecido empresarial, así coma tamén un maior investimento en medios, infraestruturas, persoal e tecnoloxía.

O proceso de transformación dixital ven motivada polo impacto de dous factores fundamentais: a rapidez da implantación da innovación tecnolóxica impulsada pola proliferación de plataformas dixitais e a capacidade para poder combinar tecnoloxías de vangarda. A aparición de internet e a globalización das comunicacións fixo das tecnoloxías dixitais un factor de competitividade, aínda máis que o das infraestruturas físicas. A pandemia puxo en evidencia non só as bondades dos avances senón tamén as debilidades e ameazas, que non afectan por igual a todos os territorios.

A Comisión Europea (2019) pasou a considerar a transición dixital coma unha das súas prioridades estratéxicas co fin de garantir un crecemento sostible e inclusivo. Para afrontar con éxito esta transición, Galicia presenta fortalezas, como un nivel de habilidades dixitais superiores ás básicas que se sitúan un 16% por enriba da media europea, mellorando máis de trinta puntos desde 2014.

Rexións europeas innovadoras 2021. Distribución segundo tipoloxía

Os principais indicadores de innovación que recolle o índice rexional de innovación 2021 ou RIS21 a través do que a CE clasifica as rexións en innovadoras líderes, fortes, moderadas ou modestas, cualifica a Galicia coma unha rexión innovadora moderada (dentro do nivel inferior, por debaixo da rexión Norte de Portugal) no posto 156 de 240 rexións estudadas, seis postos por detrás do rexistrado no ano 2014. Con todo, a evolución é máis positiva que a do conxunto da Unión Europea e a media española. En comparación co total de CC. AA. Galicia sitúase como a sexta con mellor comportamento, tras a Comunidade Valenciana, Navarra, Murcia, Castela e León e Cataluña. Tan só Madrid e o País Vasco son clasificadas coma rexións

innovadoras líderes. No ano 2019 era a onceava rexión española.

Táboa 30. Evolución do índice rexional de innovación 2014-2021

	UE-27 =100		2014 = 100	
	VALOR	RANKING REXIONAL UE	GALICIA	UE-27
2014	74,7	150	74,7	100
2018	79,9	146	83,3	104,2
2021	80,6	156	90,7	112,5
Incremento 20-14	-	-	16	12,5


Fonte: Comisión Europea. Índice Rexional de Innovación 2021

A análise dos parámetros que contempla o índice rexional de innovación permite identificar as debilidades e fortalezas, así como as melloras no perfil innovador de Galicia dentro da Unión Europea e tamén no contexto español. Os índices recollidos reflicten que a comunidade autónoma está nunha mellor situación relativa en Europa na porcentaxe de poboación con educación terciaria, no posto 40 das 240 rexións. Tamén presenta unha boa situación no ámbito educativo, que se reflicte na porcentaxe de poboación que accede á formación ao longo da vida, así como as vendas de innovacións postas no mercado, no posto 87. As debilidades veñen marcadas pola cativa xeración de innovación -que non é o mesmo que I+D en calquera modalidade- en especial relacionada coa innovación de produtos. Na xeración de innovación, Galicia ocupa o posto 193 das 240 rexións. Outra debilidade importante ven da man da posición relativa da ocupación en actividades intensivas en coñecemento, posto 184 sobre o total.

É de destacar que un dos indicadores nos que Galicia amosa melloras importantes é a colaboración das pemes con outras empresas e axentes, que medrou un 40% no período 2014-2020, situándose preto dun 40% por enriba da media española, por detrás tan só do País Vasco. Este é un aspecto especialmente importante ao ser unha forma de mellorar a eficacia e o alcance da innovación das empresas, especialmente as máis pequenas, accedendo a coñecementos e competencias que por si soas non estarían ao seu alcance.

Na evolución destes indicadores entre o ano 2014 e 2021 pode observarse unha mellor evolución no índice agregado rexional de innovación en comparación coas medias española e europea, onde cómpre subliñar a mellora da porcentaxe de poboación con competencias dixitais superiores ás básicas, cun incremento de mais de trinta puntos, así coma tamén o investimento en innovación, que medrou 27 puntos en seis anos. Peor foi o comportamento da ocupación en empresas innovadoras ou a porcentaxe de pemes que introducen elementos de innovación nos seus procesos (VV.AA. (2021))

Mapa 42. Estadísticas europeas de innovación 2021.



Fonte. Comisión Europea, Regional Innovation Scoreboard 2021

O indicador que mide a posición relativa en España, ISNE (Indicador Sintético Global da Nova Economía) elaborado polo Centro de Predición Económica da Universidade Autónoma de Madrid reflicte que Galicia ocupa unha posición intermedia no contexto autonómico, cun valor de 92 sobre 100. As rexións que lideran o ranking son Madrid, Navarra, Cataluña, País Vasco e Aragón. O indicador de innovación e o compoñente que presenta un peor comportamento con respecto á media, 89 sobre 100, lonxe dos 163 puntos de Madrid, 160 de Navarra ou 157 do País Vasco.

As infraestruturas dixitais, un piar básico para acelerar os procesos de dixitalización do tecido produtivo e vertebración da sociedade, reflicten diferencias importantes. Os datos do Ministerio de Asuntos Económicos e Transición sitúan ás provincias de A Coruña e Pontevedra ata tres puntos por riba da media estatal, en tanto que Ourense e Lugo figuran a seis e doce puntos por debaixo da media estatal, con diferencias importantes entre os concellos do interior e do eixo atlántico, a favor destes. No ano 2021 había 34 concellos sen cobertura de redes fixas de velocidade superior a 100 Mbps, a maioría na provincia de Ourense e Lugo.

Tendo en conta a importancia das infraestruturas dixitais avanzadas, Galicia, agás algunha excepción, non dispón de moitos exemplos de referencia, exceptuando as infraestruturas do CESGA ou a de simulación cuántica.


En resumo, Galicia parte dunha situación no ano 214 atrasada con respecto ás rexións da contorna europea, mais ten mellorado a súa posición nos últimos anos. Os vimbios cos que conta sitúan á rexión con capacidade para aproveitar as oportunidades da dixitalización. O informe PISA positivo, un sector TIC en consolidación e con potencial de desenvolvemento, a existencia dunha industria de hardware consolidada e con capacidade exportadora, así coma o desenvolvemento de novas tecnoloxías ligadas á industria e unha banda longa superior á media da UE, deberían permitir transformar este reto nunha oportunidade de futuro.

Táboa 31. Fogares que dispoñen de ordenador e conexión a internet segundo o tamaño de municipio. Galicia 2021

	Ordenador		Conexión a internet contratada	
	%	Nº	%	Nº
Menos de 5.000 habitantes	53,46	93.188	74,63	130.091
Entre 5.000 e 10.000 habitantes	63,02	90.924	81,1	117.006
Entre 10.000 e 20.000 habitantes	68,24	117.889	84,37	145.744
Entre 20.000 e 50.000 habitantes	73,12	124.227	88,48	150.333
Máis de 50.000 habitantes	75,25	306.486	88,53	360.559
Total	68,57	732.713	84,58	903.733

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. A incidencia calcúlase, para cada categoría, como a porcentaxe de fogares con ordenador e conexión a internet sobre o total de fogares desa categoría.

Mapa 43. Fogares que dispoñen de conexión a internet. Áreas (%; 2021).



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. A incidencia calcúlase, para cada categoría e área, como a porcentaxe de fogares que dispoñen de ordenador e conexión a internet sobre o total de fogares desa categoría e área.

Como sinalabamos, o acceso da poboación a servizos de banda larga é un requisito para acadar un desenvolvemento económico óptimo así como para poder fixar poboación no medio rural nun contexto no que a actividade económica ten unha alta dependencia dunha axeitada infraestrutura de telecomunicacións. A Comisión Europea presentou en marzo de 2021 a Década Dixital de Europa, unha visión da transformación dixital que Europa precisa de cara á vindeira década. Entre outros obxectivos persigue garantir a cobertura de polo menos 100Mbps ao 100% da poboación en calquera parte do territorio en 2025 e conectividade Gigabit e 5G para toda a poboación en 2030.

Táboa 32. Equipamiento de productos tic nas viviendas principales (%2022).

	Galicia
Total vivendas	982.775
Ordenadores de calquera tipo: incluídos netbooks, tablets, de man etc.	79,0
Ordenadores de sobremesa ou portátil (non inclúe tablet)	74,9
Ordenadores tipo tablet	51,1
Vivendas que dispoñen de acceso a internet	93,4
Vivendas con conexión de banda larga	93,4
Vivendas con conexión de banda larga fixa	76,8
Vivendas con conexión só a través de banda larga móbil	16,6
Vivendas con teléfono fixo	62,2
Vivendas con teléfono móbil	98,9

Fonte: INE Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares 2022

No ano 2016, a cobertura acadaba o 57,96%; a xuño do 2021 incrementouse esta porcentaxe en máis de 19 puntos. En xuño de 2021, o 77,1% da poboación galega contaba con cobertura de rede de 100 Mbps, o que supón 11 puntos por debaixo da media do Estado (88,3%).

A nivel provincial, A Coruña e Pontevedra presentan as porcentaxes máis altas (82,70% e 81,67% respectivamente) mentres que Lugo, co 61,4% e Ourense, co 70,6%, teñen un maior número de concellos (45 e 35 respectivamente) por debaixo do 50% de poboación cunha cobertura de 100 Mbps, maioritariamente os mais afastados das principais vías de comunicación.

Táboa 33. Vivendas por tipo de equipamento tic. Evolución 2017-2022 (%)

	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Con algún tipo de ordenador	74,6	74,3	73,3	72,1	78,7	79
Que dispoñen de acceso a Internet	78,8	82,6	88,8	92,4	93,3	93,4
Con conexión de banda larga (ADSL, RDSI, Rede de cable)	78,4	82,1	88,1	92	93,2	93,4
Con teléfono fixo	75,3	74,5	72,3	71,2	65,9	62,2
Con teléfono móbil	97	97,9	98,2	99,4	99	98,9

Fonte: IGE extraída INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares. As porcentaxes están calculadas sobre vivendas con al menos un membro de 15 a 74 anos

No último sexenio tense dado un moi importante impulso no acceso ao internet das vivendas galegas, mesmo a través de banda ancha. En ambos casos, pasamos de porcentaxes do 78% en 2017 a outros do 93% en 2022. Ao mesmo tempo, van decrecendo os teléfonos fixos, que están presentes en pouco máis da metade das vivendas, mentres que o teléfono móbil é case universal.

Táboa 34 . Acceso a internet das vivendas principais por comunidades e forma de conexión por banda ancha (% , 2022).

	Total de vivendas que declaran acceso a internet	Vivendas con conexión de banda ancha	Conexión fixa de banda ancha por adsl, red de cable, fibra óptica, vía satélite, wifi públ. Wimax	Conexión móbil de banda ancha a través dun dispositivo de man	Conexión só a través de banda ancha móbil
España	16.271.986	100	86,4	82	13,6
Andalucía	2.835.359	100	83,9	83,3	16,1
Aragón	462.517	100	86,1	82,9	13,9
Principado de Asturias	372.905	100	81	84,4	19
Illas Baleares	404.050	100	89,5	82,8	10,5
Canarias	801.054	100	86,4	81	13,6
Cantabria	204.845	100	83,5	85,1	16,5
Castela e León	827.798	100	83,4	80,8	16,6
Castela – A Mancha	684.673	100	84,2	82,6	15,8
Cataluña	2.703.647	100	88,6	79,4	11,4
Comunidade Valenciana	1.752.804	100	85,6	80,8	14,4
Estremadura	364.046	100	77,2	82,7	22,8
Galicia	917.457	100	82,3	85,3	17,7
Comunidade de Madrid	2.305.664	100	91,9	83	8,1
Rexión de Murcia	497.188	100	88,5	81,6	11,5
Comunidade Foral de Navarra	226.889	100	88,4	81,8	11,6
País Vasco	753.150	100	87,6	81	12,4
A Ríoxa	106.678	100	82,8	81,4	17,2
Ceuta	25.588	100	83,8	76,5	16,2
Melilla	25.676	100	95	79,5	5

Fonte INE Equipamiento de productos TIC de las viviendas

Porén, somos a terceira comunidade pola cola, só por diante de Asturias e Estremadura en conexión fixa de banda ancha, lonxe da media española. Como consecuencia desta situación, estamos por riba da media en conexión móbil de banda ancha, tanto a través dun dispositivo de man como só a través de banda ancha móbil. Unha realidade que cómpre superar.

Táboa 35. Uso da internet por nivel de estudos rematados, situación laboral (16 a 74 anos) (%2022). España.

	Empregaron internet algunha vez	Empregaron internet nos últimos 12 meses	Empregaron internet nos últimos 3 meses	Empregaron internet semanalmente	Empregaron internet diariamente (polo menos 5 días á seman)	Empregaron internet varias veces ao día
Analfabetos e primaria incompleta	64,4	63,8	61,5	57,4	48,7	43,2
Educación Primaria	79,9	78	77,4	73,1	59,4	55,8
Primera etapa de Educación Secundaria	94,9	94	93,4	91,3	83,9	80,5
Segunda etapa de Educación Secundaria	99,1	98,6	98,3	97,2	91,1	88,2
Formación Profesional de Grao Superior	99,4	99	98,7	97,9	94,7	91,3
Diplomatura universitaria e equivalentes	99,4	99,2	99	98,4	96	94,4
Licenciatura universitaria, máster e equivalentes	99,8	99,6	99,6	98,9	97	95,2
Doctorado universitario	100	100	100	99,2	99,2	96
Outros	92,7	89,6	89,6	86,5	78,5	78,5
Activos ocupados	99,1	98,9	98,6	97,8	93,6	90,9
Activos parados	96,3	95,4	95,2	93	86,9	83,7
Inactivos: Estudiantes	100	99,5	99,5	99,5	98,2	97,3
Inactivos: Labores do fogar	84,7	83,5	82,5	78,1	65	60,8
Inactivos: Pensionistas	82,8	81	80	76,4	64,4	60,1
Outra situación laboral	90,9	89,5	88,5	85,5	77,1	74,9

Fonte: INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares.

O emprego de internet ten un claro nesgo discriminatorio en función do nivel de estudos da poboación. Porén, resulta interesante e esperanzador, de cara ao envellecemento activo e a *silver economy*, constatar que os niveis de acceso a internet dos pensionistas supera, en todos os casos, ao da poboación que ten só estudos primarios.

Táboa 36. Fogares segundo os motivos polos que non dispoñen de conexión a internet contratada. Galicia 2021.

Motivos	%	Número
Non a necesitan	55,21	90.985
Non a queren	47,07	77.574
Non lles resulta útil	40,81	67.249
Non a coñecen	37,25	61.389
Teñen poucos coñecementos para usala	62,94	103.714
Son moi caras	11,28	18.586
Custos altos dos equipos	9,51	15.675

Custos de conexión demasiado elevados	9,26	15.259
Razóns relativas á seguridade ou a privacidade	3,40	5.609
Téñena noutro lugar (traballo, centro de estudos...)	1,41	2.327
Non é posible contratala onde está a súa vivenda	1,82	3.000


Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

A incidencia calcúlase, como a porcentaxe de fogares sen conexión a internet contratada por ese motivo sobre o total de fogares sen conexión a internet contratada.

A análise desta táboa permítenos constatar un claro gap de formación que dificulta o emprego de internet. En efecto, case o 63% dos fogares que carecen del alegan as poucas destrezas como motivo para non contratalo. É moi posible que este mesmo motivo tamén inflúa no 55% que di non precisalo, no 47% que di non querelo e no 40% que afirma non serlle de utilidade. Cómpre reparar no 30% que non accede ao contrato por problemas económicos. Aquí temos unha importante porcentaxe de pobreza tecnolóxica que as políticas públicas deberían intentar paliar.

Gráfico 137. Uso de produtos TIC por las personas de 16 a 74 años.

Servizos de Internet usados por motivos particulares 2021.




Fonte INE: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información y comunicación nos fogares.

A nivel municipal, en 191 concellos o 50% da poboación residente dispoñía de acceso a rede de 100 Mbps; en 73, esta porcentaxe elévase a máis do 80% da poboación e en 29 concellos acadan cobertura de 100 Mbps máis do 90% da poboación (12 na Coruña, 7 en Pontevedra e 5 en Lugo e Ourense). Nos concellos das sete cidades máis importantes supérase o 90% da poboación con acceso a esta cobertura oscilando entre o 91,4% de Ferrol ata o 99,5% da Coruña. No Sistema Urbano Intermedio (SUI), en 30 dos 31 concellos supérase o 50% de poboación con esta cobertura. Nos Nodos de Equilibrio Territorial (NET), máis da metade (15) superan esta porcentaxe. Os valores para este terceiro nivel do sistema de asentamentos oscila entre o 25,9% da Fonsagrada ata o 91,0% de Melide.

Finalmente, no cuarto nivel de asentamentos, cunha mediana do 60%, atopamos valores moi dispares: Antas de Ulla, cun 0,1% de poboación con cobertura de rede de 100 Mbps, seguido de Orol (3,6%), Xermade (3,8%), Agolada (4,0%) ata Mondariz-Balneario (95,7%), Rábade (96,0%) e Beade que, cun 96,5% de poboación con cobertura lidera neste nivel. No que atinxe aos concellos do ámbito do Plan de Ordenación do Litoral (POL), en 76 dos 82 concellos, máis do 98% da súa poboación, dispón deste servizo (cunha mediana do 79,8%) e en 17 supérase a porcentaxe do 90,0%.

A falta de datos máis actualizados, os indicadores das DOT serven para observar como aínda persisten comarcas cunha débil cobertura. É o caso da Fonsagrada, dos Ancares, Meira, Terra Chá, Terra de Trives, Valdeorras, Limia ou Verín.

Mapa 44. Variación positiva de cobertura de rede de 100 mbps entre 2016 - 2021.



Fonte: Indicadores de seguimento das DOT, 2021

Uso das tecnoloxías da información na xuventude

Táboa 37. Persoas mozas (16-34 anos) que nos últimos 12 meses realizaron tarefas relacionadas con coñecementos informáticos por sexo, grupos de idade e tipo de tarefa (%2021)

	De 16 a 24 anos		De 25 a 34 anos	
	Homes	Mulleres	Hombres	Mujeres
Empregar polo menos un coñecemento informático	94,8	97,3	92,2	91,2
Transferir ficheiros entre a computadora e outros dispositivos	..	..	..	..
Instalar ou configurar software ou aplicacións (apps)	85,9	83,6	83,1	81,1
Copiar ou mover ficheiros ou carpetas	79,3	87,0	78,3	79,1
Crear presentacións ou documentos que integren texto, tablas ou gráficos	73,0	87,3	61,3	62,5
Empregar follas de cálculo	65,4	64,0	54,5	54,8
Programar nunha linguaxe de programación	21,2	9,2	14,7	9,0

Fonte: INE Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares

Táboa 38. Habilidades dixitais no uso de internet ou software, por motivos particulares por idade (% 2019)

	Sin Habilidades	Habilidade baixa	Habilidade básica	Habilidade avanzada
De 16 a 24 anos	0,1	13,3	17,9	67,8
De 25 a 34 anos	0,6	20,1	22	55,2
De 35 a 44 anos	1,3	30	24,7	41,4
De 45 a 54 anos	1,1	37,3	24,1	31,8
De 55 a 64 anos	3,9	43	20,7	18,8
De 65 a 74 anos	5,4	38,8	13	6,5

Fuente: INE Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2019 (https://ine.es/jaxi/Datos.htm?path=/t25/p450/base_2011/a2019/l0/&file=04053.px)

A Anterior táboa pon de manifesto (con datos de 2019 para España) a fenda xeracional enorme no uso de internet e obriga a tomar medidas para mingualo e aproveitar mellor o potencial das cohortes de maior idade, cada vez máis abundantes.

Táboa 39. Uso das tics polas persoas mozas (16 a 34 anos) de galicia (%2021).

	De 16 a 24 anos		De 25 a 34 anos	
	Homes	Mulleres	Hombres	Mujeres
Uso do teléfono móbil nos últimos 3 meses	100	100	100	100
Uso da internet polo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses	100	100	100	100
Uso da internet diariamente (polo menos 5 días á semana)	98,1	93,3	93,2	98,5
Compras na internet nos últimos 3 meses	61,4	77,7	68,8	68,7

Fuente: INE Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2019

Capítulo 7

Benestar, saúde e cohesión social

Coa pluralidade de datos presentados nos anteriores capítulos deste Informe buscábase poder avanzarmos no coñecemento da situación demográfica de Galicia e, asemade, intentar profundarmos nun tema crucial, como o é o da existencia dunha relación biunívoca entre cambio social e duración da vida.

Sabemos que a duración da vida e a maior procura da calidade da mesma están no cerne do cambio demográfico. É xa ben coñecido que o envellecemento demográfico e o cambio na pirámide de idades non é resultado de que simplemente baixara a fecundidade. Como teimabamos en páxinas anteriores, débese principalmente a que aumentou a duración da vida; e este trunfo fronte ás mortes evitables logrouse ao tempo que se tiñan menos descendentes pero que viven moito máis tempo.

Nesta mesma dirección, nun capítulo anterior volvíamos sobre a vella teima de que a reprodución non é unha cuestión de fecundidade -considerada como unha variable poboacional illada- senón da relación ou do balance establecido en cada momento entre fecundidade e mortalidade.

Nun momento como o actual, no que se recoñece nunha maior medida o carácter integral da ciencia social, conceptos como o de calidade de vida e benestar resultan xa de total aplicación ás diferentes esferas da vida humana¹. E se durante un tempo na súa conceptualización e medición pareceron pesar máis as preocupacións “produtivistas” relacionadas co benestar material, as contribucións críticas desde outros campos das ciencias sociais e da saúde consolidarían a relación entre as condicións materiais e sociais de vida e o benestar físico e psicolóxico, ademais de significar a incorporación, como obxecto de análise do benestar, das relacións interpersoais, a igualdade, a familia, a contorna ambiental, a sustentabilidade, os sistemas de crenzas ou as diversas dimensións da relixiosidade. Na adopción deste novo paradigma interpretativo os ODS (Obxectivos de desenvolvemento Sostible), aprobados pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas en setembro de 2015, representan unha contribución decisiva. Ningún dos 17 obxectivos sinalados arrédase da preocupación principal polo benestar. Singularmente, o obxectivo 3 persegue “garantir unha vida sá e promover o benestar para o total da poboación en todas as idades”.

No dilatado camiño que veu recorrendo o termo benestar ata chegar a súa conceptualización actual, e se nos detemos no ámbito máis específico da economía e dos instrumentos de medición do crecemento económico, hai que empezar sinalando que foron numerosas e influentes as voces que viñeran destacando

¹ A expresión calidade de vida converteuse en patrimonio da linguaxe cotiá, no que máis que cun significado preciso, utilízase como un termo de uso polivalente, que alude a unha ampla diversidade de situacións valoradas moi positivamente ou consideradas desexables para as persoas ou para as comunidades humanas.

as insuficiencias dos instrumentos xeralmente admitidos e comunmente usados para estimar o crecemento económico dun país, tradicionalmente medido en termos de produción material e non de benestar². Os argumentos dos premios Nobel A. Sen (1998), J. Stiglitz (2001) ou P. Krugman (2008) alentaron as reflexións doutros científicos sociais –nalgúns casos xa feitas explícitas con anterioridade– e de líderes de opinión e de políticos, que viñan cuestionando a idoneidade do PIB como instrumento “único” de medida por non reflectir adecuadamente os cambios que afectan ao benestar nin, por tanto, permitir comparar correctamente a calidade de vida nos diferentes países e rexións.

Por iso, non sorprende que desde instancias políticas ao máximo nivel se promoveran comisións de estudos sobre o tema, do que temos un acaído exemplo no encargo en 2008 do presidente francés Sarkozy³ a Stiglitz, Sen e Fitoussi para determinar os instrumentos que midan o benestar e a calidade de vida, e que teñan en conta aspectos como a degradación do medio ambiente ou a desaparición dos recursos naturais⁴.

Tratábase de afrontar un reto difícil, pero non imposible; un empeño que viñera ocupando, desde vinte ou trinta anos antes, a xente de ciencia e de investigación en diversos campos do coñecemento e no que tamén habían de involucrarse institucións do máximo nivel internacional (lembramos o sinalado na nota precedente, para tempos máis recentes, acerca da Comisión Europea e da OCDE), como é o caso anterior das Nacións Unidas apoiando a elaboración do Índice de Desenvolvemento Humano (IDH), que publica desde o ano 1990 o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD). Este índice, do que aínda hoxe se cuestionan as eivas que o limitan, analiza o progreso dos diferentes países con respecto a varias dimensións crave como a esperanza de vida, o acceso á educación, a sanidade ou un nivel de vida adecuado; índice que, aínda que non mide circunstancias como as relativas aos dereitos humanos ou ao nivel de democracia no país, si mide a correlación entre o crecemento económico e o benestar da cidadanía.

Non se nos escapa que o mesmo concepto de benestar é susceptible de variadas interpretacións. Reteñamos de momento que a elección polo PNUD de termos como “desenvolvemento humano”, coa decidida atención posta sobre o adxectivo “humano”, non foi neutra. Implicaba adoptar unha concepción da noción de desenvolvemento que superaba os aspectos estritamente económicos. Este índice composto é unha media simple de tres índices que reflicten os resultados dun país en materia de saúde e de lonxevidade –medidos pola esperanza de vida ao nacer–, de educación –medida segundo a alfabetización de adultos e a matriculación total nos tres niveis: primario, secundario e terciario– e de nivel de vida –medido polo PIB per capita en termos de paridade de poder adquisitivo–⁵.

Decatemonos así mesmo que en NN.UU a superación da perspectiva meramente “productivista” tamén alcanzou ao tema da igualdade, debido ao cada vez máis xeneralizado convencemento de que no proceso de modernización desempeña un papel central a igualdade de dereitos xurídicos e sociais por parte de

2 Porén fronte á teima de moitos economistas no empeño do carácter obxectivo da renda per capita, forase asentando a convicción de que a súa obtención dependía tamén de complexos e cuestionables procedementos de avaliación.

3 De feito, a iniciativa que se comenta do goberno francés prodúcese en paralelo a outras tanto da Comisión Europea (proxecto “GDP and beyond”) como da OCDE (coa súa iniciativa “Better Life”) que van na mesma dirección. En 2009 tamén a Comisión Europea publicaba unha comunicación co título “O PIB e máis alá - Evaluación do progreso nun mundo cambiante” [COM (2009) 433]. O obxectivo desta comunicación era promover a obtención de mellores indicadores que complementasen ao PIB para reflectir mellor o progreso social e ambiental.

4 A construción de novas medicións complementarias aos índices empregados ata os momentos actuais non só se habería traducir nun impacto sobre as estatísticas francesas senón tamén sobre os doutros países. É ben coñecido que, alén do alcance teórico e metodolóxico das propostas contidas no informe coordinado por Stiglitz, Sen e Fitoussi (2009), a necesidade de contar con series homologables a nivel internacional terminaría por impoñer a súa lóxica.

5 Hoxe está xeralmente admitido –o que significa un paso adiante con respecto ao IDH– que unha contorna de liberdades públicas, de respecto colectivo e de redución dos niveis de desigualdade e exclusión social encerran aspectos de especial relevancia para o benestar e a calidade de vida. E así reflectiuse a partir da década de 1990 na elaboración de índices complementarios ao Índice de Desenvolvemento Humano, como o Índice de Liberdade Humana (1991-1993) e, unido a iste, o Índice de Pobreza de Capacidade (1996) e o Índice de Pobreza Humana (IPH, 1997), índices que despois derivaron no IPH-1: Índice de Pobreza Humana para Países en Desenvolvemento, e no IPH-2: Índice de Pobreza Humana para Países Desenvolvidos, elaborados a partir do ano 1998. A construción destes índices aparece nos diferentes Informes sobre el Desarrollo Humano. Estes indicadores, que consideran diferentes variables, pretenden reflectir a distribución do progreso e a existencia de privacións colectivas.. Igualmente desde o campo da estatística foron cada vez máis as voces que reclamaron o emprego de ferramentas conceptuais e analíticas precisas, que permitan a incorporación dunha perspectiva de xénero nas distintas etapas da produción estatística.

ambos os sexos. No intento de realizar unha aproximación cuantitativa a este aspecto, creárase o Índice de Desenvolvemento da Muller, calculado ata o ano 1995, e que foi reempazado, desde 1996, polo Índice de Desenvolvemento Humano Relativo ao Xénero, e co Índice de Potenciación da Muller realizado ata o ano 1995 e que foi substituído desde 1996 polo Índice de Potenciación de Xénero⁶.

As xa considerables achegas no campo do benestar reflicten con todo unha variedade de orientacións que, en parte, poden explicar a cautela que percorre o texto final do Informe da Comisión sobre a medición do desenvolvemento económico e do progreso social coordinado por J. Stiglitz, A. Sen e J. P. Fitoussi (2009)⁷, no seu intento de relanzar o debate sobre “a elección dos conceptos pertinentes e o uso adecuado dos mesmos na medición do benestar”. Recoñécese no texto citado que desde distintos campos das ciencias sociais e da saúde viñéranse realizando sólidas investigacións que “ofrecen -insístese- datos significativos e fiables sobre o benestar subxectivo, aínda considerando que os diferentes aspectos do benestar subxectivo están sometidos a diversos determinantes que van moito máis alá da produción ou da situación material dos individuos”. En base ao anterior, declárase que “chegou a hora de que o noso sistema estatístico se centre máis na medición do benestar da poboación que na medición da produción económica e é conveniente que ditas medicións do benestar se restituán nun contexto de sustentabilidade”⁸.

O informe non conclúe coa elaboración dun índice sintético que substitúa ou complementa ao PIB senón que establece unha serie de recomendacións, dirixidas sobre todo á estatística oficial, sobre como abordar esa tarefa⁹.

As reflexións que viñera facendo A. Sen poñían especial énfase no carácter instrumental do acceso a bens e servizos, entendidos como un medio para poder alcanzar unha realización individual que se identifica coa calidade de vida. Saliéntanse nocións como “realización individual”, como con anterioridade incorporaban tamén organismos de especial relevancia como é o caso da Organización Mundial da Saúde (1998), para quen “a calidade de vida se define como a percepción do individuo sobre a súa posición na vida dentro do contexto cultural e o sistema de valores no que vive e con respecto ás súas metas, expectativas, normas e preocupacións. É un concepto extenso e complexo que engloba a saúde física, o estado psicolóxico, o nivel de independencia, as relacións sociais, as crenzas persoais e a relación coas características sobresalientes da contorna” (OMS, 1998: 28).

Proseguindo nesta mesma dirección, o texto da citada Comisión (Informe SSF) aparecido en 2009 afirma taxativamente que o benestar é pluridimensional, o que lle leva a ditar a súa “recomendación número 10”: “As medicións do benestar, tanto obxectivo como subxectivo, proporcionan informacións esenciais sobre a calidade de vida. Os institutos estatísticos deberían integrar nas súas enquisas preguntas cuxo obxectivo sexa coñecer a avaliación que cada un fai da súa vida, das súas experiencias e das súas prioridades”.

Temos, en definitiva, que o benestar é un concepto complexo, disperso e que soe confundirse con outros como a calidade de vida, a satisfacción coa vida ou a felicidade. Trátase tamén dun concepto multidimensional que incorpora elementos relacionados coa saúde, as relacións sociais, os ingresos, as

6 Este índice (IPX), elaborado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), é un indicador social que mide o nivel de oportunidades das mulleres. O IPX mide a desigualdade de xénero na participación económica, política e na adopción de decisións no país. Calcúlase utilizando cifras sobre as mulleres que forman parte do parlamento (asamblea lexislativa), mulleres en postos executivos e administrativos de alto nivel no país, mulleres profesionais e técnicas e o monto de ingreso per cápita por xénero.

7 Tamén coñecido como *Informe Sarkozy* ou *Informe SSF*.

8 Ao tempo, na súa “recomendación número 2”, a mesma Comisión fai especial fincapé na inclusión da perspectiva dos fogares: “Numerosos servizos que os fogares producen por si mesmos, non se toman en conta nos indicadores oficiais de ingresos e de produción, e con todo constitúen un aspecto importante da actividade económica”. En castelán no texto orixinal para a publicación no ámbito da lingua española.

9 No mesmo 2009 o sistema estatístico europeo faise eco destas distintas iniciativas facendo súas as recomendacións do informe SSF. Créase daquela un Sponsorship Group, co-presidido por Eurostat e o Instituto de Estatística de Francia (INSEE) co fin de desenvolver e detallar esas recomendacións en forma de propostas efectivas para o sistema estatístico europeo. Créanse tres grupos de traballo con estes labores: Medición Multidimensional da calidade de vida; Perspectiva dos fogares e os aspectos distributivos do ingreso, o consumo e a riqueza; e Sustentabilidade ambiental.

condicións da vivenda, o ambiente físico ou a situación socio-política, entre outras¹⁰. Nunha primeira instancia, a súa análise pode abordarse desde dúas perspectivas. Unha perspectiva obxectiva, a través de datos e indicadores relacionados coas condicións de vida das persoas, e unha perspectiva subxectiva, baseada nas percepcións dos individuos en relación con esas condicións de vida.

Taboa 40. Dimensións da calidade de vida (Eurostat) e de benestar (OCDE).

Eurostat Índice de calidade de vida	OCDE Índice de benestar
Condicións materiais de vida	Renta e riqueza Aloxamento
Actividade produtiva ou outra actividade principal	Traballo e remuneración Equilibrio traballo / familia
Saúde	Saúde
Educación	Educación e competencia
Lecer e relacións sociais	Vínculos sociais/ comunidade
Seguridade económica e física	Seguridade persoal
Ambiente natural e de vida	Calidade ambiental
Gobernanza e dereitos básicos	Participación cívica e gobernanza
Ambiente natural e de vida	Calidade ambiental

Fonte: Eurostat (2017) e OCDE (2016)


O sinalado carácter “pluridimensional” do benestar reflicte ben a anterior táboa, na que se mesturan conceptos como calidade de vida e benestar, elaborada a partir das “dimensións de calidade de vida” de Eurostat (2017) e de “benestar” da OCDE (2016).

Pódese apreciar nela a orientación proposta no anterior Informe da Comisión sobre a medición do desenvolvemento económico e do progreso social coordinado por J. Stiglitz, A. Sen e J. P. Fitoussi (2009). Así, como se pode comprobar a inclusión significativa de dimensións como ter unha vida saudable, un bo equilibrio entre vida profesional e vida familiar, un adecuado nivel educativo ou a potenciación do exercicio pleno da cidadanía, entre outros trazos; porén máis aló da inclusión de indicadores institucionais e obxectivos sinálase a importancia do emprego de indicadores subxectivos que expresen as percepcións das persoas, como poden ser a satisfacción coa vida, o sentimento de seguridade ou a confianza nas institucións.

¹⁰ No eido da psicoloxía Abraham Maslow desenvolveu unha teoría que inquires acerca da motivación e as necesidades do ser humano, isto é, aquilo que nos leva a actuar tal e como o facemos. Segundo Maslow, as nosas accións nacen da motivación dirixida cara ao obxectivo de cubrir certas necesidades, as cales poden ser ordenadas segundo a importancia que teñen para o noso benestar. Así se fala dunha xerarquía das necesidades humanas: conforme se satisfán as necesidades máis básicas, os seres humanos desenvolvemos necesidades e desexos máis elevados. A partir desta xerarquización establécese o que se coñece como Pirámide de Maslow na que se diferencian cinco categorías de necesidades: fisiolóxicas, de seguridade, de afiliación, de recoñecemento e de autorrealización; sendo as necesidades fisiolóxicas as de máis baixo nivel, e subindo niveis na orde indicada. Por outra banda, un estudo publicado en 2011 pola Universidade de Illinois puxo a proba a Pirámide de Maslow e os seus autores descubriron que a satisfacción das necesidades da pirámide se relacionaba coa felicidade da persoa. Pero nesta investigación, ao contrario que na teoría de Maslow, concluíuse que as necesidades de recoñecemento e autorrealización tamén eran importantes a pesar de que non estivesen cubertas as necesidades máis básicas.

O INE presentou no ano 2022 o seu Indicador multidimensional de calidade de vida (IMCV)¹¹, que se calcula a nivel español e por comunidades autónomas.

Gráfico 138. Evolución temporal del Índice global de Calidad de Vida (2008 = 100).




Fonte: INE

Os datos tirados deste indicador, que se reproducen no anterior gráfico, permitenlle concluír ao INE que a calidade de vida en España mellorou en 2021 (IMCV= 101,83) tras o descenso de 2020 (IMCV= 101,66). Mellora que veu impulsada polas dimensións de “educación” e, nunha medida menor, por “contorna e medio ambiente” mentres que as dimensións de “saúde, seguridade física e persoal”, “traballo” e “condicións materiais de vida” empeoraron a súa puntuación.

Os resultados para a Comunidade Autónoma de Galicia preséntanse na seguinte gráfica elaborada polo INE.

Gráfico 139. Evolución temporal del Índice global de Calidad de Vida por CCAA (2008 = 100).



Fonte: INE

¹¹ O IMCV consiste na construción, con carácter experimental, dun indicador que sintetiza a información dos Indicadores de Calidade do INE nos que se ofrece unha visión panorámica (multidimensional) da calidade de vida en España. As nove dimensións contempladas polo IMCV son: condicións materiais de vida, traballo, educación, saúde, lecer e relacións sociais, seguridade, gobernanza e dereitos básicos, contorna e medio ambiente e experiencia xeral da vida. A información do IMCV e os seus componentes nas CCAA pódese consultar en: https://ine.es/experimental/imcv/experimental_ind_multi_calidad_vida.htm

Dado o carácter deste *Informe* que presenta o *Observatorio Galego de Dinamización Demográfica*, e no que necesariamete se inclúen os datos de que dispomos neste momento concreto, coidamos que é forzosa a incorporación das “recomendacións” contidas tanto no informe SSF como no do *Sponsorship Group* (SG)¹², que se inclúen na presentación do Indicador multidimensional de calidade de vida (IMCV) do INE. Así, anótase textualmente na súa tradución ao galego:

“As recomendacións, tanto do informe SSF como do Sponsorship Group (SG), organízanse ao redor de tres piares: a medición multidimensional da calidade de vida, a introdución da perspectiva dos fogares nos indicadores económicos e a medición da sustentabilidade ambiental. Desas tres compoñentes, a maior parte das recomendacións céntranse na medición da calidade de vida. Os informes SSF e SG establecen un novo paradigma na medición da calidade de vida que é necesario explicar en certo detalle. A calidade de vida ou o benestar débense medir acudindo a indicadores que deberían seguir varios principios:

- Medir resultados: trátase de evitar o uso de indicadores típicos de informes sociais usados ata o de agora baseados en recursos ou en insumos, tales como “número de camas de hospital por cada 1000 habitantes” ou “gasto por alumno” para medir sanidade ou educación respectivamente. Estes indicadores dan unha idea sobre o esforzo das administracións públicas nunha determinada función pero non dos seus resultados nas persoas. O enfoque de medición multidimensional de calidade de vida, agora propugnado, tenta evitar este tipo de indicadores e basearse na medida do posible só en indicadores de resultados (de impacto na poboación) tales como, por exemplo no ámbito da saúde, se unha persoa puido acudir ao médico cando o necesitaba.*
- Datos individuais. Os indicadores deberían basearse en datos tomados de observacións individuais. Por exemplo, é preferible á hora de medir a seguridade, coñecer a percepción que as persoas teñen sobre a inseguridade, ou os sucesos nos que puideron ser vítimas, que datos agregados tales como unha taxa de homicidios por 100.000 habitantes, típica dun enfoque clásico de indicadores sociais.*
- Medir desigualdades en lugar de valores medios. En línea co anterior outra recomendación transversal destes informes é que os indicadores principais elixidos non deberían ser valores medios senón estatísticos de distribución. Un caso típico é a taxa de risco de pobreza, que é un indicador de desigualdade dado que mide porcentaxe de poboación por baixo dun determinado limiar de ingresos. Este indicador sería preferible, á hora de describir o benestar material a un indicador como o ingreso medio.”*

Recoñécese na presentación desde indicador do INE que non sempre é posible dispor destes datos dado que, en moitas ocasións, as fontes estatísticas actuais non os proporcionan, polo que se terá que acudir a indicadores clásicos agregados.

O IMCV incorpora nove dimensións: condicións materiais de vida; Saúde; Educación; Lecer e Relacións Sociais; Seguridade Física e Persoal; Gobernanza e Dereitos Básicos; Contorna e Medio Ambiente; e Experiencia Xeral da Vida (que contempla: Satisfacción global coa vida, Sentimentos e Emocións; Sentido e Propósito da Vida). Como pode observarse estas nove dimensións gardan unha grande similitude coas dimensións da calidade de vida de EUROSTAT que recollíamos nunha anterior táboa.

Dedúcese desta simple enumeración que a análise do benestar, pola súa propia complexidade, é un lugar de encontro privilexiado para moitos campos do coñecemento - particularmente para a demografía, a economía, a socioloxía, psicoloxía...- e deu lugar, como vimos someramente, a unha serie de bases teóricas e metodolóxicas útiles que foron dando conta da necesidade de incorporar as súas análises e modelos, de ir traballando interdisciplinariamente dirixindo os seus esforzos á explicación da vida entendida ista como de calidade.

Cada vez máis fálase da calidade de vida e nese sentido asentase e toma presenza con máis forza a subxetividade, a valoración da vida, o simbólico e o percibido desde as propias persoas, con suxeitos xa non só receptores do beneficio senón activos e solicitantes das súas demandas, desde a propia apreciación

12 “Grupo” co-presidido por Eurostat e polo Instituto de estatística de Francia (INSEE).

da vida. Bases teóricas e metodolóxicas igualmente útiles como elementos de referencia na elaboración de plans de desenvolvemento económico e social.

Tentamos seguir a orde de presentación das dimensións establecidas no IMCV para a exposición e análise dos datos de que dispomos e que tampouco cubren todas dimensións sinaladas. Con maior amplitude analízanse os temas relacionados coas condicións materiais de vida e se achegan elementos parciais en relación co tema da saúde (apartado no que se incorporan tamén datos de discapacidade, dependencia. ...). No referente a “educación” remitímonos a todo o apuntado e analizado no anterior capítulo de “Formación e Innovación”, a este respecto cabe lembrar o sinalado respecto á perspectiva do metabolismo demográfico na que se salienta o factor estratéxico que representa a educación. Como sinalabamos quedan aspectos fundamentais por presentar agora neste capítulo pois non se abordan directamente temas capitais como o de “gobernanza e dereitos básicos”, “lecer e relacións sociais”, “seguridade física e persoal”, “contorna e medio ambiente” ou “sentido e propósito da vida”. Si se inclúen achegas a temas tamén de especial importancia como o da violencia de xenero, calidade de vida na vellez e ao tema dos coidados.


Compre que sinalemos estas eivas no tratamento da calidade de vida¹³ pois a nosa intención neste Informe enfócase prioritariamente en dar conta da pluralidade e complexidade dos elementos implicados na súa análise; con independencia da dificultade de captarmos o conxunto de datos, aquí e agora, para abordarmos a súa multidimensionalidade. Pretendemos en primeiro lugar, asumindo estas eivas, suscitar un debate en profundidade que permita en anos inmediatos abordar a tarefa do benestar con maior amplitude. Especial importancia asignamos a poder contar con datos de benestar subxectivo, conscientes do papel central asignado á percepción como se enfatizaba por parte da OMS en 1998 ao igual que se sigue a presentar por outras iniciativas como as representadas pola OCDE ou por instancias comunitarias.

Condicións materiais de vida

O Contexto socioeconómico e laboral en Galicia.- A realidade demográfica e os condicionantes socioeconómicos do país teñen tamén a súa incidencia nas oportunidades laborais e con iso, nas posibilidades de fixar poboación no territorio.

Galicia tivo no primeiro trimestre de 2023 unha taxa de actividade do 52,79%; superior en 0,13 puntos á do mesmo trimestre do ano anterior, mais un 1,37 inferior á de hai unha década. A perda de poboación maior de 16 anos -ben sexa pola baixa natalidade ou pola emigración- condiciona o comportamento da taxa de actividade.

Gráfico 140. Evolución das taxas nos últimos 10 anos.




Fonte. Elaboración propia a partir da EPA

13 Se ben compre deixar constancia da existencia de módulos específicos na Enquisa estrutural a Fogares (EEF) que conteñen datos sobre lecer e relacións sociais, sentido e propósito da vida...

A taxa de emprego aumentou no último ano en 0,39 puntos. Tamén con respecto ao ano 2013 o dato é positivo, medrou ate cinco puntos, en parte tamén condicionada pola evolución da poboación activa.

Pola súa parte, a taxa de paro experimentou un descenso de 0,54 puntos con respecto ao ano anterior e de 4,92 puntos si se compara con hai dez anos.

Gráfico 141. Variación anual e dos últimos 10 anos das taxas de actividade, ocupación e paro.



Fonte. Elaboración propia a partir da EPA

Actividade económica, ocupación e paro, no contexto actual.- Os datos da EPA correspondentes ao 1ºT do ano 2023 amosan a seguinte realidade: Galicia conta cunha poboación en idade de traballar de 2.346.500 persoas, das caís 1.238.700 son activas -1.103.700 ocupadas e 135.100 persoas en paro- e 1.107.800 son inactivas.

Gráfico 142. Actividade económica, ocupación e paro. EPA 1º trimestre de 2023.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Estas cifras amosan un lixeiro aumento da poboación activa e da ocupada, así como tamén unha redución das e dos parados con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Táboa 41.Variación anual e dos últimos 10 anos da poboación activa, ocupada e parada.

	Variación 1T2023-1T2013		Variación interanual	
	Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Total	-41.600	-1,74%	6.300	0,27%
Activos	-54.800	-4,24%	6.300	0,51%
Ocupados	98.100	9,76%	12.300	1,13%
Parados	-152.800	-53,07%	-5.900	-4,18%
Inactivos	13.100	1,20%	100	0.01%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

A poboación maior de 16 anos experimenta unha subida de 6.300 persoas (0,27%) no último ano, quedando a cifra total en 2.346.500 persoas. O número de persoas ocupadas acadou os 1.103.700 traballadores, 12.300 empregados máis que hai un ano (a cifra máis alta nun primeiro trimestre desde 2009), de xeito que a taxa de emprego está no 47,03%. Isto sucede tras un incremento no número de activos, que medrou no último ano en 6.300 persoas, o que sitúa a cifra de poboación activa en 1.238.700. Deste xeito, a taxa de actividade aumenta ata o 52,8.


A evolución do mercado laboral a máis longo prazo, nos últimos dez anos, amosa un balanço desigual. A poboación activa baixou en 54.800 persoas, un 4,24%. O descenso de activos obedece a diferentes causas, envellecemento da poboación, baixa natalidade e saída da xente moza. As cifras de ocupación resultan máis favorables, nesta década 98.100 novos ocupados incorporáronse ao mercado laboral ao tempo que diminuíu o paro.

Unha aproximación por sectores aos resultados da Enquisa de Poboación Activa permite ver a evolución a nivel sectorial:

Sector primario: a poboación rural en Galicia ten un peso maior que a poboación rural no conxunto de España. Pero a economía do medio rural galego non acada as mesmas cotas de representatividade no conxunto español cando a abordamos desde o punto de vista da produtividade. Este desaxuste vese incrementado pola falta de remuda xeracional nun sector que será determinante no futuro inmediato.

O sector primario galego perde ocupación desde hai moitos anos. No primeiro trimestre de 2013 había 71.300 persoas ocupadas mentres que no 2023 esta cifra minguou ate os 65.800 persoas, un ritmo de caída do 7,71%. Esta situación é peor no caso das persoas ocupadas con maior idade, pois o grupo de maiores de 55 anos baixou un 18,34% nos últimos dez anos. As persoas ocupadas de 16 a 24 anos descenden un 44%. Este constante declive da ocupación de afiliados supón que o sector primario galego está a perder peso relativo dentro do tecido produtivo.

Gráfico 142. Porcentaxes de poboación ocupada por sector económico. Galicia.




Fonte. Elaboración propia a partir de Epa 1ºtrimestre 2023

Sector da construción: a construción caracterízase por ser un sector con forte ciclicidade o que se reflicte no emprego. Medra en etapas de expansión por riba da media e cae de xeito abrupto nas etapas de contracción.

Outro aspecto de interese relacionado co mercado de traballo do sector é o comportamento da produtividade. A construción en Galicia presenta unha produtividade do traballo inferior á da industria e os servizos, aínda que superior á da agricultura.

Parece un lugar común falar da maior importancia que o sector da construción ten en España con respecto a Galicia, mais a realidade é diferente. Na gráfica seguinte pódese apreciar que a construción en España ten un peso relativo menor na actividade económica que en Galicia. Como podemos apreciar na gráfica, o peso do emprego no sector da construción a nivel español presenta un volume de ocupación inferior ao peso do sector no conxunto da economía galega.


Gráfico 144. Peso da construción na ocupación. Galicia/España.



Fonte. Epa 1º trimestre 2023

Sector da industria: segundo a EPA do 1º trimestre de 2023, a ocupación dos traballadores e traballadoras do sector secundario representou un 14,67% en Galicia, un punto por riba da media española, que caeu ate o 13,64%, ámbolos dous lonxe do obxectivo do 20% que se propuxo Europa para o 2020.

Gráfico 145. Peso da industria na ocupación. Galicia/España.



Fonte. Epa 1º trimestre 2023

Galicia ten unha estrutura industrial, maioritariamente formada por pequenas e medianas empresas, con menos de seis empregados, que conforman a maioría do tecido empresarial galego.

Estas características xerais do sector poden verse mellor nas distintas actividades económicas que o configuran. Galicia conta cunha industria arraigada e consolidada en sectores estratéxicos como a alimentación, a automoción, o naval, o téxtil, ou a metalurxia. Unha análise das CNAE caracteriza á economía galega xustamente como altamente especializada en material de transporte, industrias alimentarias, madeira, confección, enerxía e industrias extractivas. Eses son os nosos sectores estratéxicos. En xeral, o peso desas actividades no Valor Engadido Bruto total galego é superior ao que estas actividades teñen no conxunto da economía española.

En definitiva, trátase do sector que xera os postos de traballo mellor remunerados e que serve de tractor dos servizos. Por cada posto industrial xéranse varios empregos no sector servizos o que se reflicte tamén nun maior consumo. Cómpre chamar a atención sobre a evolución do sector industrial en Galicia, se se analiza desde un punto de vista clásico.

A última EPA confirma que se destrúe emprego industrial. Ven sendo así desde o segundo trimestre de 2022, o que arrastra catro trimestres consecutivos de perda de emprego e debuxa unha tendencia clara á destrución de emprego neste sector. A morte da vella industria e o incipiente nacemento da nova ten como resultado que no primeiro trimestre de 2023 a industria galega teña 7.000 persoas ocupadas menos que hai un ano, a diferenza da media española, onde a ocupación medrou no mesmo período a un ritmo do 3,47%, cando en Galicia caeu algo máis do 4%.

No lado positivo e, segundo os tres epígrafes que debulla o Instituto Galego de Estatística, o sector industrial galego presenta un panorama renovado nas persoas ocupadas, de xeito que a o peso das persoas maiores de 50 anos é inferior á media española, sendo chamativo o dato de que as actividades do subsector metalmeccánico reflicten que o peso da poboación ocupada de maior idade está por debaixo do 25% ou, o que é o mesmo, 0 75% son empregos novos.

Táboa 42. Peso da ocupación das persoas maiores de 50 anos na industria.


% ocupados de 50 e máis	50 e máis	% sobre total
Industria da alimentación, téxtil, coiro, madeira e papel	22.928	36,82%
Industrias extractivas, industria química, farmaceutica, suministro enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, suministro de auga, xestión de residuos. Metalurxia	15.287	32,06%
Construción de maquinaria, equipo eléctrico e material de transporte. Instalación e reparación industrial	12.876	24,77%
Total sectores	408.361	37,00%

Fonte. Epa 1º trimestre 2023

Sector dos servizos: o sector servizos constitúe o núcleo da economía galega. O 72,53% do volume de ocupación dos traballadores galegos correspóndese con actividades propias do sector. Isto supón que case tres de cada catro galegos desenvolve a súa actividade profesional en ocupacións terciarias.

A terciarización da economía galega constitúe unha tendencia que foi adquirindo cada vez máis relevancia nos últimos anos, aínda por debaixo da media española. Cómpre dicir que a clasificación clásica en sectores -primario, secundario e terciario-, xa non é tan nítida coma antes, confundíndose e mesturándose moitas veces actividades do secundario e terciario, mais aínda naquel sector industrial relacionado con servizos de alto valor engadido, no que se mesturan e se dilúen ámbolos dous.

Gráfico 146. Gráfico 145. Peso dos servizos na ocupación. Galicia/España.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

En xeral, Galicia conta cun sector servizos moi vinculado árama de comercio e a hostalaría ao igual que o emprego no sector público, a educación e as actividades sanitarias e de servizos sociais. Tanto no comercio como na hostalaría e no transporte, a produtividade do traballo está estimada como inferior á media, mentres que as outras tres principais ramas de actividade do sector: o emprego nas AAPP, as actividades sanitarias e a educación, representan un emprego de maior calidade.

Táboa 43. Peso da ocupación das persoas maiores de 50 anos na industria.

% ocupados de 50 e máis	50 e máis	% sobre total
Comercio e hostalaría	82.929	34,09%
Transporte e almacenamento. Información e comunicacións	26.837	30,68%
Intermediación financeira, seguros, actividades inmobiliarias, servizos profesionais, científicos, administrativos e outros	45.291	33,76%
Administración Pública, educación e actividades sanitarias	107.403	42,16%
Outros servizos	35.597	44,00%
Total	408.361	37,00%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

O peso das persoas ocupadas de maior idade resulta inferior ao rexistrado no conxunto de Galicia, sen embargo chama a atención o elevado peso da poboación ocupada de máis idade entre os traballadores e traballadoras do sector público (42%)¹⁴.

A distribución das afiliacións á Seguridade Social por sectores de actividade amosa unha forte presenza do sector servizos nas tres zonas de Galicia establecidas polo grao de urbanización. Ademais, a porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector servizos aumenta co grao de urbanización e o valor máis alto acádase na ZDP, cun 82,6% das afiliacións totais neste sector no ano 2022.

Todas as actividades que conforman o tecido económico de Galicia experimentaron nos últimos dez anos un incremento no peso porcentual que representa a poboación de máis idade.

Táboa 44. Peso da ocupación das persoas maiores de 50 anos por sectores. Evolución.

% ocupados de 50 e máis	1T 2023		1T 2018		1T 2013	
	50 e máis	% sobre total	50 e máis	% sobre total	50 e máis	% sobre total
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	31.964	48,60%	33.409	47,90%	34.609	48,54%
Industria da alimentación, téxtil, coiro, madeira e papel	22.928	36,82%	20.569	29,98%	15.376	24,77%
Industrias extractivas, refino de petróleo, industria química, farmacéutica, industria doo caucho e materias plásticas, suministro enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, suministro de auga, xestión de residuos. Metalurxia	15.287	32,06%	12.968	24,72%	11.818	25,00%
Construción de maquinaria, equipo eléctrico e material de transporte. Instalación e reparación industrial	12.876	24,77%	11.172	22,91%	8.875	19,33%
Construción	27.250	36,13%	23.894	36,29%	21.597	29,59%
Comercio por xunto e polo miúdo e as súas instalacións e reparacións. Reparación de automóviles, hostalería	82.929	34,09%	66.371	26,68%	56.613	23,33%
Transporte e almacenamento. Información e comunicacións	26.837	30,68%	21.267	28,64%	17.001	24,55%

¹⁴ Na rama de Administración Pública, educación e actividades sanitarias non é todo sector público. En educación e sanidade hai parte non pública.

Intermediación financeira, seguros, actividades inmobiliarias, servizos profesionais, científicos, administrativos e outros	45.291	33,76%	30.223	27,65%	21.312	21,89%
Administración Pública, educación e actividades sanitarias	107.403	42,16%	96.416	40,21%	75.899	34,99%
Outros servizos	35.597	44,00%	26.184	36,07%	25.889	32,41%
Total	408.361	37,00%	342.472	32,61%	288.990	28,74%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Todas elas presentan un importante volume de ocupación das persoas maiores de 50 anos, aínda que esta situación é particularmente chamativa no sector primario e no emprego público, sobre todo no da educación, onde semella que nos próximos anos vai a ser necesaria a achega dun importante continxente de novos traballadores e traballadoras que substitúan ás persoas que se xubilarán nun futuro inmediato.

A especial relevancia das dinámicas demográficas que afectan ao grupo de idade xuventude, pola súa impronta nas variables demográficas e en especial na fecundidade, explica as reiteradas referencias á situación da mocidade e que agora nos deteñamos especialmente na súa relación co mercado de traballo

Táboa 45. Taxas de actividade, ocupación e paro para a poboación de 16 a 29 anos por sexo (%2022).

	2022	2022/I	2022/II	2022/III	2022/IV
Total (%)					
Taxa de actividade	46,7	46,3	47,3	48,5	44,8
Taxa de ocupación	36,1	34,8	36,1	37,5	35,9
Taxa de paro	22,8	24,7	23,7	22,8	19,8
Homes (%)					
Taxa de actividade	49,3	49,4	50,7	51,7	45,3
Taxa de ocupación	38,2	37,9	39	39,8	35,9
Taxa de paro	22,6	23,2	23,1	23,2	20,8
Mulleres (%)					
Taxa de actividade	44	42,9	43,6	45,2	44,3
Taxa de ocupación	33,9	31,5	32,9	35,1	36
Taxa de paro	23	26,5	24,5	22,3	18,8


Fonte IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Táboa 46. Taxas de actividade, ocupación e paro para a poboación de 16 a 29 anos con respecto á poboación moza total (%2022).

	Total poboación	Mozos	% diferenza mozos/ resto poboación
Poboación activa	52,95%	46,72%	-6,23%
Poboación ocupada	42,93%	33,91%	-11,02%
Poboación parada	11,02%	22,81%	11,79%

Fonte IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Gráfico 147. Taxas de actividade, ocupación e paro para a poboación de 16 a 29 anos con respecto á poboación moza total (%2022).



Fonte IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Táboa 47. Afiliación da poboación moza (16 a 29 anos) por conta allea e conta propia con respecto a poboación total e a poboación moza (%2022).

	Total		Homes		Mulleres	
	nº	%	nº	%	nº	%
Afiliación total	918.678	100,00%	544.925	59,32%	373.753	40,68%
Afiliación mozos	221.931	24,16%	131.921	24,21% ⁽¹⁾	90.010	24,08% ⁽¹⁾
Por conta propia mozos	18.898	8,52%	12.494	9,47% ⁽²⁾	6.404	7,11% ⁽²⁾

(1) Porcentaxe de afiliación de mozos sobre a afiliación total do sexo

(2) Porcentaxe de por conta propia mozos sobre a afiliación de mozos do sexo

Fonte: IGE-INE.

Táboa 48. Distribución de activos por nivel de formación acadado e sexo en Galicia. Porcentaxes respecto do total de Galicia.

	2023T1		2022T4		2022T3		2022T2		2022T1	
	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres
Analfabetos	0,1	0	0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Estudios primarios incompletos	0,3	0,1	0,4	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,3	0,1
Educación primaria	2,8	1,9	2,7	2,1	2	1,7	2,9	1,8	2,4	1,6
Primera etapa de educación secundaria y similar	32	23,2	31,9	23,9	32,4	23,1	32,6	24	33,5	23,8
Segunda etapa de educación secundaria, con orientación general	13,5	11,3	13	11,8	12,3	11,7	11,9	10,8	11,3	11,7
Segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional (incluye educación postsecundaria no superior)	12,6	11,5	12,4	9,9	12,9	9,9	11,7	10,1	11,7	10,5
Educación superior	38,7	51,9	39,3	52,1	40,1	53,2	40,7	53	40,6	52,2


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Táboa 49. Ocupados por grupo de idade, sexo e comunidade autónoma porcentaxes respecto do total de cada comunidade, %.

	2023T1		2022T4		2022T3		2022T2		2022T1	
	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres
De 16 a 19 anos	0,3	0,2	0,5	0,2	0,6	0,6	0,5	0,2	0,8	0,1
De 20 a 24 anos	3,5	3,3	3,1	3	3,7	2,9	3,7	2,3	3,4	2,4
De 25 a 34 anos	16,5	16,2	16,1	16,4	16,4	15,8	16,2	16	15,2	15,9
De 35 a 44 anos	26,7	26,4	27,2	27	26,8	28	26,8	27,7	28	28,3
De 45 a 54 anos	30,9	31,1	31,1	31,4	30,9	31,3	31,4	31,9	31,3	31,2
55 e máis anos	22,2	22,8	22	22,1	21,7	21,5	21,6	21,9	21,3	22,1

Fonte INE: Enquisa Poboación Activa

Gráfico 148. Poboación ocupada entre 16 e 29 anos por sexo e sector económico. Miles de persoas.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Táboa 50. Parados por nivel de formación acadado e sexo en Galicia. Porcentaxes respecto del total.

	2023T1		2022T4		2022T3		2022T2		2022T1	
	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres	homes	mulleres
Analfabetos	0,7	0,3	..	0,3	..	0,5	..	0,2	..	0,2
Estudios primarios incompletos	1,1	0,7	0,9	0,6	0,4	0,6	..	0,3	1,2	0,6
Educación primaria	6,7	5,1	6,7	4,3	4,4	2,3	6,5	4,5	5,5	3,2
Primera etapa de educación secundaria e similar	39,6	29	35,4	32,9	35,7	27,8	38,1	32,5	40,5	32
Segunda etapa de educación secundaria, con orientación xeneral	14,2	16,1	14,9	12,8	13	15,5	13,2	12,9	10,5	15,8
Segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional (inclúe educación postsecundaria no superior)	12,5	14,3	14,6	10,2	16	9,8	13,8	14,3	13,5	12,7
Educación superior	25,2	34,7	27,5	38,8	30,4	43,5	28,4	35,2	28,8	35,6

Fonte INE: Enquisa Poboación Activa.

O paro rexistrado segundo o grado de urbanización de Galicia amosa que o número de persoas paradas rexistradas por cada 1.000 habitantes é máis elevado nas zonas densamente poboada e intermedia que na ZPP.

Gráfico 149. Paro rexistrado por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización. Galicia.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE


No período 2013-2022 este indicador rexistra nas tres zonas o seu valor máis baixo no ano 2022. Entre 2013 e 2019 o número de persoas paradas por cada 1.000 habitantes diminúe de forma continuada nas tres zonas. Así, o volume de paro rexistrado por cada 1.000 habitantes diminuíu entre 2013 e 2019 un 33,5% na ZDP, un 40,1% na ZIP e un 42,0% na ZPP; no ano 2020 prodúcese un aumento producido pola pandemia da Covid-19 e a partir de aí o paro volve diminuír ata o ano 2022.

A consideración das seis subzonas determinadas polo subgrao de urbanización, así como o sexo, na análise do paro rexistrado por 1.000 habitantes permite comprobar como a incidencia desta variable é maior na ZDP (97,8 persoas paradas/1.000 hab.) para ambos sexos (86,2 para os homes fronte a 108,6 para as mulleres). Parece existir unha certa relación directa entre paro rexistrado e subgrao de urbanización, xa que, coa excepción da ZPP alta e da ZPP intermedia, os valores do indicador diminúen de forma continuada dende a zona ZDP ata a ZPP baixa.

Por outra parte, cómpre resaltar o comportamento da subzona máis rural (ZPP baixa), na que o indicador acada un valor notablemente máis baixo que no resto de subzonas; en particular, no ano 2022, o paro rexistrado por 1.000 habitantes na ZPP baixa é un 29,4% inferior ao rexistrado na ZDP.

Por último, os datos do indicador segundo o sexo amosan que a incidencia do paro rexistrado é maior nas mulleres que nos homes en todas as subzonas de urbanización.

Gráfico 150. Paro rexistrado de menores de 25 anos por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización. Galicia.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE


O paro rexistrado de menores de 25 anos por 1.000 habitantes acada na ZIP os seus valores máis altos ao longo do período 2013-2016 e a partir dese ano o indicador é superior na ZDP. Por tanto, non presenta unha relación directa co grao de urbanización.

No período 2013-2019 o indicador redúcese notablemente en todas as zonas, nas que se acada o seu valor mínimo neste período. No ano 2020 o indicador aumenta nas tres zonas de urbanización debido a pandemia do coronavirus. No ano 2022, o indicador diminúe nas tres zonas de urbanización. Así, no ano 2022 o paro rexistrado de menores de 25 anos por 1.000 habitantes experimentou unha diminución interanual do 17,7%, 13,3% e 12,4% na ZDP, ZIP e ZPP respectivamente.

Ao considerar os datos do paro rexistrado de menores de 25 anos por 1.000 habitantes nas seis subzonas de urbanización obsérvase como no ano 2022 o valor máis alto acádase na ZPP intermedia (29,8 persoas paradas menores de 25 anos por 1.000 hab.) e os máis baixos na ZPP baixa (24,0 persoas paradas menores de 25 anos por cada 1.000 habitantes). Parece que existe unha relación directa entre este indicador e o subgrao de urbanización, xa que diminúe co subgrao de urbanización excepto no caso da ZPP intermedia.

Por outra parte, os datos do indicador segundo o sexo amosan que a incidencia do paro rexistrado entre os menores de 25 anos é maior nas mulleres que nos homes.

Gráfico 151. Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por sectores de actividade económica e subgrao de urbanización. Galicia 2022.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE

A distribución das afiliacións á Seguridade Social por sectores de actividade amosa unha forte presenza do sector servizos nas tres zonas de Galicia establecidas polo grao de urbanización. Ademais, a porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector servizos aumenta co grao de urbanización e o valor máis alto acádase na ZDP, cun 82,6% das afiliacións totais neste sector.


Pola contra, a porcentaxe de afiliacións na agricultura e na pesca presenta unha relación inversa co grao de urbanización e así, o seu valor máis alto rexístrase na ZPP, cun 11,9% das afiliacións totais neste sector.

A porcentaxe de afiliacións na construción acada tamén os seus valores máis elevados na ZPP. Polo que respecta ao sector da industria, ocupa nas tres zonas un segundo lugar no peso das afiliacións, e no caso da ZPP cun peso moi similar ao da agricultura e pesca. A consideración de subzonas segundo o subgrao de urbanización permite afondar algo máis na diferenciación da xeografía galega por sectores.

A ZDP e a ZIP alta destacan pola forte presenza de afiliacións no sector servizos (82,6% e 71,8% respectivamente en 2022). No que respecta á porcentaxe de afiliacións na industria, esta variable non presenta unha relación directa ou inversa co subgrao de urbanización; é na ZPP alta e na ZIP baixa onde este sector acada un maior peso.

Dentro da zona pouco poboada, a ZPP baixa é na que maior predominio se observa da agricultura e da pesca (15,5%) e a porcentaxe de afiliacións nos servizos (59,9%) é sensiblemente menor á rexistrada na ZPP intermedia (62,2%) e, sobre todo, na ZPP alta (66,6%)

Gráfico 152. Rendemento medio declarado no IRPF segundo o subgrao de urbanización. Galicia.



Fonte: Panorama rural/urbano do IGE

O rendemento medio declarado no IRPF presenta unha relación directa co grao e co subgrao de urbanización, de xeito que crece a medida que aumenta o nivel de urbanización. Así, no ano 2020 o rendemento medio declarado no IRPF varía entre o valor máximo da ZDP (20.784,9 euros) e o mínimo da ZPP baixa (12.314,5 euros).


En canto á evolución temporal, aínda que o rendemento medio declarado no IRPF decrece no período 2009-2013 en todas as subzonas, a partir de 2015 (2016 no caso da ZPP baixa) comeza a aumentar. A zona na que máis se incrementou o rendemento medio declarado en termos relativos entre 2013 e 2020 foi a ZPP intermedia (un 16,1%). No ano 2020 todas as subzonas experimentaron unha evolución negativa do rendemento medio declarado no IRPF con respecto ao ano 2019, agás a subzona ZPP baixa.

Ingresos e renda: fica repetidamente sinalado que en 2015 se materializaba, baixo o paraugas da Organización das Nacións Unidas (ONU), o acordo internacional para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas, que tomaría forma na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. Na Axenda estableceronse 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para cumprir coas metas establecidas. Salientouse en páxinas anteriores como o ODS 3 é o obxectivo

específico relacionado coa saúde e mais o benestar, se ben os restantes ODS están tamén íntimamente relacionados coa saúde pública¹⁵, contribuíndo entre todos a mellorar a saúde e o benestar da poboación que se ve fortemente alterada, ou no seu caso beneficiada, polo nivel de ingresos e a renda da poboación.

A mediana de ingresos mensuais por fogar en Galicia é de 2.164 euros en 2021, o que supón un incremento dun 17,42% nos últimos 5 anos. O ingreso medio mensual por fogar é de 2.416 euros en 2021 e o ingreso medio mensual por persoa en Galicia é de 971 euros (IGE, Enquisa estrutural a fogares).


Gráfico 153. Mediana de ingresos mensuais por fogar en Galicia (2017-2021).



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

A distribución da renda S80/S20 é o cociente entre o total do ingreso equivalente do quintil máis rico da poboación e o total do ingreso equivalente do quintil máis pobre de Galicia; é de 3,86 en 2021.

Gráfico 154. Ingreso medio mensual por persoa e unidade de consumo¹⁶.



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

15 A saúde pública é o conxunto de actividades organizadas polas Administracións Públicas coa participación da sociedade, para previr a enfermidade, así como para protexer, promover e recuperar a saúde das persoas, tanto no ámbito individual como no colectivo e mediante accións sanitarias, sectoriais e transversais. Estas actuacións deben responder aos principais problemas de saúde da poboación que requiren unha abordaxe integral, ben pola súa elevada prevalencia ou por supoñer unha maior carga asistencial, familiar, social e económica.

16 Os ingresos por unidade de consumo obtéñense, para cada fogar, dividindo os ingresos totais do fogar entre o número de unidades de consumo equivalentes. Distribúense as persoas segundo idade en función da renda así calculada nos correspondentes deciles de renda.


Renda anual neta media por unidade de consumo segundo idade. Obtense, para cada fogar, dividindo os ingresos totais do fogar entre o número de unidades de consumo equivalentes para ter en conta economías de escala nos fogares ao compartir o consumo diversos membros. O número de unidades de consumo calcúlase utilizando a escala da OCDE modificada, que concede un peso de 1 ao primeiro adulto, un peso de 0,5 aos demais adultos e un peso de 0,3 aos menores de 14 anos. Unha vez calculado o ingreso por unidade de consumo do fogar adxudícase este por igual a cada un dos seus membros.

A composición de ingresos dos fogares vai variando ao longo do período temporal analizado. No ano 2007 os ingresos por traballo agrupaban a un 40% dos fogares, seguidos polos ingresos por traballo e outras prestacións e os ingresos por prestacións.

Os ingresos por traballo son superados polos ingresos por “traballo e outras prestacións” no ano 2010, aínda que con pouca marxe, pero no 2011 volven agrupar a maioría dos fogares. No ano 2013 os ingresos por traballo iguálanse aos ingresos por prestacións.

No ano 2020, os ingresos por traballo descenden substancialmente ata o 26,51%, ao mesmo tempo que son superados polos ingresos do traballo e prestacións (cun valor do 40%), partida que acada o seu punto máximo no tempo. Os ingresos por prestacións chegan ata un 32,25%. Isto supón o cambio máis significativo no período temporal analizado, sendo o único ano no que os fogares que reciben ingresos por traballo son moitos menos que os que reciben prestacións, probablemente pola situación de pandemia.


Gráfico 155. Estructura de ingresos dos perceptores por sexo.



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.


Podemos afirmar que os ingresos por traballo redúcense a partires do ano 2008, coincidindo coa aparición da crise económica, e comezan a recuperarse do 2014 ao 2018, para volver a reducirse no 2020, coa chegada da pandemia da Covid 19.

Gráfico 156. Evolución peso específico ingresos homes. Galicia 2007-2021.




Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Gráfico 157. Evolución peso específico ingresos mulleres. Galicia 2007-2021.



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.


Gráfico 158. Pesos específico ingresos. Provincias 2021.



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Os fogares que dependen doutros ingresos supoñen unha porcentaxe residual en todas as datas analizadas.

Gráfico 159. Fogares segundo a tipoloxía de ingresos. Galicia.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Os ingresos medios mensuais da persoa sustentadora do fogar, é dicir, a que ten maiores ingresos, varía en función de si esta é home ou muller. Segundo os resultados obtidos, os ingresos son maiores no caso dos homes, aínda que cabe destacar que as diferenzas se atenúan co paso do tempo, especialmente nos últimos tres anos, aínda que non de forma especialmente significativa.

Os ingresos medios mensuais de ambos xéneros aumentan nos últimos seis anos da serie temporal analizada.

Gráfico 160. Ingreso medio mensual do fogar segundo o sexo da persoa sustentadora principal. Galicia.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

A principal fonte de ingresos dos fogares galegos durante todo o período analizado son os ingresos por traballo, supoñendo en tódolos anos máis da metade dos fogares, aínda que con algunhas variacións. No ano 2007 presentan os valores máis altos e descenden ata o 2015, producíndose seguidamente, entre 2016 e 2019, unha recuperación do seu peso para volver a descender en 2020.

Os ingresos por prestacións supoñen a segunda principal fonte de ingresos, pero evolucionan seguindo a tendencia inversa, é dicir, os fogares cuxa principal fonte de ingresos son as prestacións aumentan desde o ano 2007 ata o 2014 e, a continuación, mostran unha tendencia ao descenso.


Gráfico 161. Fogares segundo a principal fonte de ingresos. Galicia.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)


Se atendemos á tipoloxía dos fogares, observamos que os unipersoais presentan os ingresos medios máis baixos, de entre 1000 e 1500 euros. Os fogares monomarentais e monoparentais, pola súa banda, teñen uns ingresos de entre 1500 a 2000 euros, atopándose nunha situación bastante similar á das parellas sen fillos.

Gráfico 162. Fogares unipersoais segundo a tipoloxía de ingresos. Galicia.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Gráfico 163. Estrutura de ingresos dos fogares unipersoais. Galicia.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)


Gráfico 164. Fogares unipersoais segundo o intervalo de ingresos mensuais. Galicia.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)


Os fogares doutros tipos e os das parellas con fillos son os grupos que presentan ingresos medios máis elevados, partindo dos 2500 euros na primeira data analizada e chegando ata unha cifra superior aos 3000 euros no ano 2021.

Gráfico 165. Fogares segundo a principal fonte de ingresos. Galicia e provincias.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)


Gráfico 166. Ingreso medio mensual por fogar segundo a tipoloxía do fogar. Galicia.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Os ingresos medios máis altos sitúanse nas áreas de Santiago, A Coruña, A Coruña Suroriental e Pontevedra. Estas contan cuns ingresos medios mensuais, por fogar, de entre 2.514 e 2.781. No rango inferior a este, que empeza con 2.440, atópanse outras das áreas con zonas urbanas como Lugo, Ourense e Vigo. Chama a atención que toda a provincia de Ourense, menos a capital, se atopan no rango con menor ingreso medio mensual, sumándoseles só o sur de Pontevedra.


Mapa 45. Ingreso medio mensual por fogar. Galicia (grandes áreas), 2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

O ingreso medio mensual por perceptor/a de ingresos para o ano 2021 mostra algunhas diferenzas en relación á análise por fogares que se facía anteriormente. No tramo máis elevado, neste caso entre 1.322 e 1.449, mantéñense as áreas de Santiago e A Coruña, ademais engádenselle Ourense e Ferrol-Eume-Ortegal. Pasando Pontevedra ao segundo rango máis alto correspondente a un ingreso medio de entre 1.209 e 1.322. A Coruña Suroriental rexistra un ingreso medio de 1147 euros. Cos ingresos medios mensuais máis baixos, entre 989 e 1.100, están as áreas de Pontevedra Sur, Ourense Sur, O Carballiño-O Ribeiro e Lugo Oriental. Comparando cos datos relativos o ingreso medio mensual por fogar, coas cifras de ingresos medios máis baixos por perceptor/a de ingresos sumase a área lucense xa mencionada pero a área de Ourense Central atopase neste caso no rango de ingresos medio entre 1.100 e 1.158.


Mapa 46. Ingreso medio mensual por perceptor/a de ingresos. Galicia (grandes áreas), 2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

No caso de que a persoa sustentadora do fogar sexa muller, a media de idade é superior que no caso de que sexa home. Non obstante, en ambos sexos a media de idade da persoa sustentadora tende a aumentar co paso dos anos. De forma particular, cabe destacar a forte subida que experimenta a idade media dos homes ata o ano 2020, data na que se produce a maior aproximación da idade de ambos sexos.

Gráfico 167. Idade media da persoa sustentadora principal segundo o sexo. Galicia.




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

No caso dos fogares unipersoais a persoa sustentadora é con maior frecuencia unha muller, un resultado lóxico se temos en conta a feminización da vellez e a maior presenza de mulleres maiores vivindo en solitario.


Polo que se refire ás parellas con fillos, a persoa sustentadora é, en máis dun 40% dos casos, un home, mentres que no caso das familias conformadas por “un núcleo e outros” e as de “varios núcleos” as diferenzas non son tan marcadas, aínda que son máis as que teñen un home como persoa sustentadora.

Gráfico 168. Tipoloxía do fogar segundo o sexo da persoa sustentadora principal. Galicia.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Gráfico 169. Fogares segundo a principal fonte de ingresos por tamaño de municipio. Galicia 2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Táboa 51. Distribución do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia segundo o subgrao de urbanización.

	Total		ZDP		ZIP alta		ZIP baixa		ZPP alta		ZPP intermedia		ZPP baixa	
Ano	PIB	%	PIB	%	PIB	%	PIB	%	PIB	%	PIB	%	PIB	%
2010	56.891.514	100	25.700.257	45,2	13.968.224	24,6	4.379.565	7,7	3.218.101	5,7	2.130.532	3,7	7.494.835	13,2
2012	53.434.959	100	24.110.187	45,1	13.173.011	24,7	4.272.138	8	3.008.974	5,6	1.901.594	3,6	6.969.055	13
2014	53.803.931	100	23.533.092	43,7	13.601.461	25,3	4.178.089	7,8	3.016.053	5,6	2.107.627	3,9	7.367.609	13,7
2016	57.556.152	100	25.077.856	43,6	15.104.368	26,2	4.370.659	7,6	3.228.787	5,6	2.140.936	3,7	7.633.546	13,3
2018	62.133.839	100	27.256.593	43,9	16.160.189	26	4.872.689	7,8	3.484.345	5,6	2.360.290	3,8	7.999.733	12,9
2020	58.705.921	100	26.243.449	44,7	15.552.667	26,5	4.076.741	6,9	3.261.412	5,6	1.984.725	3,4	7.586.927	12,9

Fonte: Panorama rural/urbano do IGE

Obsérvase unha lixeira diminución da participación das ZDP ao longo da segunda década deste século, que non o sería tanto si se consolida o cambio de tendencia de 2020. O mesmo acontece cos tres subgrupos de ZPP, se ben neste caso non hai cambio de tendencia no último ano. As ZIP son as que presentan un comportamento diferente, cun pequeno incremento de participación das ZIP alta.

Se atendemos á evolución temporal destas variables dende o comezo da serie, cabe destacar o incremento do peso da ZIP alta no PIB, en detrimento da ZDP e da ZPP baixa cuxa relevancia diminúe en termos da renda dispoñible.

A evolución temporal do tipo de ingresos revela que, o número de fogares galegos que recibe ingresos por traballo descende dende o ano 2008, recuperándose lixeiramente no 2014 e volven a descender no 2020. Pola contra, os fogares que dependen de ingresos por prestacións seguen unha tendencia inversa e van en aumento desde o ano 2008 ata acadar o seu punto máximo no ano 2020. Isto encaixa co contexto económico nacional, respondendo á crise económica do 2008 e a posterior crise pola pandemia da Covid-19 no 2020.

Segundo o sexo e idade da persoa sustentadora dos fogares, podemos apreciar que o ingreso medio do que dispoñen é menor cando a persoa sustentadora é unha muller que cando se trata dun home. Ademais, no caso de tratarse dunha muller, a idade é superior á dun home.

Como temos visto, os ingresos medios mensuais por fogar máis altos no 2021 sitúanse na provincia de A Coruña, sumándosele só a área de Pontevedra. O rango de ingresos máis baixos atópanse principalmente na provincia de Ourense.

Polo que respecta ao ingreso medio mensual por perceptor/a de ingresos, a provincia de A Coruña segue destacando mentres que a provincia de Pontevedra experimenta unha baixada no ingreso medio mensual. A Provincia de Lugo mantense nos valores intermedios tanto nos ingresos medio mensuais por perceptor/a de ingresos como nos referidos aos ingresos medios mensuais por fogar

A porcentaxe de mulleres en idade de traballar que dependen economicamente da poboación activa é superior á dos homes, cunha diferenza de 10 puntos porcentuais en todo o período analizado. O índice de dependencia vai en aumento dende o 2007 ao 2021 para ambos sexos como xa ficou reproducido no anterior capítulo IV.

Sabemos, a partir da serie de gráficos reproducidos no devandito capítulo IV, que Ourense é a provincia que amosa un índice de dependencia superior acadando algo máis do 70% no ano 2021. A continuación atópase Lugo con 5 puntos porcentuais menos. No caso contrario, Pontevedra é a provincia con índices de dependencia máis baixos do 55% en 2021, seguida de A Coruña con 3 puntos porcentuais de diferenza.

O índice de dependencia xeral é maior no caso das mulleres e vai en aumento ao longo da serie temporal, independentemente do sexo. As diferenzas entre sexos fanse máis evidentes se diferenciamos a dependencia xuvenil da dependencia senil, que afecta o dobre ás mulleres.

No caso das persoas dependentes menores de 15 anos, os datos desagregados por sexo mostran que a dependencia é moito maior nas mulleres, con valores próximos a un 40%, mentres que os homes só chegan a un 20%. En xeral, o índice de dependencia en menores de 15 anos ascende lixeiramente coa evolución temporal (2007-2021), aínda de forma máis significativa no caso das mulleres. Os índices de dependencia xuvenil son maiores nas provincias de Pontevedra e A Coruña e menores en Ourense e Lugo.

O índice de dependencia nas persoas maiores de 64 anos tamén é de case o dobre nas mulleres que nos homes. Para ambos sexos, este aumenta co paso dos anos (2007-2021) en torno a 10 puntos porcentuais. Ourense resulta ser a provincia cun maior índice de dependencia senil con máis dun 50%, seguida de Lugo con poucas diferenzas. Pontevedra en cambio é a provincia cun menor índice de dependencia seguida de A Coruña, tamén con poucas diferenzas. Cómpre salientar que as diferenzas provinciais nos índices de dependencia están moi determinadas pola estrutura de idade das distintas provincias.

Os datos de dependencia senil desagregados por sexo revelan, como xa ficara sinalado con anterioridade, que esta é moi superior nas mulleres. No ano 2021, as mulleres maiores de 64 anos dependentes chegan a supoñer un 80% do total, mentres que na mesma data, os homes non chegan a representar un 40%. Ademais, podemos apreciar diferenzas entre sexos na variación temporal das cifras, o índice de dependencia aumenta para ambos, pero no caso das mulleres faino de forma máis pronunciada.


Ourense é a provincia cun índice de dependencia global máis alto, cun 70% en 2021. No posto máis baixo atópase Pontevedra, con 15 puntos menos no mesmo ano. No caso do índice de dependencia xuvenil, a provincia de Pontevedra, antes a máis baixa, presenta o índice máis alto e Lugo e Ourense os máis baixos.

Os altos índices de dependencia senil son os que fan que Ourense e Lugo sobresalgan no índice de dependencia global, encabezando este parámetro cun 50% e pouca diferenza entre ambas.

Pobreza e exclusión social: o limiar do risco de pobreza en Galicia por persoa é de 796,97 euros en 2021 (60% da mediana de ingresos equivalentes); ascende a 1.195 se o fogar está composto por dous adultos, e sobe a 1.673,63 euros se o fogar está composto por dous adultos e dous menores de 14 anos¹⁷.

Nunha sociedade que cada vez opta por unha mellor calidade de vida e se desenvolve nos parámetros que definen o estado de benestar son dificilmente asumibles e asimilables as situacións de risco de pobreza e exclusión social que afectan a unha parte da súa poboación. Para a minoración deste problema, e os datos que se presentan son ben expresivos do seu alcance, é preciso desenvolver accións con carácter urxente orientadas á redución do risco de pobreza mediante actuacións, a corto e medio prazo, no mercado laboral, a través da formación e incentivos ao traballo; así como impulsar medidas encamiñadas a elevar á renda das persoas cun menor poder adquisitivo.


Gráfico 170. Evolución Taxa risco de Pobreza Galicia. Sexo 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

¹⁷ As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 ao primeiro adulto (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos).


Gráfico 171. Evolución Taxa risco de Pobreza Galicia. Grupo de idade 2007-2021.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

A taxa de risco de pobreza en Galicia é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente ou inferior ao limiar do risco de pobreza en Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. No ano 2021 un 15,12% dos fogares están en risco de exclusión social ou pobreza (con certa tendencia estática nos últimos 5 anos, cunha lixeira subida durante o ano de inicio da pandemia en 2020).

Gráfico 172. Evolución da taxa de risco de pobreza¹⁸ en Galicia (2017-2021).




Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

A taxa de risco social de pobreza antes de transferencias sociais¹⁹ en Galicia é dun 32,5 por cento por fogares en 2021, manténdose estable no último lustro, pero baixando en relación a 2020 que se situou nun 34,0%. En definitiva, despois das transferencias, a taxa de risco de pobreza en Galicia redúcese en 17,4 puntos porcentuais en 2021, quedando en 15,1.

¹⁸ A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes.

¹⁹ A taxa de risco de pobreza antes de transferencias sociais é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece con 60% da mediana de ingresos equivalentes. Para o cálculo dos ingresos equivalentes e o limiar exclúense as transferencias sociais (prestacións contributivas e non contributivas e prestacións por subsidios por desemprego).

Gráfico 173. Evolución da taxa de risco de pobreza en Galicia antes das transferencias sociais (2017-2021).



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Táboa 52. Persoas en risco de pobreza ou exclusión social²⁰ (estratexia Europa 2030) segundo as súas compoñentes. Valores absolutos.

	2017	2018	2019	2020	2021
Non está en risco de pobreza, sen carencia material e social severa e vive nun fogar con baixa intensidade laboral	91.208	75.711	75.668	75.462	65.956
Non está en risco de pobreza, con carencia material e social severa e non vive nun fogar con baixa intensidade laboral	55.134	26.301	32.859	23.386	37.184
Está en risco de pobreza, sen carencia material e social severa e non vive nun fogar con baixa intensidade laboral	256.178	270.210	265.847	268.287	257.004
Non está en risco de pobreza, con carencia material e social severa e vive nun fogar con baixa intensidade laboral	6.031	3.862	2.613	2.189	6.112
Está en risco de pobreza, sen carencia material e social severa e vive nun fogar con baixa intensidade laboral	74.994	72.587	65.975	85.142	69.122
Está en risco de pobreza, con carencia material e social severa e non vive nun fogar con baixa intensidade laboral	48.255	40.745	42.461	46.669	43.476
Está en risco de pobreza, con carencia material e social severa e vive nun fogar con baixa intensidade laboral	46.005	31.195	33.739	29.312	33.997
Total	577.806	520.611	519.162	530.448	512.850

Fonte: Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Táboa 53. Persoas en risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2030) segundo as súas compoñentes. Valores porcentuais.

	2017	2018	2019	2020	2021
Non está en risco de pobreza, sen carencia material e social severa e vive nun fogar con baixa intensidade laboral	15,79	14,54	14,58	14,23	12,86
Non está en risco de pobreza, con carencia material e social severa e non vive nun fogar con baixa intensidade laboral	9,54	5,05	6,33	4,41	7,25
Está en risco de pobreza, sen carencia material e social severa e non vive nun fogar con baixa intensidade laboral	44,34	51,9	51,21	50,58	50,11
Non está en risco de pobreza, con carencia material e social severa e vive nun fogar con baixa intensidade laboral	1,04	0,74	0,5	0,41	1,19


²⁰ A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións: en risco de pobreza (60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo), en carencia material e social severa, e persoas de 0 a 64 anos en fogares con baixa intensidade laboral.

Está en risco de pobreza, sen carencia material e social severa e vive nun fogar con baixa intensidade laboral	12,98	13,94	12,71	16,05	13,48
Está en risco de pobreza, con carencia material e social severa e non vive nun fogar con baixa intensidade laboral	8,35	7,83	8,18	8,8	8,48
Está en risco de pobreza, con carencia material e social severa e vive nun fogar con baixa intensidade laboral	7,96	5,99	6,5	5,53	6,63
Total	100	100	100	100	100

Fonte: Enquisa estrutural a fogares (IGE)

O número de persoas que vive en fogares con carencia material²¹ (estratexia Europa 2020) no 2021 acada en Galicia as 346.314 persoas, o que implica un importante aumento en relación co ano anterior que ascendía a 302.893 persoas. En 2020 a incidencia era dun 11,36% das persoas que viven en fogares e en 2021 era de case un 13%.

Gráfico 174. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social. Galicia.




Fonte: Panorama rural/urbano do IGE

No ano 2021 a taxa de risco de pobreza ou exclusión social presenta o seu valor máis elevado na ZIP (21,21%), e a zona onde é menor é a ZDP (18,09%). Con respecto ao ano 2014, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social diminuíu nas tres zonas consideradas, sendo a zona pouco poboada a que rexistrou unha maior diminución (4,5 puntos), seguido da zona intermedia (0,9 puntos) e da zona densamente poboada (0,6 puntos). Con respecto ao ano anterior, isto é, o 2020, a taxa de risco de pobreza diminuíu en todas as zonas excepto na pouco poboada.


21 Estase falando de carencia material. Non de carencia material severa. Considérase que unha persoa vive nun fogar con carencia material severa cando ten carencia material polo menos en tres conceptos dos 7 seguintes: a) Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano; b) Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; c) Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada; d) Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos; e) Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade...); f) Non pode permitirse dispoñer de coche; g) Non pode permitirse dispoñer de ordenador persoal.

Gráfico 175. Número de persoas con carencia material e social severa. Galicia e provincias.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Gráfico 176. Porcentaxe de persoas con carencia material e social severa. Galicia e provincias.



Fonte. Elaboración propia a partir da Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Táboa 54. Persoas que viven en fogares con carencia material (estratexia Europa 2020) en Galicia (2017-2021).

	Incidencia	Número
2017	15,73	421.533
2018	12,41	331.670
2019	12,06	323.225
2020	11,36	302.893
2021	12,98	346.314

Fonte: Enquisa estrutural a fogares (IGE)

As persoas con carencia material e social severa²² no conxunto de Galicia representarían un 4,53%, incrementándose con respecto a 2020 que era dun 3,81%. O número total de persoas con este tipo de carencias a nivel fogar e persoal ascende a 120.769 en 2021.

Táboa 55. Persoas con carencia material e social severa (estratexia Europa 2030). Galicia (2017-2021).

	Incidencia	Número
2017	5,8	155.426
2018	3,82	102.102
2019	4,17	111.671
2020	3,81	101.555
2021	4,53	120.769

Fonte: Enquisa estrutural a fogares (IGE)

É preciso no moi corto prazo reforzar a contorna social e económica das familias en situación de vulnerabilidade con menores de 18 anos, con actuacións de carácter preventivo e de apoio. Esta situación vese agravada con máis frecuencia entre os fogares de inmigrantes, de aí a necesidade de ampliar a información, orientación e asesoramento aos inmigrantes en diferentes materias dos ámbitos xurídicos, sociais, educativos, lingüísticos e laborais que faciliten a súa integración.

A meta de reducir a desigualdade é un obxectivo da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible da ONU. Sendo a merma da desigualdade no mundo un dos maiores retos a nivel global, estatal ou rexional. Dous dos indicadores que nos permiten aproximarnos ao nivel de desigualdade son a distribución da renda e o coeficiente de Gini.

Táboa 56: Evolución do índice de Gini en Galicia e por provincias (2017-2021)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2017	0,273	0,275	0,261	0,268	0,275
2018	0,265	0,268	0,265	0,265	0,258
2019	0,261	0,268	0,241	0,256	0,257
2020	0,266	0,272	0,249	0,262	0,264
2021	0,257	0,261	0,251	0,251	0,252

Fonte: Enquisa estrutural a fogares (IGE)

22 A incidencia das persoas con carencia material e social severa (estratexia Europa 2030) prodúcese cando unha persoa ten carencia, polo menos, en sete conceptos dos seguintes:

- A nivel fogar: non se pode permitir ir de vacacións polo menos unha semana ao ano; non se pode permitir unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada 2 días; non se pode permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada; non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos; tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, gas, comunidade, etc.); non se pode permitir dispoñer de coche; non se pode permitir substituír os mobles deteriorados ou vellos.
- A nivel persoal: a) non se pode permitir substituír as roupas deterioradas por outras novas; non se pode permitir ter dous pares de zapatos; non se pode permitir reunirse con amizades ou familiares para comer ou tomar algo ao menos unha vez ao mes; non se pode permitir participar regularmente en actividades de ocio; non se pode permitir gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana; e non se pode permitir dispoñer de conexión a internet para uso persoal do fogar.

Vivenda: un determinante da pobreza e a exclusión social é o acceso á vivida, ou as dificultades para acometer pagos correntes da vivenda principal, como son os alugueiros ou as hipotecas, e outros gastos correntes da vivenda.

Táboa 57. Número de bens inmobles de uso residencial por 1.000 habitantes segundo o subgrao de urbanización. Galicia.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Total	574,5	583	589,5	594,4	596,8	597,8	601,2	602,3
ZDP	527,2	529,7	531,8	532,8	533,8	531,9	537,2	541
ZIP alta	537,7	540,7	543,7	547	546	548,2	552,3	550,7
ZIP baixa	597,6	605,6	612,3	616,1	618,8	616,5	618,7	617,6
ZPP alta	539,7	554,5	559,1	563,7	565,8	570,1	566,9	567,9
ZPP intermedia	711,9	732,8	749,9	767,6	778,8	782,8	786,5	791,4
ZPP baixa	709,5	737,8	761,3	777,8	790,1	798,4	800,2	800,5

Fonte: Panorama rural/urbano do IGE

En Galicia, no ano 2022, existe máis de un ben inmoble de uso residencial por cada dous habitantes. As provincias de Ourense e Lugo son as que presentan valores máis altos do indicador e, pola contra, a provincia de Pontevedra é a que conta cos valores máis baixos.

O número de bens inmobles de uso residencial por 1.000 habitantes presenta valores máis altos na zona pouco poboada que nas outras dúas zonas. Esta diferenza acentúase máis na provincia de Ourense, na que no ano 2022, na ZPP, existen 1.078,4 bens inmobles de uso residencial por cada 1.000 habitantes.

Na análise por subgrao de urbanización cómpre destacar que o maior número de bens inmobles de uso residencial por 1.000 habitantes atópase na ZPP intermedia e baixa.

A opción habitacional máis común entre os fogares galegos é vivir nunha vivenda unifamiliar independente (40,3% dos fogares), un 31,7 por cento dos fogares reside nun piso ou apartamento nun edificio con 10 ou máis vivendas, e un 19% faíno nun piso ou apartamento nun edificio con menos de 10 vivendas, un 8,8 por cento faíno nunha vivenda familiar acaroada, e finalmente, un 0,04 faíno noutro tipo de vivendas non habilitadas para ser vivendas, ou en espazos como chabolas ou cabanas.

En España a taxa de sobrecarga do coste da vivenda, indicador que se define como a porcentaxe de poboación que vive nun fogar onde os costes totais da vivenda -unha vez deducidas ás axudas á vivenda- representan máis do 40% da renda dispoñible do fogar, é do 3,7% en 2020 cando a media da UE-27 é dun 4,3% (EU-SILC Survey, Eurostat). En Galicia no ano 2021 un 3,2% de fogares con hipoteca dedican máis dun 40% dos seus ingresos ao pagamento da hipoteca da vivenda principal (IGE, Enquisa estrutural de fogares, 2021). Os fogares que viven de aluguer en Galicia e que dedican máis dun 40% dos seus ingresos a pagar este alugueiro é dun 13,69 por cento (IGE, Enquisa estrutural de fogares, 2021).

Táboa 58. Fogares segundo a clase de vivenda en Galicia (2020)

	Porcentaxe
Vivenda unifamiliar independente	40,35
Vivenda unifamiliar acaroada	8,78
Piso ou apartamento nun edificio con menos de 10 vivendas	19,13
Piso ou apartamento nun edificio con 10 ou máis vivendas	31,71

Outro tipo	0,04
Total	100

Fonte: Enquisa estrutural a fogares (IGE)

A taxa de privación na vivenda grave defínese como a porcentaxe da poboación que reside en vivendas consideradas sobreocupadas e que tamén presentan, ao menos, algunha situación de carencia de baño ou aseo, a presenza de goteiras ou a falta de luz. En España en 2018 un 1,5% dos fogares está nesta situación de privación, moi por debaixo da media da UE-27 que é dun 4,3% (Eurostat).

Táboa 59. Fogares segundo o número de habitacións da vivenda por número de persoas do fogar en Galicia en 2020

Número de habitacións	Número de persoas no fogar				Total
	Unha	Dúas	Tres	Catro ou máis	
Tres ou menos	13,07	6,51	3,77	1,96	6,42
Catro	27,82	20,94	16,7	9,92	19,22
Cinco	34,76	40,1	44,05	39,53	39,67
Seis	15,45	20,37	20,2	26,14	20,42
Sete	5,31	6,52	8,08	13,02	7,97
Oito ou máis	3,6	5,55	7,2	9,43	6,3
Total	100	100	100	100	100

Fonte: Enquisa estrutural a fogares (IGE)


Saúde

Abordar o benestar e a saúde desde unha perspectiva demográfica obríganos a volver sobre aspectos xa ben coñecidos. Así compre repensarmos que demografía significa natalidade, familia e tamén migracións e, por tanto, modelo de convivencia e posibilidade de gozar de benestar a medio e longo prazo para o que se precisa saúde, pois “benestar e saúde” son dificilmente deslindables como precisa a Organización Mundial da Saúde (OMS). Lembremos a este respecto que a OMS concebía a saúde en 1946 (como ficou plasmado no preámbulo da súa constitución) como un “estado de completo benestar físico, mental e social e non só como ausencia de afeccións ou enfermidades”. Unha definición que revisaría en 1984, definindo a saúde como “o grao no que un individuo ou grupo é capaz de realizar as súas aspiracións e satisfacer as súas necesidades, así como de cambiar ou facer fronte a súa contorna”. A saúde aparece así como un recurso para a vida cotiá e non o obxectivo da vida. Preséntase como un concepto positivo que fai fincapé nos recursos sociais e persoais así como nas capacidades físicas.

O informe da Oficina Rexional Europea da OMS titulado *Informe Europeo da Saúde 2012. Trazando o camiño cara o benestar (European Health Report, 2012 – charting the way to well-being)*, publicado en marzo de 2013, establece por vez primeira na historia da OMS a “mellora do benestar da poboación” como unha prioridade sanitaria. Entendese o benestar como o estado no que “unha persoa pode realizar as súas propias habilidades e pode facer fronte aos factores que podan perturbala”.


A saúde da poboación ven determinada tanto polas características biolóxicas das persoas como polas circunstancias nas que as persoas nacen, crecen, viven, se relacionan e envellecen, e que á súa vez veñen determinadas por factores políticos, socioeconómicos, educativos, culturais, ambientais, de condicións de emprego e traballo, de apoio sociofamiliar e da comunidade, e con menor peso, por factores relacionados coa calidade e accesibilidade do sistema sanitario. Este conxunto de factores son os determinantes da saúde que poden actuar positiva ou negativamente na saúde e benestar das persoas.

Gráfico 177. Evolución Esperanza de Vida. Galicia. 2000 e 2021.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 178. Esperanza de Vida por Idades e limitacións. 2019.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

A supervivencia ata idades cada vez máis lonxevas (fenómeno que parece lonxe de atopar un freo significativo, como revelan investigacións verbo dos países máis avanzados) obriga a administración a manter e reforzar as políticas públicas que alenten a adopción responsable de formas de vida saudables desde idades temperás.

Ademais, deberíase prestar atención ás diferenzas sociais e educativas no deseño de estratexias de envellecemento activo e saudable. O deseño das políticas públicas e as medidas adoptadas deberían reforzar a asistencia preventiva e a promoción da autonomía persoal. A “democratización da supervivencia” supón unha notable prolongación da vida das persoas de máis idade, é dicir, na cuarta etapa da vida, o que fará que nas próximas décadas teñan un grande protagonismo as persoas máis lonxevas. Isto que é un éxito innegable, desde o punto de vista dos individuos e da sociedade, tamén traerá consigo situacións de fragilidade e cronicidade²³. Será preciso, polo tanto, implementar medidas que orienten a estrutura da prestación de servizos sanitarios tomando en consideración as necesidades das persoas usuarias e prestando especial atención á cronicidade.

O estado de saúde, os niveis de dependencia e a prevalencia da discapacidade ou dalgunhas enfermidades crónicas en diferentes sociedades vense afectadas por moitas e diversas dimensións: o grao de

23 Anotaba Rafael Bengoa na súa intervención no Foro Económico de Galicia (marzo 2020) que o 91,3 por cento da mortalidade en España se debe ás enfermidades crónicas. No texto da súa intervención sinalaba que “Aunque en España se percibe una mayor sensibilización en los últimos años para atender al reto de la cronicidad en el ámbito clínico, directivo y político, esto no significa que se haya pasado realmente a la acción con la suficiente energía y liderazgo. El problema más importante no es la suficiente concienciación, sino la falta de respuesta actual y la velocidad del cambio”.


envellecemento da poboación, a calidade e amplitude dos sistemas de saúde, o apoio público aos colectivos vulnerables, a desigualdade social, as políticas económicas adoptadas, a inversión en investigación, desenvolvemento e innovación, as condicións do mercado laboral, as políticas impositivas sobre produtos de risco, os hábitos e comportamentos individuais, o tipo de dieta, a etapa de transición epidemiolóxica en que nos atopemos ou os riscos socio-demográficos da poboación, entre moitas outras.

Pensemos, por outra parte, que as necesidades de atención da poboación son dinámicas. Cambian ao longo dos cursos de vida dos individuos e están relacionadas coa estrutura da poboación. Trátase de necesidades particularmente esixentes durante a etapa de envellecemento da poboación e poden variar dependendo de como as sociedades as enfronten. Os datos da séptima Enquisa de Saúde, Envellecemento e Xubilación en Europa (SHARE) na que se exploran as necesidades de atención social non satisfeitas das persoas en doce países europeos con diferentes sistemas de atención social revela que o 53,02% da mostra analítica enfrontou necesidades de atención insatisfeitas. A prevalencia das necesidades de atención insatisfeitas é maior para os homes que para as mulleres e para os mozos que para os maiores; sendo as persoas que viven nos sistemas de atención social mediterráneos as que teñen a maior prevalencia destas necesidades insatisfeitas²⁴.

A medida absoluta mostra que o 53,02% da mostra analítica (realizada en doce países europeos) enfrontou necesidades de atención insatisfeitas xa que relataron limitacións e non recibiron axuda. A prevalencia das necesidades de atención insatisfeitas é maior para os homes que para as mulleres e para os mozos que para os maiores.

Se atendemos ao número de camas de hospital dispoñibles en Galicia observase que ten sufrido unha redución importante no que vai de século. Entre 2005 e 2022 descende un -5,6%. Desde o ano 2000 un -7,5% segundo datos do “IGE. Información do sistema sanitario galego”

Gráfico 179. N° de camas de hospital. 2005-2021.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Só ten mellorado nas ZIP ao tempo que a concentración de recursos nos grandes complexos hospitalarios públicos ten suprimido as camas das ZPP, practicamente. Na actualidade, segundo datos do IGE, Información do sistema sanitario galego, Galicia ten 3,29 camas por cada 1.000 habitantes, unha porcentaxe superior á de España (2,96), pero inferior a media europea que se sitúa nas 4,5.

24 Poden consultarse os resultados da Enquisa (SHARE) en M. Calderón-Jaramillo e P. Zuera (2023): “Poblaciones atendidas y no atendidas: comprensión de las necesidades de atención no satisfechas de los adultos mayores (65+) en diferentes sistemas de atención social en Europa” en *Revista Europea de Envejecimiento*, 20

Gráfico 180. Porcentaxe de camas de hospital. 2005-2021.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

A política de concentración de recursos, en aras dunha mellor calidade na asistencia, explica que as sete grandes cidades acaparen o 90% das camas existentes no país. A participación das ZIP tamén se concentra nos hospitais comarcais de Cee, Ribeira, Burela, Monforte, O Barco, Verín e Vilagarcía. As camas das ZPP corresponden a iniciativas do sector da sanidade privada.

As seguintes táboas permiten unha boa achega á saúde da poboación moza e de adultos novos. Na primeira mostrase a valoración do estado de saúde percibido. Mentres que nas seguintes reflíctese a prevalencia de trastornos de saúde mental na xuventude.

Táboa 60. Valoración do estado de saúde percibido nos últimos 12 meses segundo sexo e grupo de idade. Poboación de 15 e máis anos (% , 2020). España.

	Moi bo	Bo	Regular	Malo	Moi malo
Ambos sexos					
De 15 a 24 anos	54,07	38,25	6,85	0,52	0,31
De 25 a 34 anos	41,06	48,63	8,97	1,03	0,31
Homes					
De 15 a 24 anos	58,99	34,91	5,45	0,33	0,32
De 25 a 34 anos	43,84	48,47	6,85	0,64	0,2
Mulleres					
De 15 a 24 anos	48,89	41,78	8,32	0,72	0,3
De 25 a 34 anos	38,28	48,79	11,09	1,42	0,41

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta Europea de Salud 2020.

Táboa 61. Severidade da sintomatoloxía depresiva segundo sexo e grupo de idade. Poboación de 15 e máis anos. De 15 e máis anos. (% , 2020) España

	Ningunha	Leve	Moderada	Moderadamente grave	Grave
Ambos sexos					
De 15 a 24 anos	92,56	5,25	1,44	0,4	0,34
De 25 a 34 anos	92,3	5,29	1,77	0,58	0,06

Homes					
De 15 a 24 anos	94,22	3,76	1,67	0,04	0,32
De 25 a 34 anos	93,74	4,61	1,08	0,46	0,12
Mulleres					
De 15 a 24 anos	90,83	6,83	1,2	0,78	0,37
De 25 a 34 anos	90,86	5,97	2,47	0,71	0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta Europea de Salud 2020.

Táboa 62. Severidade da sintomatoloxía depresiva segundo sexo e a c. A. De Galicia. Poboación de 15 e máis anos. (%2020)

	Ningunha	Leve	Moderada	Moderadamente grave	Grave
Ambos sexos					
España	87,27	8,46	2,51	1,19	0,58
Galicia	85,21	9,69	2,7	1,34	1,06
Homes					
España	91,06	6,28	1,7	0,7	0,26
Galicia	90,5	6,79	1,65	0,96	0,1
Mulleres					
España	83,68	10,52	3,28	1,64	0,88
Galicia	80,4	12,34	3,66	1,68	1,93

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta Europea de Salud 2020.

Táboa 63. Prevalencia de cadros depresivos activos segundo sexo e grupo de idade. Poboación de 15 e máis anos. (%2020). España.

	Cadro depresivo maior	Outros cadros depresivos	Sen cadro depresivo algún
Ambos sexos			
De 15 a 24 anos	0,98	1,78	97,24
De 25 a 34 anos	1,32	1,32	97,36
Homes			
De 15 a 24 anos	0,84	1,28	97,88
De 25 a 34 anos	0,83	1,27	97,9
Mulleres			
De 15 a 24 anos	1,13	2,3	96,58
De 25 a 34 anos	1,82	1,37	96,81

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta Europea de Salud 2020.

Táboa 64. Prevalencia de cadros depresivos activos segundo sexo e comunidade autónoma galicia.
Poboación de 15 e máis anos.


	Cadro depresivo maior	Outros cadros depresivos	Sen cadro depresivo algún
Ambos sexos			
España	2,46	2,9	94,64
Galicia	3,27	2,27	94,46
Homes			
España	1,45	2,03	96,52
Galicia	1,53	0,93	97,53
Mulleres			
España	3,42	3,72	92,86
Galicia	4,85	3,48	91,67

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta Europea de Salud 2020.

Población joven (15-29 años) con prevalencias de trastornos de salud mental (depresión, ansiedad, otros o cualquiera de los anteriores) en los últimos 12 meses.

Introducimos deseguido datos e comentarios acerca da provisión de servizos sociais en Galicia. Temos que empezar sinalando que a pesares das dificultades polas que atravesou tanto o sector público como o privado, como consecuencia da gran recesión con orixe no 2008, houbo un incremento significativo do número de prazas autorizadas nos centros provedores de servizos sociais, en todas as zonas de distribución da poboación galega.


Gráfico 181. Prazas autorizadas en centros de servizos sociais. 2011-2022.



Fonte: Elaboración propia a partires das fichas municipais do IGE

Cómpre destacar que as prazas ofrecidas pola iniciativa privada, con ánimo de lucro, en 2011 eran o 32,5% do total. En 2022 esa porcentaxe apenas variou ata o 32,6%, fronte as ofrecidas por iniciativa pública ou social.


Gráfico 182. Evolución nº de prazas centros prestadores de servizos sociais. Galicia 2011-2022.



(*) Intégranse varios tipos como Centros Polivalentes, Centros Sociocomunitarios, sociais e de convivencia entre outros.


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 183. Nº de prazas centros prestadores de servizos sociais. Galicia 2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Gráfico 184. Evolución nº de centros prestadores servizos sociais. Galicia 2011-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

O incremento (nun 26%) do número de prazas en centros dedicados a atender á discapacidade pódese seguir nos gráficos seguintes:


Gráfico 185. Evolución nº de prazas centros discapacidade. Galicia 2011-2022.



(*) Intégranse Centros de Día, Centros Ocupacionais, Residencias especializadas e vivendas tuteladas entre outros.


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 186. Nº de prazas centros discapacidade. Galicia 2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Gráfico 187. Evolución nº de centros discapacidade. Galicia 2011-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

A evolución do número de prazas en centros de inclusión de Galicia, no período 2011-2022, pode seguirse a partir das seguintes táboas e gráficos:


Gráfico 188. Evolución nº de prazas centros inclusión. Galicia 2011-2022.



(*)Intégranse Centros de Acolida, Albergues, Centros de Inclusión Social e Comedores Sociais


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 189. Nº de prazas centros inclusión. Galicia 2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Gráfico 190. Evolución nº de centros inclusión. Galicia 2011-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


A evolución do número de prazas en Centros de Infancia de Galicia, no período 2011-2022, pode seguirse a partir das seguintes táboas e gráficos:

Gráfico 191. Evolución nº de prazas centros infancia. Galicia 2011-2022.




(*)Intégranse Escolas Infantís, Puntos de Atención á Infancia e Ludotecas
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 192. Nº de prazas centros infancia. Galicia 2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


Gráfico 193. Evolución nº de centros infancia. Galicia 2011-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


A evolución do número de prazas en Centros de Maiores de Galicia, no período 2011-2022, pode seguirse a partir das seguintes táboas e gráficos:

Gráfico 194. Evolución nº prazas centros de maiores.Galicia.2011-2022.




(*)Intégranse Residencias, Centros de Día e Vivendas Comunitarias
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 195. Nº de prazas centros de maiores. Galicia 2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 196. Evolución nº de centros de maiores. Galicia 2011-2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Galicia ten a taxa de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil máis alta de España cun 56%, como recollen as “Estadísticas de las enseñanzas no universitarias.Datos avance 2022-2023”, do Ministerio de Educación y Formación Profesional.

A evolución do número de prazas en Centros de Menores de Galicia, no período 2011-2022, pode seguirse a partir das seguintes táboas e gráficos:


Gráfico 197. Evolución nº prazas centros de menores. Galicia.2011-2022.



(*)Intégranse Centros de Menores, Casas de Familia e Vivendas Tuteladas


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 198. Nº de prazas centros de menores. Galicia 2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 199. Evolución nº de centros de menores. Galicia 2011-2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 201. Evolución nº centros comunidade. Galicia.2011-2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 202. Evolución nº centros familia. Galicia.2011-2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Dependencia: en Galicia en 2017, segundo o “módulo de dependencia” da Enquisa Estrutural a Fogares, hai 117.875 persoas con dependencia, das cales un 65,7 por cento teñen 75 ou máis anos, é dicir un 22,9 por cento das persoas desta idade están en situación de dependencia. Un 11,93% das persoas dependentes teñen entre 65 e 74 anos, o que supón unha incidencia de 4,49 por cento. E finalmente, un 10,2 por cento das persoas dependentes teñen entre 50 e 64 anos.

As persoas en situación de dependencia distribúense por grao de dependencia: un 29,3% de persoas con gran dependencia, con dependencia severa un 28,7% e un 42 por cento con dependencia moderada. Das 117.875 persoas con dependencia en Galicia no 2017, o 28,3% precisaba de 3 a 6 horas diarias de coidados e un 28,5% precisaba de 7 a 12 horas diarias de coidados. O 46,7% das persoas con dependencia que reciben coidados son atendidas por membros do fogar no que viven; no 34,6% dos casos comparten a tarefa os membros do fogar con persoas de fóra do fogar; e no resto de casos (18,62%) é coidada por membros de fóra do fogar exclusivamente.


Discapacidade: en Galicia segundo datos do Censo de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude, a 31 de Decembro de 2021, hai 243.323 persoas cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

Gráfico 202. Porcentaxe de persoas diagnosticadas por tipo de discapacidade en Galicia (2021).




Fonte: Censo de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude a 31 de Decembro de 2021. (Inclúe SAF Persoas Valoradas como Dependentes e libre concorrencia)

Gráfico 203. Evolución nº persoas con discapacidade. Provincias. Galicia. 2007-2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 204. Nº de persoas con discapacidade por sexo. Galicia. 2017-2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 205. Nº de persoas con discapacidade por idades, sexo e grao. Galicia. 2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 206. Nº de persoas con discapacidade por sexo e grao. Galicia. 2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 207. Porcentaxe de Persoas con Discapacidade por Idades. Galicia. 2022.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Violencia de xénero: unha achega parcial.- A violencia de xénero é un tema central do benestar da poboación, sen a desaparición da violencia é imposible acadar un benestar pleno.

Nas últimas décadas temos rexistro de dita información, e na actualidade é a Unidade de Coordinación contra a violencia sobre a muller a que aporta a información. Se ben é certo que non podemos saber se a información rexistrada é a totalidade, existe unha alta probabilidade de que isto non sexa así e que haxa unha subrepresentación da información e un subrexistro, si podemos ter información aproximada de dita situación.

Así, tanto na totalidade do territorio español como en Galicia observamos que na última década houbo un aumento de casos activos. Se desagregamos por provincias no caso galego, o maior peso correspondelles ás provincias de A Coruña e Pontevedra, por outra parte, como ben sabemos, as máis habitadas. Chama tamén a atención, por outra banda, como no inicio do período analizado en tódolos casos se observa un descenso nos casos activos.

Táboa 64. Casos activos en VIOGEN, por ano, provincia, Galicia e España.. 28/12/2022.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2013	1.386	566	376	933	3.261	64.068
2014	1.263	462	309	903	2.937	52.488
2015	1.233	455	352	894	2.934	52.005
2016	1.309	472	343	961	3.085	52.635
2017	1.366	438	377	963	3.150	54.793
2018	1.559	466	405	1.102	3.532	58.489
2019	1.637	482	376	1.103	3.598	61.355
2020	1.693	557	382	1.129	3.761	63.656
2021	1.863	607	361	1.314	4.145	69.469
2022	1.939	597	363	1.346	4.245	74.656

Fonte: Secretaría de Estado de Interior. Ministerio del Interior

Neste sentido a variación dos casos activos só nos indica o movemento dos mesmos, sen ter necesariamente que aumentar o número relativo de casos, xa que é posible que o de que se manteñan os casos como activos responda a unha incapacidade administrativa.

Se observamos o número de denuncias atopamos uns datos variables ao longo do período estudado, cunha tendencia ao aumento, aínda que moderado, nos últimos anos (o dato do 2022 non está completo xa que faltan os rexistros dos últimos meses e a súa actualización)²⁵, aínda que con algún descenso. Sen embargo, sería preciso estudar a fondo as razóns destes cambios nos datos, se respínden a unha maior concienciación e sentimento de protección e, por tanto, unha maior denuncia ou pola contra, un aumento no número real dos casos.

Táboa 65. Denuncias por violencia de xénero por ano, provincia, Galicia e España. 31/10/2022

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2009	2009	581	619	2.467	6.067	135.539
2010	1.997	552	685	2.086	5.270	134.105

²⁵ Non está completo en esta serie do Consejo General del Poder Judicial, porén en Ministerio de Igualdad. Delegación del Gobierno contra la violencia de género. Portal estadístico, aparecen os datos para o conxunto do ano 2022: A Coruña (2.932), Lugo (730), Ourense (1.035), Pontevedra (2.332), Galicia (7.029), España (182.078).

2011	1.875	559	540	2.179	5.153	134.002
2012	1.633	479	466	2.210	4.788	128.477
2013	1.772	532	494	2.376	5.174	124.893
2014	1.928	545	506	2.230	5.209	126.742
2015	1.925	535	505	2.245	5.210	129.193
2016	2.193	691	589	2.210	5.683	143.535
2017	2.442	729	747	2.518	6.436	166.260
2018	2.652	709	806	2.370	6.537	166.961
2019	2.788	753	664	2.788	6.551	168.168
2020	2.524	682	789	2.083	6.078	150.804
2021	2.587	720	741	2.211	6.259	162.848
2022	1.383	361	623	1.141	3.508	87.508

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Nesta linea mostrase un aumento progresivo de chamadas ao 016, o que mostra unha maior confianza na protección. Neste sentido se nos centramos nos datos galegos destaca A Coruña co maior número de chamadas, seguido de Pontevedra, que cabe interpretar como un efecto da maior poboación. Por outra banda, destaca a baixada nas chamadas nos anos 2014 e 2015 na Coruña e o aumento no resto de provincias.

Táboa 66. Número de chamadas o 016, por ano, provincia, Galicia e España. 28/12/2022.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2007	383	69	68	201	721	15.715
2008	1.468	427	292	1.066	3.253	74.951
2009	1.433	368	300	995	3.096	68.541
2010	1.422	339	302	1.037	3.100	67.696
2011	1.483	373	294	1.169	3.319	70.679
2012	1.191	299	276	790	2.556	55.810
2013	1.222	294	282	916	2.714	58.274
2014	903	412	281	1.305	2.901	68.651
2015	919	499	318	1.979	3.715	81.992
2016	1.691	396	422	1.524	4.033	85.318
2017	1.681	275	304	1.213	3.473	77.796
2018	1.398	254	311	1.094	3.057	73.454
2019	1.243	206	222	890	2.561	68.714
2020	1.442	267	297	1.104	3.110	79.201
2021	1.659	300	322	1.282	3.563	87.307
2022	2009	407	367	1.365	4148	93.924

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género

En canto as ordes de protección, sen ter en conta o último ano xa que está incompleto²⁶, sen contar o baixón sufrido durante a pandemia do Covid-19 víñase mantendo un aumento progresivo do número de ordes de protección.

Táboa 67. Ordes de protección, por ano, provincia, Galicia e España. 31/10/2022.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2009	405	166	179	572	1.322	41.081
2010	402	201	218	521	1.342	37.908
2011	397	193	191	462	1.249	35.813
2012	359	190	313	581	1.443	34.537
2013	414	202	325	549	1.490	32.831
2014	412	186	154	575	1.327	33.167
2015	498	219	250	597	1.564	36.292
2016	614	216	362	501	1.693	37.958
2017	721	216	422	569	1.928	38.488
2018	767	196	533	525	2.021	39.176
2019	782	247	363	630	2.022	40.720
2020	954	212	231	612	2.009	35.948
2021	863	196	172	553	1.784	37.235
2022	410	92	146	290	938	19.881

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

²⁶ Incompleto nesta serie pero non en Ministerio de Igualdad. Delegación del Gobierno contra la violencia de género. Portal estadístico. Os datos para o conxunto do no 2022 son: A Coruña (804), Lugo (212), Ourense (263), Pontevedra (603), Galicia (1.882), España (39.909)


Notas para unha achega ao tema de vellez e calidade de vida

Sen considerar a etapa da vellez como un todo homoxéneo, si que parece claro que cada vez máis está formada por xeracións que chegan en proporción crecente ao terreo das grandes lonxevidades. En comparación coas xeracións precedentes teñen maior solvencia económica, formación, experiencia no exercicio dos dereitos e deberes dunha sociedade democrática e peso político. De aí que os programas de envellecemento activo e saudable teñan que actuar nunha dobre dirección: como forma de prevención da enfermidade e da dependencia e como potencial para a creación de emprego. Nesta última dirección insírese a economía prateada ou “silver economy”.

A perspectiva apuntada considera a persoa maior, non como subsidiaria de servizos senón como proveedora de oportunidades. Para aproveitar este potencial e fomentar un envellecemento activo e saudable, deberíanse reorientar os servizos a un grupo etario con un cada vez maior poder económico, pero que require dunha adaptación do mercado, do entorno e tamén das medidas impulsadas polas administracións públicas. A Comisión Europea sinala que a “silver economy” pode desempeñar un papel vital no apoio á actividade nunha gama de sectores moi diversa nos estados membros da UE. De feito, apunta que as persoas maiores constitúen a parte máis importante da demanda total en varios mercados fundamentais, como poden ser a vivenda ou a comida e bens e servizos para o fogar. Tamén, os maiores de 50 anos representaron o 54% dos servizos relacionados coa saúde en 2015, 15 puntos porcentuais superiores á súa participación na poboación total (Unión Europea, 2018).


Repasemos unha serie de datos ben coñecidos para Galicia:

Gráfico 208. Evolución poboación maior 64 Anos. Provincias. Galicia. 2000-2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 209. Evolución peso porcentual sobre total provincial poboación maior 64 Anos. 2000-2022.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 210. Número e porcentaxes de persoas maiores de 64 anos. Ano 2022. Galicia. Tramos de Poboación.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 211. Número e porcentaxes de persoas maiores de 64 anos. Ano 2022. Galicia. Provincias.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

As persoas maiores tamén teñen na actualidade un maior coñecemento e preocupación pola súa propia saúde. Estas circunstancias xogan un papel importante no aumento da demanda sanitaria, pero a xestión destas novas demandas, lonxe de afundir aos sistemas que as proporcionan deberían abrir a posibilidade de impulsar a súa adaptación e mellora continuas. Nesta dirección, debería alentarse a investigación e implantación de novas formas de prestación de servizos amparadas nas novas tecnoloxías e traballar no deseño de sistemas de innovación social que posibiliten a mellora na eficiencia da prestación de servizos sanitarios e sociais. Serán vitais tamén, a colaboración multinivel para coordinar os servizos socio- sanitarios ou avanzar na creación dunha plataforma socio-sanitaria única de axuda ás persoas.

Os cambios na estrutura demográfica co progresivo incremento do peso das persoas maiores no conxunto da poboación, e dos máis vellos dentro destas, incrementou aínda máis o interese pola calidade de vida destes colectivos porque se ben é certo que o incremento da supervivencia é un éxito innegable na loita contra as enfermidades, tamén o é que a medida que se engaden anos á vida a aparición de limitacións e de enfermidades, se ben se retrasa, é algo inevitable²⁷.

Gráfico 212. Índice de Envellecemento.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


27 Compre ter en conta as definicións dadas polo IGE dos seguintes índices:

Índice de envellecemento: Relación entre a poboación de máis de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.

Índice de sobreenvellecemento: Relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación menor de 64 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos.


Índice de dependencia senil: Relación entre a poboación de máis de 64 anos e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Gráfico 213. Índice de Sobreenvelhecimento.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 214. Índice de Dependencia Global.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Gráfico 215. Índice de Dependencia Senil.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Mapa 47. Índice de envelhecimento.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Mapa 48. Índice de sobreenvellecemento.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Mapa 49. Índice de dependencia global.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Mapa 50. Índice de dependencia senil.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Notas para unha achega ao tema dos coidados

Moi relacionado co anterior, mais non exclusiva, está o tema amplo dos coidados²⁸. Dar visibilidade e valorar en termos económicos e de sostemento da vida o traballo reprodutivo (traballo doméstico e de coidados realizado nos fogares) implica a superación de estereotipos de xénero, moi arraigados, que responsabilizan en exclusiva ás mulleres do mantemento e control dos traballos domésticos, aínda para aquelas mulleres que se incorporaron ao mercado laboral²⁹. Na superación dos estereotipos de xénero e na asunción dos valores da “ética do coidado” (a “ethics of care” na formulación de Carol Gilligan) por homes e mulleres precísase que desde os propios fogares, a administración e as empresas se desenvolvan actuacións de información, formación e sensibilización.

É responsabilidade da administración reforzar os servizos de coidado, nos que hoxe teñen un gran protagonismo os fogares e dentro destes, en especial, as mulleres de entre corenta e cinco e sesenta e catro anos, situación aínda máis agravada no medio rural. A atención a menores, maiores e dependentes en xeral precisa dunha planificación integrada e transversal que cubra as necesidades básicas da poboación de todo o territorio, establecendo mecanismos xurídicos e financeiros estables que permitan unha estrutura permanente dos servizos esenciais de atención ás familias que favorezan o desenvolvemento de actuacións integrais.

28 Existe información sobre coidados de dependentes e de nenos e nenas nos módulos da EEF do IGE: “Dependencia” e “Coidado de menores e conciliación familiar”.

29 Se ben os valores de corresponsabilidade están sendo cada vez máis asumidos por mulleres e homes, en especial pola xuventude, necesítase seguir promovendo unha educación en igualdade que consolide a tendencia social favorable respecto á corresponsabilidade, fomentando a asunción equilibrada de responsabilidades domésticas e de coidados.

Unha vez que empeza a haber un recoñecemento público e político do traballo non remunerado das mulleres, que agroman novos modelos de masculinidade en relación coa toma de decisións, a organización familiar e as tarefas de coidado e que a conciliación, a corresponsabilidade e a necesidade de racionalización de horarios están na axenda pública e que as políticas de igualdade demostran ser efectivas a nivel socioeconómico e demográfico, correspóndelle a administración consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan facer compatibles os ámbitos profesional, persoal e familiar das súas vidas. Compételle así mesmo consolidar as políticas de igualdade e mellorar a integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos como estratexia de desenvolvemento social e económico e elemento clave na dinamización demográfica. Como tamén deseñar políticas educativas en todas as etapas para que orienten ás persoas cara o seu pleno desenvolvemento persoal e profesional en base ás súas capacidades e non polo xénero co que se identifican na sociedade.

Os problemas de conciliación e corresponsabilidade, sumados a dificultades no mercado laboral ou na promoción profesional pesan, e así se reflicte nos resultados que presentou o INE da Enquisa de Fecundidade, á hora de optar por un segundo fillo ou filla, cando este sería o desexo maioritario manifestado por mulleres e homes. De feito é baixa, como se sinalaba, a incidencia da infecundidade, como segue a mostrar a enquisa do INE e reflicten os datos galegos. En Galicia, compre insistir, os fogares de parellas con fillos e/ou fillas e os monomarentais e monoparentais son clara maioría.

Atopámonos ademais co paradoxo de que aínda que a dispoñibilidade de recursos familiares para os coidados tende a reducirse, debido principalmente aos cambios na traxectoria de vida das mulleres – que afecta especialmente as xeracións adultas e ás novas- a feminización do coidado (considerado sempre desde a óptica familiar) continúa sendo a realidade dominante. E esta tendencia corrobórase tamén na atención que o colectivo de maiores dispensa, entre outros, ao coidado dos seus netos e netas e o apoio a fillas e fillos para o desenvolvemento da súa vida laboral.

A maior complexidade da vida social non oculta, senón que máis ben resalta, o papel central que segue representando a familia en relación ao “coidado”, entendido na súa acepción máis ampla. Sabemos que a familia en Galicia, do mesmo xeito que en España e nos países da Europa meridional, non deixou de actuar como “o principal e tradicional instrumento de apoio no coidado de persoas dependentes”. A pesar da profundidade dos cambios experimentados pola sociedade galega, coñécese ben (grazas en especial á existencia de *Enquisas de Emprego do Tempo de 2002-2003* do INE/IGE así como as de 2009-2010 do INE) a importancia que mantén a familia como lugar de produción. Permanece como a institución que protexe e asegura a supervivencia e o benestar dos seus propios membros, exercendo unha esencial función benfeitora.

Poñer o acento na “solidariedade familiar” esixe recoñecer que esta se sostivo en realidade na hiperactividade das mulleres que ademais de asumir as novas responsabilidades laborais continuaron absorbendo as cargas familiares. Faise preciso poñer especial énfase en sinalar, pensando así mesmo no caso galego, como a incorporación das mulleres ao mercado de traballo, o control da natalidade, o acceso á educación..., e a serie de mutacións culturais ás que asistimos revelan en que medida son elas o axente de cambio máis dinámico das sociedades contemporáneas.

A modo de coda final queremos salientar que as matrizces DAFO-CAME que presentamos nas páxinas seguintes teñen asemade por obxecto facilitar unha achega a unha visión de síntese da pluralidade de elementos presentados e analizados no conxunto das páxinas precedentes



A) ABREVIADO

DEBILIDADES

- 1 Limitada asunción das profundas transformacións asociadas á dinámica demográfica.
- 2 Prolongación da etapa de xuventude.
- 3 Deficiente atención ao papel que ocupan as persoas maiores na sociedade.
- 4 Inestabilidade e precariedade laboral que afecta a unha parte importante da poboación.
- 5 Existencia de poboación en risco de pobreza e exclusión social, especialmente preocupante en fogares con menores a cargo.
- 6 Limitada comprensión das dinámicas familiares actuais.
- 7 Excesiva responsabilidade familiar, centrada basicamente nas mulleres, na atención e coidado de menores e maiores dependentes.
- 8 Limitada asunción do papel da mobilidade poboacional nas dinámicas demográficas actuais.
- 9 Existencia de deficiencias de prevención e planificación en Saúde
- 10 Modelo territorial caracterizado por unha urbanización difusa e unha dispersión notable das entidades de poboamento.
- 11 Desaceleración do dinamismo económico urbano

AMEAZAS

- 1** Análise da dinámica demográfica con ideas do pasado prestándosele escasa atención á significación das variacións na estrutura de idades.
- 2** Insuficiente valoración de que os dous elementos fundamentais na promoción da saúde son a forma na que os seres humanos nos relacionamos coa contorna e a educación para a saúde.
- 3** Insuficiente análise en perspectiva do impacto da pandemia nas variables demográficas e nos distintos grupos de idade.
- 4** Interpretación da conciliación como un tema que afecta só ás mulleres por un significativo sector de poboación.
- 5** Insuficiente valoración dos beneficios da inmigración e do retorno.
- 6** Crecente desarticulación ambiental derivada do actual modelo de conurbación difusa que conleva unha expansión da superficie ocupada por riba do crecemento da poboación.
- 7** Excesiva dependencia nas rendas das achegas do sistema público de pensións.

FORTALEZAS

- 1** “Democratización” da supervivencia.
- 2** A familia, en tanto que institución, mantén unha gran vitalidade e variedade de formas.
- 3** Cada vez máis os valores de corresponsabilidade son asumidos por mulleres e homes.
- 4** As actuais xeracións de persoas maiores de 65 anos están a revolucionar o perfil sociolóxico tradicional da vellez e a achegar benestar á rede familiar e social.
- 5** Existencia de asentados sistemas públicos de educación, de sanidade e de atención á dependencia.
- 6** Conciencia cidadá das potencialidades de Galicia en relación á calidade de vida se se atende proactivamente á un desenvolvemento verde e sostible.
- 7** Sentido de pertenza comunitaria.

- 8 Capital humano moi formado. Grandes potencialidades do sistema galego de investigación.**
- 9 Sistema urbano policéntrico que garante a resiliencia territorial.**

OPORTUNIDADES

- 1 A preocupación demográfica está na axenda política e na conciencia social.**
- 2 Galicia está a participar activamente, a nivel español e da UE, en foros que permiten trasladar as necesidades vinculadas ás peculiaridade da súa dinámica demográfica.**
- 3 A poboación estranxeira cuadriplicouse no que vai de século**
- 4 Preocupación crecente polos temas de benestar e saúde a raíz da pasada crise pandémica.**
- 5 Interese crecente en torno aos temas que abordan a relación entre a poboación e a sustentabilidade.**
- 6 As políticas de igualdade demostran ser efectivas a nivel socioeconómico e demográfico.**
- 7 Vitalidade e novas formas da institución familiar.**
- 8 O recoñecemento económico e social do traballo non remunerado das mulleres.**
- 9 Progresivo aumento da valoración social da vellez como etapa ou etapas de vida.**
- 10 Desenvolvemento de novos sectores produtivos vinculados á explotación de recursos endóxenos.**
- 11 Atención crecente, en todos os campos, ao desenvolvemento da innovación, da tecnoloxía e da creación e xestión de datos.**

B) DAFO AMPLIADO

DEBILIDADES

1 Limitada asunción das profundas transformacións asociadas á dinámica demográfica.

Séguese a evidenciar as limitacións derivadas da falta dunha comprensión en profundidade do cambio demográfico. Deficiente consideración das fondas transformacións que caracterizan este proceso, ligadas (ademais das que afectan ás variables demográficas como nacementos, defuncións e migracións) ao incremento da mobilidade e a importantes cambios sociais, económicos e de valores, que se traducen nunha crecente diversificación e complexidade nas traxectorias de vida individuais e sociais.

2 Prolongación da etapa de xuventude.

Nas dinámicas de poboación en Galicia pesa de maneira extraordinaria a prolongación da etapa de xuventude. A recente pandemia agravou o xa acusado retraso na emancipación residencial e na autonomía persoal neste grupo de idade (o da xeración da “dobre crise”, a económica iniciada no 2008 e a sociosanitaria e a súa prolongación na crise económica derivada da guerra de Ucraína) debido ás maiores dificultades de acceso ao mercado laboral e á vivenda en condicións dignas, o que está a adiar aínda máis os calendarios de formación de parella e o fecundo (o que explica en gran medida o constante retraso na idade á primeira maternidade e á primeira paternidade).

Aos datos de tardía emancipación e elevada idade á primeira maternidade súmase o retraso que se está a dar na convivencia coa parella, moi relacionada non só coa tardía entrada no mercado laboral senón principalmente coa estabilización laboral.

3 Deficiente atención ao papel que ocupan as persoas maiores na sociedade.

Escaso recoñecemento da lonxevidade como un éxito social e persoal ao non terse abordado, moi frecuentemente, a complexidade da análise do envellecemento da poboación deslindándoa da análise da lonxevidade.

Consideración do grupo de idade persoas maiores como un todo homoxéneo.

Forte incidencia do edadismo (discriminación por idade) en relación ao grupo de maiores.

Excesiva dependencia da consideración da etapa da vellez en relación co mercado laboral, ignorando que hai hoxe máis persoas economicamente “dependentes” en idade teórica de traballar que no caso das persoas maiores que non traballan.

4 Inestabilidade e precariedade laboral que afecta a unha parte importante da poboación.

Non hai pleno emprego. A subsistencia dunha economía en paralelo e non contribuínte. Deficiente produtividade dos factores de produción (capital e traballo).

Necesidade de promover accións dirixidas a fomentar as iniciativas empresariais, dinamizar o mercado de traballo e fixar emprego e poboación sempre desde a perspectiva da vinculación coa súa contorna.

Necesidade de desenvolver estratexias que permitan o acceso da poboación ás TIC, ás novas tecnoloxías e á administración electrónica e eliminar a fenda dixital a nivel social e xeográfico.

Insuficiente gasto en I+D+i, especialmente por parte do sector privado. Necesidade de impulsar o investimento en I+D+i, especialmente no ámbito privado empresarial, incrementando o número de empresas innovadoras en Galicia e aumentando a intensidade da I+D+i do tecido produtivo galego, con especial atención aos sectores máis tradicionais.

5 Existencia de poboación en risco de pobreza e exclusión social, especialmente preocupante en fogares con menores a cargo.

Existencia dun alto número de fogares cuxo único ingreso é unha prestación. Taxa de risco de pobreza e exclusión social agravada entre a poboación inmigrante. Maior incidencia do risco de pobreza e de grao de dependencia no caso das mulleres maiores de 65 anos en fogares unipersoais.

6 Limitada comprensión das dinámicas familiares actuais.

A pesar de que unha institución dinámica de seu, como a familiar, ten ben probada a súa capacidade de transformación e adecuación aos distintos tempos históricos, tende a esquecerse que os profundos e rápidos cambios actuais na institución familiar están en consonancia coa intensidade e velocidade que debuxa o proceso máis amplo de modernización e de cambio demográfico e de modernización económica e social no que aqueles se insiren.

Non tomar en consideración que o cambio demográfico implica de seu unha modificación dos marcos de convivencia no fogar. Proceso que entraña unha crecente diversificación das formas de convivencia, unha pluralización das traxectorias de vida individuais e unha profunda transformación das relacións e redes familiares.

7 Excesiva responsabilidade familiar, centrada basicamente nas mulleres, na atención e coidado de menores e maiores dependentes.

Máis do 70% das persoas coidadoras pertencen ao propio fogar. Persistencia dos roles de xénero tradicionais no coidado (protagonismo das mulleres entre 45 e 64 anos, máis pronunciado aínda no medio rural). Escasa consideración do papel fundamental do traballo reprodutivo (traballo doméstico e de coidados) desenvolvido nos fogares.

8 Limitada asunción do papel da mobilidade poboacional nas dinámicas demográficas actuais.

A pesar de que facilmente se constata que na maioría dos países desenvolvidos, con sistemas complexos de reprodución (SCR) o saldo migratorio– o balance entre inmigración e emigración– constitúe o compoñente principal do crecemento, moi por riba do crecemento vexetativo (a diferenza entre restar os nacementos –máis escasos pola baixa fecundidade– e as defuncións –máis numerosas pola propia estrutura envellecida do histograma poboacional).

Escasa consideración dos movementos migratorios internos tanto dentro de España como de maneira especial no espazo interno da nosa comunidade.

9 Existencia de deficiencias de prevención e planificación en Saúde.

Fragmentación entre Sanidade e Servizos Sociais.

Falta de equipos multidisciplinares conformados por área terapéutica. Demándanse novos modelos integrados de prestación.

Ratio de 3,5 camas por 1.000 habitantes en Galicia, fronte ás 4,5 da media da UE. A súa concentración nas ZDP é un problema para as xentes que viven en ZPP con moi baixa ou nula presenza de frecuencias de transporte público, non salvable cos hospitais comarcais das ZIP.

10 Modelo territorial caracterizado por unha urbanización difusa e unha dispersión notable das entidades de poboamento.

Coñecemento insuficiente do papel que este modelo territorial asigna a un mundo rural diverso que ocupa unha gran parte do territorio galego. Desigual acceso aos servizos públicos en función do lugar de residencia. Persistencia dunha importante fenda dixital nas zonas rurais.

Despoboamento que afecta ao 65% do territorio que so acolle ao 15% da poboación. O 77% dos concellos perderon poboación no que vai de século, co grave impacto ecolóxico e patrimonial que implica.

Forte déficit de frecuencias de transporte público en amplas zonas do interior. Especialmente notable nos límites con Asturias, León, Zamora e na raia seca con Portugal, anque tamén na zona ártabra e na Costa da Morte.

11 Desaceleración do dinamismo económico urbano.

O que se traduce nun maior incremento porcentual da renda nas ZPP que nas ZIP e nas ZDP, e mesmo nas ZPP baixas que nas intermedias e altas.

AMEAZAS

1.- **Análise da dinámica demográfica con ideas do pasado prestándoselle escasa atención á significación das variacións na estrutura de idades.**

Identificación do cambio demográfico co envellecemento poboacional.

Peso que aínda manteñen as visións curtopracistas na interpretación dos comportamentos demográficos.

Non nos decatamos de que unha das leccións que nos deparou a pasada pandemia é a de incrementar a nosa conciencia acerca de que vivimos nunha comunidade interdependente, e que a dinámica da poboación, a nivel global, interactúa con practicamente todas as dimensións sociosanitarias e económicas.

Consideración illada do descenso da mortalidade e da fecundidade, sen atender ás relacións entre os cambios nos roles de xénero, as transformacións das familias e a fecundidade.

Confusións en torno ao significado do termo envellecemento demográfico.

2 **Insuficiente consideración de que os dous elementos fundamentais na promoción da saúde son a forma na que os seres humanos nos relacionamos coa contorna e a educación para a saúde.**

Atemporalidade na contratación e formación de profesionais que máis tarde desenvolverán a súa actividade fóra de Galicia.

Deficiente xestión da cronicidade nunha Sanidade máis orientada aos agudos que aos crónicos.

Caer no esquecemento de que as pandemias son manifestacións tanto biolóxicas como sociais e políticas, o que demanda un cambio educativo e cultural, e deixar de ter presente que a globalización implica tamén riscos e desafíos para a saúde e benestar global.

3 **Insuficiente análise en perspectiva do impacto da pandemia nas variables demográficas e nos distintos grupos de idade.**

Precísase determinar o impacto da pandemia de Covid-19 sobre a fecundidade nun contexto de morbilidade e mortalidade e analizar se se produciu, no curto prazo, un descenso da fecundidade (xa moi baixa) debido á resposta da mesma aos shocks económicos e ao desemprego, e ao maior retraso na emancipación da mocidade, sumados ao clima de incerteza económica, e de toda índole, xerado pola pandemia.

4 **Interpretación da conciliación como un tema que afecta só ás mulleres por parte dun significativo sector da poboación.**

5 Insuficiente valoración dos beneficios da inmigración e do retorno.

Débil atracción de poboación estranxeira. Galicia é a penúltima comunidade autónoma española en porcentaxe deste tipo de poboación, só por diante de Estremadura.

6 Crecente desarticulación ambiental derivada do actual modelo de conurbación difusa que conleva unha expansión da superficie ocupada por riba do crecemento da poboación.

7 Excesiva dependencia nas rendas das achegas do sistema público de pensións.

Galicia pasou dunha taxa de actividade do 54% (2010) a outra do 52,7% (2022), que incrementa a dependencia das rendas das achegas dos sistema público de pensións.

FORTALEZAS

1.-“Democratización” da supervivencia.

Máis da metade das persoas nadas chega a cumprir os 65 anos de idade. Crecente esperanza de vida. Niveis moi baixos de mortalidade infantil. Cada vez é maior o número de persoas que superan os 85 anos.

A pandemia do coronavirus puxo de manifesto a resiliencia da poboación, en especial, da poboación maior ante situacións de fragilidade e vulnerabilidade.

2.- A familia, en tanto que institución, mantén unha gran vitalidade e variedade de formas.

As redes familiares funcionan aínda que non se resida no mesmo fogar. Pais e nais e avoas e avós dan unha axeitada continuidade á familia, prestándolle o seu apoio. A mocidade valora cada vez máis a convivencia interxeracional.

Baixa incidencia da infecundidade. A análise dos fogares segundo a súa tipoloxía pon en evidencia que os fogares de parellas con fillos e/ou fillas e os monomarentais e monoparentais son clara maioría. Desexo manifesto de chegar a ter un segundo fillo ou filla.

3.- Cada vez máis os valores de corresponsabilidade son asumidos por mulleres e homes.

4.- As actuais xeracións de persoas maiores de 65 anos están a revolucionar o perfil sociolóxico tradicional da vellez e a achegar benestar á rede familiar e social.

5 A existencia de asentados sistemas públicos de educación, de sanidade e de atención á dependencia.

Gratuidade da atención educativa a 0-3 anos.

Consolidación e expansión do modelo das casas niño e dos Centros Rurais Agrupados (CRA) para educar ás nenas e aos nenos dos 0 aos 8 anos o máis preto da súa contorna ambiental. Redución mitigada (2%) nas unidades docentes de primaria do sector público (anque alcanza o 5% nas ZPP) e incremento das de secundaria en todas as zonas de distribución da poboación. Incremento dos centros ESO/BAC/FP en todas as zonas.

Contase cunha potente infraestrutura tecnolóxica en Sanidade, que non se debe percibir como a única fortaleza.

Dous tercios das prazas autorizadas en centros de servizos sociais son de iniciativa pública ou social o que lles confire unha maior sostibilidade e resiliencia, cun maior incremento porcentual nas ZPP no que vai de século.

6.- Conciencia cidadá das potencialidades de Galicia en relación á calidade de vida se se atende proactivamente á un desenvolvemento verde e sostible.

7.- Sentido de pertenza comunitaria

8.- Capital humano moi formado. Grandes potencialidades do sistema galego de investigación.

Ecosistema de investigación e innovación integrado, con fortalezas que inciden na mellor calidade de vida da poboación galega, de aí a proposta de continuar potenciando a I+D+i e a integración do ecosistema para incrementar a capacidade de dar respostas axeitadas á realidade de Galicia

9.- Sistema urbano policéntrico que garante a resiliencia territorial.

Consolidada resiliencia das ZIP, nas que se encontran as principais cabeceiras comarcais, que por primeira vez, no que vai de século, superan en poboación ás ZDP, favorecendo a sustentabilidade do modelo urbano policéntrico.

Diminución da taxa de risco de pobreza ou exclusión desde 2014 en todas as zonas, especialmente nas ZPP que pasan do primeiro posto ao último.

OPORTUNIDADES

1 A preocupación demográfica está na axenda política e na conciencia social.

A abordaxe do reto demográfico está a lograr un marco de consenso. Asímesse que a análise dos comportamentos humanos esixe asumir o reto da súa complexidade. O cambio demográfico converteuse nun dos principais temas da axenda política dos países desenvolvidos.

Vaíse introducindo unha visión superadora daquela concepción estreita que reduce o réxime demográfico á súa expresión meramente cuantitativa, asumindo que os aspectos cualitativos son tamén intrínsecos aos estudos de poboación e non cabe pensalos como externos á mesma.

Progresiva visibilidade das interdependencias entre produción, reprodución e marco institucional e, sobre todo, das interdependencias entre as distintas variables demográficas.

Asúmesse que a análise dos comportamentos humanos esixe asumir o reto da súa complexidade e poñer un especial énfase na significación dos cambios no modelo reprodutivo.

2 Galicia está a participar activamente, a nivel español e da UE, en foros que permiten trasladar as necesidades vinculadas ás peculiaridade da súa dinámica demográfica.

3 A poboación estranxeira cuadriplicouse no que vai de século.

Incrementouse en todas as zonas de poboamento, incluídas as ZPP onde se triplicou.

Impulsar programas dirixidos a promover entre a poboación galega residente no estranxeiro e a súa descendencia o seu retorno a Galicia, coa finalidade de que estas persoas poidan ocupar un posto de traballo que se lles oferta en Galicia e deste xeito tamén contribuír a dinamización demográfica do noso territorio.

4 Preocupación crecente polos temas de benestar e saúde a raíz da pasada crise pandémica.

Adopción de hábitos de vida saudable.

Formar á cidadanía en sanidade e contar con pacientes activos.

Impulso dunha atención primaria innovadora preparada e máis numerosa.

5 Interese crecente en torno aos temas que abordan a relación entre a poboación e a sustentabilidade.

Atención por parte das administracións públicas, de axentes privados, de axentes sociais e das universidades e outros centros de investigación pola “economía circular”.

6 As políticas de igualdade demostran ser efectivas a nivel socioeconómico e demográfico.

A conciliación, a corresponsabilidade e a necesidade de racionalización de horarios están agora máis presentes na axenda pública.

7 O recoñecemento económico e social do traballo non remunerado das mulleres.

Os efectos positivos dos novos modelos de masculinidade en relación coa toma de decisións, a organización familiar e as tarefas de coidado.

8 Progresivo aumento da valoración social da vellez como etapa ou etapas de vida.

Potencialidade do envellecemento activo e saudable na súa relación coa creación de emprego a partir da análise do envellecemento desde a perspectiva da innovación, na atención e os coidados ata a economía prateada ou “silver economy”.

9 Desenvolvemento de novos sectores produtivos vinculados á explotación de recursos endóxenos.

Xeración e identificación de experiencias produtivas innovadoras no medio rural.

A aposta comunitaria por unha mobilidade sostible debe ser aproveitada para configurar unha rede de trens de proximidade que articule o país nos eixos transversais Vigo-Ourense-A Gudiña/O Barco; Santiago-Ourense-A Gudiña/O Barco; Coruña/Lugo/Ourense e Ferrol-Ribadeo, amén do eixo atlántico.

Planificar programas de ofertas formativas dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais relacionadas cos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas, así como ás aspiracións de inserción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, de xeito que as capacite para o desenvolvemento cualificado dunha profesión e lles permita mellorar a súa empregabilidade, e tendo en conta nesa planificación as diversas circunstancias e necesidades territoriais das comarcas galegas.

10 Conciencia cidadá das potencialidades de Galicia en relación á calidade de vida.

Capacidade de desenvolvemento do complexo forestal, agroalimentario, patrimonial e da actividade turística. Boa imaxe de marca nos mercados de produtos galegos de calidade que pode facilitar xerar produtos e materiais de alto valor engadido.

11 Atención crecente, en todos os campos, ao desenvolvemento da innovación, da tecnoloxía e da creación e xestión de datos.

Existencia de programas europeos, estatais e autonómicos específicos para o fomento da I+D+I e a transición dixital.

O programa Década Dixital de Europa (2021) debe permitir a cobertura de polo menos 100Mbps ao 100% da poboación en calquera parte do territorio en 2025 e conectividade Gigabit e 5G para toda a poboación en 2030.

Existencia dun clima propicio para impulsar infraestruturas de xestión de datos (a súa almacenaxe, catalogación, repositorios) e, en particular, desenvolver un sistema integrado de intercambio de información sociosanitario tanto dentro da administración autonómica como entre as administracións central, europea, autonómica e local e co sistema galego de investigación.

Fomentar as iniciativas emprendedoras en todos os ámbitos, incluídos os niveis iniciais do sistema educativo potenciando o seu tratamento transversal entre as diferentes materias. Potenciar as sinerxías entre administración, universidade, empresa e sociedade. Mellorar e adaptar o contido do servizo universal de telecomunicacións ás necesidades e demandas da poboación, con especial atención ao rural. Impulsar a transferencia de coñecemento en todos os ámbitos.

Anexos

Anexo 1. Capítulo IV


Exemplos de indicadores de familia

Indicador	Definición
Tipoloxía dos fogares	Atendendo á existencia ou non de núcleos familiares dentro do fogar e á tipoloxía do núcleo, clasifícanse os fogares da seguinte forma: <i>Fogares sen núcleo</i> • Unipersoais (compostos por unha soa persoa) • Outros (compostos por máis dunha persoa) <i>Fogares compostos por un núcleo</i> • Monoparental e monoparental • Parella sen fillos/as • Parella con fillos/as • Fogares compostos por un núcleo e alguén máis <i>Fogares compostos por dous ou máis núcleos</i>
Fogares con menores a cargo	Todas as persoas que non son consideradas adultas
Fogares segundo a persoa sustentadora principal	Persoa sustentadora principal é a persoa membro do fogar que tivo os maiores ingresos no ano natural anterior á realización da enquisa. No caso de ser varias as que tiveran o mesmo ingreso máximo, a persoa sustentadora principal será aquela que teña a menor idade delas.
Fogares en risco de pobreza	Taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza.
Dependencia	Segundo sexo e por provincias: • Índice de dependencia global • Índice de dependencia xuvenil (menores de 15 anos) • Índice de dependencia senil (maiores de 64 anos)
Ingreso medio mensual do fogar	É a media mensual dos ingresos netos monetarios de todos os membros do fogar no ano natural anterior á realización da enquisa, sexan estes regulares ou non.

Áreas	As áreas definidas a partir da edición 2008 da Enquisa estrutural a fogares son: <i>Provincia da Coruña</i> • Ferrol-Eume-Ortegal: comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. • Área da Coruña: comprende as comarcas da Coruña e Betanzos. • Área da Costa da morte: comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas. • A Coruña suroriental: comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide. • Área de Santiago: comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago. • A Barbanza-Noia: comprende as comarcas da Barbanza e Noia. <i>Provincia de Lugo</i> • Lugo oriental: comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria. • Lugo sur: comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos. • Lugo central: comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá. • A Mariña: comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental. <i>Provincia de Ourense</i> • O Carballiño-O Ribeiro: comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro. • Ourense central: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras. • Ourense sur: comprende as comarcas da Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana. • Área de Ourense: comprende a comarca de Ourense. <i>Provincia de Pontevedra</i> • Pontevedra nororiental: comprende as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes. • Pontevedra sur: comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado. • Área de Pontevedra: comprende a comarca de Pontevedra. • Caldas-O Salnés: comprende as comarcas de Caldas e O Salnés. • Área de Vigo: comprende a comarca de Vigo. • O Morrazo: comprende a comarca do Morrazo.
-------	--


Anexo 2. Capítulo VII

Gráfico 216. Evolución beneficiarios Renda de inclusión social de Galicia (RISGA).




Fonte: Consellería de Política Social e Xuventude

Gráfico 217. Evolución beneficiarios das Axudas de inclusión social de Galicia (AIS).




Fonte: Consellería de Política Social e Xuventude

Gráfico 218. Número de beneficiarios segundo tipo de prestación. Galicia 2022.




Fonte: Consellería de Política Social e Xuventude

Gráfico 219. Número de beneficiarios segundo tipo de prestación. Galicia e provincias 2022.




Fonte: Consellería de Política Social e Xuventude

Gráfico 220. Prestacións persoas con resolución PIA 31.12.2022. Galicia.




Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do RUEPSS (Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais) Consellería de Política Social e Xuventude

Gráfico 220. Comparativa peso porcentual prestacións Galicia-España 31.12.2022.




Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do RUEPSS (Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais) Consellería de Política Social e Xuventude

Gráfico 222. Evolución persoas valoradas como dependientes con Servizo de Axuda no Fogar. Galicia 2008-2022.




Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030

Gráfico 223. Peso porcentual de persoas valoradas dependientes con SAF. Galicia e España. 2008-2022.



Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030


Gráfico 224. Número de horas anuais SAF. Comarcas. Galicia 2022.



(Inclúe SAF persoas valoradas como dependentes e libre concorrencia)

Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do RUEPSS (Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais) Consellería de Política Social e Xuventude

Gráfico 225. Número de horas anuais SAF por habitante. Comarcas. Galicia 2022.



(Inclúe SAF persoas valoradas como dependentes e libre concorrência)

Fonte: Elaboración Propia a partires dos datos do RUEPSS (Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais) Consellería de Política Social e Xuventude



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE POLÍTICA
SOCIAL